

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA XUNTA DE GALICIA

Revisión e actualización 2023

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	1
2	CARACTERIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN. DIAGNOSE DE SITUACIÓN.....	6
2.1	Misión, visión e valores	6
2.2	Organización e funcionamento da Administración autonómica.....	10
2.2.1	Organización.....	10
2.2.2	Recursos humanos da Administración autonómica	11
2.2.3	Recursos Económicos	12
2.2.4	Marco normativo.....	12
2.3	As medidas do "ciclo da fraude".....	16
2.3.1	Medidas de prevención	16
2.3.2	Medidas de detección.....	17
2.3.3	Medidas de corrección	18
2.3.4	Medidas de persecución	18
2.4	Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos.....	19
2.4.1	O Consello da Xunta de Galicia	19
2.4.2	As consellerías, os centros directivos e as entidades	19
2.4.3	Órganos transversais implicados na integridade	21
3	COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL..	26
3.1	Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética pública e coas medidas antifraude	26
3.1.1	A adopción dunha declaración institucional de compromiso coa cultura da integridade	26
3.1.2	A manifestación expresa dos responsables públicos.....	26
3.1.3	As referencias á integridade na planificación estratéxica	27
3.1.4	A difusión e a formación en materia de integridade institucional	27
3.2	Medidas relativas ao sistema de prevención dos conflitos de intereses.....	27
3.2.1	Réxime xeral do conflito de intereses de aplicación ao persoal que teña a condición de alto cargo.....	27
3.2.2	Réxime do conflito de intereses para o persoal empregado público.....	30
3.2.3	Previsións procedementais relativas ao conflito de intereses	30
3.3	O sistema interno de información e a <i>Canle de denuncias</i> da Xunta de Galicia	32
3.3.1	Investigación das comunicacións	35
3.3.2	Tratamento das comunicacións.....	36
3.3.3	O Comité de Ética	37
3.4	Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos.....	37
4	IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DOS RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE....	38
4.1	Definicións.....	38
4.2	Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.....	39
4.2.1	Diagnóstico xeral da organización.....	39
4.2.2	Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización	41
4.3	Análise de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade	52
4.3.1	Identificación, análise e avaliación de riscos	52
4.3.2	Aprobación do plan de prevención de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade.....	57
4.3.3	Mecanismos de detección a través de "bandeiras vermellas"	57
5	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	61
5.1	Seguimento, supervisión e avaliación	61
5.2	Actualización e revisión	61
5.3	Comunicación e difusión.....	62
6	ANEXO I_MODELOS DE DECLARACIÓN DA AUSENCIA OU EXISTENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES	63
6.1	Modelo I.A. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos.....	63

6.2	Modelo I.B. Declaración da ausencia de conflito de intereses para o persoal empregado público.....	66
6.3	Modelo II. Declaración da confirmación da ausencia de conflito de intereses.....	68
6.4	Modelo III. Declaración da existencia de conflito de intereses.....	69
7	ANEXO II_METODOLOXÍA	71
7.1	Presentación	71
7.2	Instrucións para cubrir a matriz.....	73
7.3	Matriz de riscos	82
8	ANEXO III_PARTICULARIDADES EN MATERIA DE INTEGRIDADE PARA A XESTIÓN DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA	93
8.1	Normativa.....	93
8.2	Definicións.....	95
8.3	Medidas do ciclo da fraude	97
8.4	Declaración de cumprimento dos órganos responsables	98
8.5	Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización.....	98
8.6	Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización.....	99
8.7	Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de intereses.....	117
8.8	Formación específica nos centros directivos que xestionen fondos PRTR.....	121
8.9	Test de autoavaliación do risco nos procedementos de xestión.....	122
8.10	Modelos de declaración da ausencia ou existencia de conflito de intereses.....	123
8.10.1	Modelo I.A.1. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos. Fase de preparación nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.....	123
8.10.2	Modelo I.A.2. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos. Fase de valoración nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.....	126
8.10.3	Modelo I.A.3. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos. Encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución. ...	129
8.10.4	Modelo I.B.1 Declaración da ausencia de conflito de intereses para o persoal empregado público. Fase de preparación nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.	132
8.10.5	Modelo I.B.2 Declaración da ausencia de conflito de intereses para o persoal empregado público. Fase de valoración nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.	134
8.10.6	Modelo I.B.3 Declaración da ausencia de conflito de intereses para o persoal empregado público. Encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución.....	137
8.10.7	Modelo II.A Declaración de confirmación da ausencia de conflito de intereses. Fase de valoración nos procedementos de contratación e concesión de subvencións. .	139
8.10.8	Modelo II.B Declaración de confirmación da ausencia de conflito de intereses. Fase de preparación nos procedementos de contratación e concesión de subvencións e encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución.	140
8.10.9	Modelo III.A Declaración da existencia de conflito de intereses. Fase de preparación nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.....	141
8.10.10	Modelo III.B. Declaración da existencia de conflito de intereses. Fase de valoración nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.....	143
8.10.11	Modelo III.C Declaración da existencia de conflito de intereses. Encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución.....	146
8.11	Matriz de riscos	148

SIGLAS E ABREVIATURAS

PMII	Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024
PXMA	Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude
DACI	Declaración da ausencia de conflito de intereses
DECI	Declaración da existencia de conflito de intereses
MRR	Mecanismo de Recuperación e Resiliencia
PRTR	Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

1 INTRODUCCIÓN

O presente plan configúrase como un instrumento do sector público autonómico galego que ten por finalidade a xestión e avaliación dos riscos de xestión, incluída a fraude, para dar soporte aos procesos de planificación, toma de decisións e execución das actividades que realiza a administración autonómica e como tal serva de guía para os plans de prevención de riscos que se adopten na comunidade autónoma previstos no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 (PMII) aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 26 de maio de 2021.

Deste xeito ,e en coherencia co compromiso das súas políticas públicas, xa no ano 2020 a Xunta de Galicia estableceu un sistema de integridade institucional no IV Plan de Gobierno Abierto, aprobado o 29 de outubro de 2020.

En base ás previsións do PMII, o goberno aprobou o 10 de decembro de 2021, sendo a primeira administración en España, o seu Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude, que agora é obxecto de revisión.

Galicia alinéase así cos valores da ética pública, adiantándose no seu cumprimento a outras administracións, proclamados nos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) aprobados polas Nacións Unidas en 2015, coas recomendacións do Consello de la OCDE sobre Integridade Pública, aprobadas en 2017, e coas últimas recomendacións do Grupo de Estados Contra la Corrupción (GRECO), órgano creado no seo do Consello de Europa.

Os mecanismos e as medidas que se detallan neste plan son de aplicación á totalidade da actividade realizada polo conxunto dos xestores, incluídas as obrigas vinculadas á xestión das actuacións que son financiadas cos Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU aprobado polo Consello de Europa o 21 de xullo de 2020 e, particularmente polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) desenvolvido mediante o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e ratificado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021. As particularidades en materia de integridade para os fondos MRR concréntanse no Anexo III.

Por outra banda, mentres non se aproben os desenvolvementos normativos no novo Marco Operativo 2021-2027, este plan poderá utilizarse inicialmente para a xestión dos ditos fondos no que sexa compatible coa súa normativa reguladora.

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude (en diante, plan xeral de prevención ou PXMA) ten por obxecto acadar un modelo de organización pública orientada ao cumprimento dos principios de responsabilidade, transparencia, optimización dos recursos, integridade institucional e medidas antifraude para unha boa xestión dos recursos públicos.

O plan xeral de prevención enmárcase dentro da infraestrutura ética configurada no Programa marco de integridade institucional e nos principios de xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

Son de aplicación directa ao presente plan as seguintes normas e programas:

- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral de Unión (Regulamento Financeiro).
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización del sector público autonómico.
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.
- Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 do 26 de maio de 2021.

A aprobación do plan xeral de prevención do 10 de decembro de 2021, así como a súa revisión actual, están condicionadas por un conxunto de factores normativos que dependen da aprobación de lexislación básica por parte da Administración xeral do Estado, en particular pola eventual modificación da Lei de transparencia estatal, cuxos traballos xa foron iniciados, pola reforma da normativa de incompatibilidades e pola regulación estatal dos grupos de interese. Na data de revisión deste plan, a dita normativa aínda no foi aprobada, polo que a dita ausencia de marco regulatorio condiciona a implementación dalgunhas das posibles medidas.

Ámbito de aplicación

1. Este plan xeral será de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao sector público autonómico nos termos definidos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Para os efectos deste plan identificaranse como "centro directivo" a todas as secretarías xerais, secretarías xerais técnicas e direccións xerais ou equivalentes que forman parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, identificarase como "entidade" a todas as entidades instrumentais incluídas no apartado 1.

Proceso de implantación do plan

O plan recolle unha análise dos principais riscos de xestión detectados, que afectan a toda a organización, e unha serie de medidas de minimización, atenuación ou redución

dos devanditos riscos, que resultan aplicables a todos os centros directivos e entidades definidos no seu ámbito de aplicación.

Porén, unha correcta metodoloxía esixe que en cada centro directivo e entidade se realice unha axeitada e individualizada análise e avaliación dos riscos en función da súa actividade, polo que este plan xeral de prevención debe completarse con plans das vicepresidencias e consellerías, que serán aprobados pola persoa titular respectiva e estarán integrados polos plans específicos dos centros directivos e entidades adscritos a elas.

Dadas as particularidades das fundacións do sector público autonómico e das sociedades mercantís públicas autonómicas, os seus documentos *Compliance* poderán identificarse para os efectos deste plan xeral de prevención como os seus plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Así, as fundacións e as sociedades do sector público autonómico, poderán optar por elaborar os ditos documentos tendo en conta as previsións do artigo 31 bis do Código Penal, e incorporalos mediante addenda aos plans de prevención de riscos de xestión de nivel superior correspondentes en virtude da súa adscrición, ou ben por elaborar un plan específico de prevención de riscos de xestión ao abeiro deste plan xeral de prevención (sen prexuízo dos trámites adicionais que se establezan nos seus estatutos), tendo en conta que neste caso non se producirán os efectos sinalados no dito artigo 31 bis do Código Penal.

En particular, cómpre facer unha análise polo miúdo dos riscos do plan xeral de prevención que poden afectar a cada centro directivo e entidade en materia de contratación e subvencións para identificar, se é o caso, novos riscos non descritos neste plan xeral de prevención.

Adicionalmente, en función das peculiaridades de cada centro directivo e entidade, atenderase a outros posibles riscos de xestión non detallados neste plan xeral de prevención. Outro tipo de competencias, como as autorizatorias ou as de regulación, fan precisa unha análise e avaliación propia dos eventuais riscos aos que están sometidas as ditas actividades, e das particularidades de cada organización que as presta.

En calquera caso, cada centro directivo e entidade realizará unha avaliación individualizada dos riscos asumidos.

Na identificación e avaliación dos riscos, así como na implantación das medidas faise precisa a implicación do persoal de cada centro directivo no seu diagnóstico e elaboración.

Transcorrido algo máis dun ano dende a aprobación do primeiro plan xeral de prevención aprobado na Comunidade Autónoma de Galicia o 10 de decembro de 2021, e unha vez superada a súa primeira fase de implantación coa aprobación e publicación dos plans de prevención das consellerías con centros directivos e entidades con responsabilidades de xestión de fondos do MRR, ademais dos plans doutras que, non estando incluídas na primeira fase, aprobaron igualmente os seus plans de prevención en virtude do seu compromiso coa política de integridade da Xunta de Galicia (no

momento de revisión deste plan xeral de prevención 67 centros directivos e entidades dispoñían dos seus plans específicos), cómpre realizar un esforzo nunha vertente tripo:

- a) Impulso naqueles centros directivos e entidades que aínda non teñen incorporado o seu propio plan ao da vicepresidencia ou consellería da que dependen ou están adscritas, con independencia da tipoloxía de fondos que teñan que xestionar, co propósito de avanzar no cumprimento dos prazos definidos no PXMA do 10/12/2021 en referencia á planificación prevista no PMII, e acadalos no menor tempo posible.
- b) Revisión e ampliación dos plans daqueles centros directivos e entidades que os enfocaron unicamente á actividade financiada con fondos do MRR.
- c) Incorporación dunha avaliación de riscos individualizada en todos os plans.

En consecuencia, revísase e actualízase o plan anterior, que queda substituído por este novo plan.

Definicións

No presente plan adóptanse as seguintes definicións:

SISTEMA DE INTEGRIDADE INSTITUCIONAL: marco de comportamento ético das persoas que teñan a consideración de alto cargo e persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público autonómico. O sistema autonómico de integridade institucional está conformado polo Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión, o Código ético institucional, os plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude e o Sistema interno de información.

Son valores inspiradores do sistema de integridade institucional o servizo ao interese xeral, a integridade, a imparcialidade, a transparencia, a confidencialidade, a dilixencia e a calidade, a responsabilidade, a igualdade, a dedicación ao servizo público, a exemplaridade e a honradez.

CONFLITO DE INTERESES: situación na que os principios de obxectividade e neutralidade que han de rexer o exercicio profesional están comprometidos por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo, directo ou indirecto, de interese persoal. Porén, deben distinguirse tres situacións diferenciadas, o conflito de intereses real, o aparente e o potencial.

CONFLITO DE INTERESES APARENTE: o conflito prodúcese cando os intereses privados dun empregado ou empregada pública son susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo das súas funcións ou obrigas, aínda que finalmente non se atope un vínculo identificable e individual con aspectos concretos da conduta, o comportamento ou as relacións da devandita persoa (ou unha repercusión nos devanditos aspectos).

CONFLITO DE INTERESES POTENCIAL: o conflito prodúcese cando un empregado ou empregada pública ten intereses privados de tal natureza que poderían ser susceptibles de ocasionar un conflito de intereses no caso de que tivese que asumir nun futuro determinadas responsabilidades oficiais.

CONFLITO DE INTERESES REAL: prodúcese cando existe un conflito entre o deber público e os intereses privados cando un empregado ou empregada pública ten intereses persoais que poden influír de maneira indebida no desempeño dos seus deberes e responsabilidades oficiais.

FRAUDE EN MATERIA DE GASTOS: segundo a normativa europea, consiste en calquera acción ou omisión intencionada, relativa: 1) á utilización ou á presentación de declaracións ou de documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a percepción ou a retención indebida de fondos procedentes do orzamento xeral das Comunidades Europeas ou dos orzamentos administrados polas Comunidades Europeas ou pola súa conta. 2) ao incumprimento dunha obrigaación expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto. 3) ao desvío deses mesmos fondos con outros fins distintos daqueles para os que foron concedidos nun principio.

A existencia dunha irregularidade non sempre implica a posible existencia de fraude; a concorrencia de intencionalidade é un elemento esencial na fraude, elemento que non é preciso que se dea para que exista irregularidade. Porén, enténdese incluído no concepto de fraude en materia de gastos calquera acción ou omisión incluída nas condutas indicadas no parágrafo anterior, con independencia da tipoloxía dos fondos aos que afecten, incluíndo os fondos propios da Comunidade Autónoma.

IRREGULARIDADE: toda infracción dunha disposición de dereito correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico que teña ou tería por efecto prexudicar os orzamentos administrados pola Comunidade Autónoma, ben sexa mediante a diminución ou a supresión de ingresos procedentes de recursos propios, ben mediante un gasto indebido.

DOBRE FINANCIAMENTO: concorrencia no financiamento dun gasto concreto de distintos tipos de fondos públicos, xa sexan europeos, nacionais ou autonómicos, sempre que se cubra o mesmo gasto ou custo.

CANLE DE DENUNCIAS: canle electrónica habilitada para a comunicación de informacións sobre condutas ou situacións que afecten ao sistema de integridade institucional.

BUZÓN DE INTEGRIDADE: canle electrónica habilitada para que o persoal empregado público poida solicitar información o consultar interpretacións ou concrecións en materia de integridade institucional.

BANDEIRA VERMELLA: sinal de alarma ou indicador da posibilidade de que poida existir un risco de fraude.

2 CARACTERIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN. DIAGNOSE DE SITUACIÓN

2.1 Misión, visión e valores

Galicia constituíuse en comunidade autónoma para acceder ao autogoberno en 1981, de conformidade coa Constitución Española e co Estatuto de Autonomía, que é a súa norma institucional básica, e a través da cal se asumiron funcións e competencias en diversas materias, optando a nosa comunidade autónoma por asumir o máximo teito de competencias e a xestión dos distintos servizos públicos no seu territorio.

A Xunta de Galicia configúrase como o órgano colexiado de goberno de Galicia, dende a dobre perspectiva de órgano de dirección política e de organización administrativa, con funcións executivas de carácter administrativo, a través da que se fai efectiva a prestación dos servizos públicos para a cidadanía.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é o nome que recibe a persoa xurídica pública na que se integra a Xunta de Galicia e que, baixo a dirección desta, ten por finalidade servir con obxectividade os intereses xerais da Comunidade Autónoma, e garantir o acceso da cidadanía a uns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades de toda a cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade da Xunta de Galicia.

Ademais destes principios inspiradores da actuación da Xunta de Galicia, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece que a organización e a actividade da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico responden ao principio de división funcional. Na súa organización observanse os seguintes principios:

- a) Xerarquía
- b) Descentralización
- c) Desconcentración
- d) Coordinación
- e) Eficacia e eficiencia
- f) Simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade á cidadanía

No ano 2015, por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de xaneiro, aprobouse o Programa de Impulso Democrático que tiña como finalidade:

- Incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública, a través de obrigas de publicidade activa na Administración xeral e nas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- Recoñecer e garantir o acceso á información, regulado como un dereito, e ampliar os contidos de publicidade activa.
- Regular os gobernos en funcións.
- Establecer as obrigas do bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento.
- Establecer un réxime de conflitos de intereses.

Este programa supuxo a aprobación de cinco leis e 50 medidas no eido da participación cidadá e dos partidos políticos, con medidas de control externo e medidas no ámbito interno do propio goberno e da propia Administración. Entre as leis aprobadas debe destacarse:

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción. Con estas lei dotouse a este órgano de control externo de facultades en materia de prevención da corrupción, creando no seu seo unha sección encargada de impulsar os plans de prevención de riscos da corrupción e colaborar coas administracións galegas na elaboración de normas internas sobre prevención deses riscos.

A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas. Este texto legal modifica e dá maior transparencia ao financiamento de partidos políticos.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ademais de incrementar as obrigas de publicidade activa, aumentou tamén as obrigas de transparencia das persoas que ocupan os altos cargos, coa obriga de publicar os datos patrimoniais tanto no momento de tomar posesión no cargo como no momento de cesar, así como de facer pública a súa actividade privada nos dous anos previos ao seu nomeamento e nos dous anos posteriores ao seu cesamento; e introduciu a regulación dos conflitos de intereses.

Precisamente segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os principios sobre os que debe de interpretarse a norma legal figuran os principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

Completando o marco normativo derivado do Plan de Impulso democrático, e como clara manifestación de vontade do compromiso de boa xestión, o 16 de novembro de 2018 asinouse un protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia. O dito protocolo ten por obxecto fixar un marco de colaboración institucional permanente entre as institucións

asinantes coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

O criterios de integridade e ética pública no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública da administración autonómica son os principios asumidos expresamente polo goberno galego coa aprobación do PMLI do 26 de maio de 2021 que, a través de 24 medidas, establece os elementos do marco de infraestrutura ética ao que se somete a acción do goberno, a dos seus responsables máximos e a do conxunto do persoal empregado público.

No últimos corenta anos a administración galega foi quen de ir avanzando e conformándose nunha administración moderna que tenta responder cos máximos estándares de calidade á prestación dos servizos públicos que xestiona.

Resulta obvio que a estabilidade política dun territorio garante unha mellor prestación dos servizos públicos, e dende esa perspectiva a Xunta de Galicia pode configurarse como un goberno experimentado que leva máis de 13 anos xestionando os servizos públicos con continuidade e co obxectivo de mellorar a acción pública que se desenvolve cara a cidadanía.

Diversos organismos de control teñen cualificado a elevada variabilidade temporal das persoas que ocupan os altos cargos como un risco da organización. A estabilidade política en termos de integridade, ética pública e ausencia de fraude tamén esta avaliada por unha continuidade no tempo de boa parte do persoal directivo público e que, a maiores, ao longo dun período dilatado, non se viu involucrado en escándalos que afectasen a reputación da Administración galega. Os escasos sucesos que afectaron a imaxe pública da comunidade autónoma polo comportamento dos seus altos cargos foron atallados dende o primeiro momento con cesamentos no ámbito das responsabilidades na administración pública ou nos cargos de carácter político no partido que ostenta a maioría parlamentaria que sustenta o goberno, e na meirande parte dos casos eses presuntos incidentes de comportamentos contrarios á ética pública remataron con pronunciamentos xudiciais de absolución.

Sen dúbida, o transcorrer dun tempo alongado sen que se teñan producido comportamentos contrarios á integridade e á ética pública, unido á longa traxectoria profesional de moitos das persoas que ocupan os altos cargos que dirixen a administración e que, polo tanto, incorporan a experiencia e a ausencia de conflitos no seu desempeño, constitúen alicerces importantes nunha xestión pasada, presente e futura afastada da fraude e sustentada na integridade e no desempeño ético.

O actuar da Administración autonómica tamén ven sendo avaliado positivamente por axentes externos á propia administración.

Así, tanto as auditorías da Unión Europea como o seguimento do actual e dos anteriores programas operativos presentan baixos indicios de irregularidades e incidencias, ademais dun elevado grao de cumprimento na execución.

O informe elaborado polo Consello de Contas, verifica no ano 2019 con ocasión do “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estranxeira de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral” as seguintes valoracións:

“3.3. Adiantándose ás conclusións deste estudo, esta valoración global pon de manifesto que na Administración autonómica existen medidas e realizáronse accións e esforzos propios dun sistema de integridade institucional, como serían a normativa sobre transparencia e bo goberno, incompatibilidades de altos cargos, a aprobación dun código ético institucional, a esixencia de adhesión de altos cargos, unha comisión de avaliación do código ético, ou un control económico financeiro de conformidade coas disposicións establecidas na normativa aplicable, pero que estas accións illadas necesitan dun impulso para constituír un sistema consolidado, integrado cos procesos institucionais e suxeito a autoavaliación e mellora continua”.

En coherencia co anterior a conclusión global á que chega o Consello de Contas é a seguinte:


“3.43.1. En termos xerais, a valoración global dos sistemas de control interno pon de manifesto que na Administración autonómica existen medidas e realizáronse accións e esforzos propios dun sistema de control interno e integridade institucional, pero que estas accións necesitan dun impulso para constituír un sistema consolidado, integrado cos procesos institucionais e suxeito a autoavaliación e mellora continua.”

Como resultado deste traballo o Consello de Contas recomenda varias accións entre as que destaca en primeiro lugar:

“5.1 Recoméndase aprobar un programa de integridade institucional e prevención de riscos que articule os elementos de política de integridade ou infraestrutura ética (código ético e de conduta, comité de ética, canles de denuncias) e de xestión de riscos (órganos e plans de prevención de riscos de xestión) e dote dunha armazón común a todos os centros da Administración e as súas entidades dependentes para o desenvolvemento deses plans.”

Resultado desa recomendación e froito do traballo realizado na Administración autonómica apróbase o 26 de maio de 2021 o Programa marco de integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 ao que se fixo referencia, que inclúe no seu eixo 4 a elaboración dos plans de prevención de riscos de xestión.

A finais do ano 2022 o seguimento deste PIII presentaba os seguintes resultados de cumprimento:



Posteriormente, segundo consta no “Informe de avaliación dos sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Administración xeral. Exercicio 2022” do 10 de maio de 2023, a Administración ten aceptado e aplicado, total ou parcialmente, todas as recomendacións formuladas anteriormente polo Consello de Contas.

Ademais, con esta revisión e actualización do plan xeral de prevención asúmense boa parte das recomendacións novas incluídas no devandito informe.

2.2 Organización e funcionamento da Administración autonómica

2.2.1 Organización

O sector público autonómico está integrado pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dependentes dela ou doutras entidades respecto das cales a Administración exerce xuridicamente unha posición de dominio.

A organización da Xunta de Galicia na actualidade establécese ao máximo nivel no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que mudou a configuración vixente no momento de aprobarse o primeiro PXMA do 10 de decembro de 2021. Actualmente, identifícanse as seguintes vicepresidencias e consellerías, atendendo ao principio de división material de competencias:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (anterior Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación).
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (anterior Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo).
- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (anterior Consellería de Cultura, Educación e Universidade).
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (anterior Consellería de Emprego e Igualdade).
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Política Social e Xuventude (anterior Consellería de Política Social).
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.

EQUIVALENCIA ESTRUCTURA XUNTA DE GALICIA 2023-2021	
Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia	Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación	Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
Consellería de Facenda e Administración Pública	Consellería de Facenda e Administración Pública
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	Consellería de Emprego e Igualdade
Consellería de Sanidade	Consellería de Sanidade
Consellería de Política Social e Xuventude	Consellería de Política Social
Consellería do Medio Rural	Consellería do Medio Rural
Consellería do Mar	Consellería do Mar

O seguinte nivel de estrutura ven determinado nas seguintes normas:

- Decreto 72/2022, do 25 de maio, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Cada un deses órganos ten o seu decreto de estrutura orgánica aprobado ou actualizado, na meirande parte dos casos, no ano 2022.

Neste paquete normativo quedan previstas as correspondentes adscricións de órganos superiores, órganos de dirección e entidades instrumentais, en función das súas competencias materiais.

O computo de órganos superiores e de dirección ascende a 73 (consellerías, secretarías xerais, secretarías xerais técnicas e direccións xerais) e 32 entidades instrumentais (excluídas as fundacións e as sociedades mercantís).

2.2.2 Recursos humanos da Administración autonómica

Segundo os últimos datos dispoñibles no momento de revisión deste plan a dotación de recursos humanos é a seguinte:

Administración xeral e entes instrumentais	Docencia non universitaria	Sanidade	Xustiza	Total
15.805	35.178	37.840	2.956	91.779

A dita dotación está formada por un 28,3% de homes e un 71,7% de mulleres, mais existe unha presenza equilibrada entre homes e mulleres nos postos directivos.

2.2.3 Recursos Económicos

No momento de revisión deste plan xeral de prevención, a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 presenta un orzamento consolidado de 14.167.171.153 euros.

Galicia presenta a mellor posición (xunto con Estremadura) na opinión sobre a transparencia fiscal das administracións públicas, segundo o informe de opinión da Autoridade Independente de Responsabilidad Fiscal en abril de 2021.

Ademais, o 28 de outubro de 2022 a Autoridade Independente de Responsabilidad Fiscal validou as previsións financeiras do proxecto de lei de orzamentos para 2023.

2.2.4 Marco normativo

Os elementos básicos, sobre os que se asenta este PXMA son unha identificación e avaliación do risco de fraude, cumprimentar a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), a dispoñibilidade dun procedemento para abordar os conflitos de intereses e o sistema interno de información sobre supostas condutas contrarias ao sistema de integridade.

Con respecto ao marco normativo cabe facer referencia aos bloques derivados da normativa estatal de aplicación en Galicia e á normativa propiamente autonómica.

2.2.4.1 Normativa europea e estatal

A Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión a través do dereito penal, que establece as normas mínimas relativas á definición das infraccións penais e das sancións relativas á loita contra a fraude e outras actividades ilegais que afectan aos intereses financeiros da Unión e que realiza a definición legal de corrupción activa e pasiva para os efectos da propia directiva.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014: A transposición da normativa comunitaria incrementa os elementos de publicidade, transparencia e concorrència na contratación pública e introduce elementos que son propios da loita contra a fraude como a regulación das prohibicións de contratar e os conflitos de intereses. Introduce adicionalmente o artigo 64, especificamente dedicado á loita contra a corrupción e á prevención e detección de conflitos de

intereses que poidan influír negativamente na transparencia do procedemento e na igualdade de trato dos licitadores.

O artigo 332 crea a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, como órgano que debe centralizar a información e difundir as boas praxes na contratación.

A **Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LGS)**, establece a obrigatoriedade da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) como ferramenta que garante a publicidade e transparencia no procesos de concesión de axudas e como elemento de loita contra a fraude e o dobre financiamento.

Regula tamén o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, configurado como o órgano encargado de coordinar as accións encamiñadas a protexer os intereses financeiros da Unión Europea contra a fraude, en colaboración coa Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF). Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Dirixir a creación e posta en marcha das estratexias nacionais e promover os cambios legislativos e administrativos necesarios para protexer os intereses financeiros da Unión Europea, b) identificar as posibles deficiencias dos sistemas nacionais para a xestión de fondos da Unión Europea, c) establecer as canles de coordinación e información sobre irregularidades e sospeitas de fraude entre as diferentes institucións nacionais e a OLAF, e d) promover a formación para a prevención e loita contra a fraude.

A **Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción**, ditada para a transposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión, e que regula os sistemas internos e externos de información destas infraccións.

2.2.4.2 Normativa autonómica

A **Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia (LSG) e o seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro**. A lei regula as causas de reintegro, incluídas aquelas susceptibles de ser cualificadas como fraude, e o réxime de infraccións e sancións administrativas.

A **Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia**, que ten por finalidade conseguir unha maior racionalización e axilización administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte

da Administración xeral e das súas entidades instrumentais regulando os seus principios reitores, a organización e o réxime xurídico.

A **Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico**, que inclúe, entre outros mecanismos para optimizar os recursos públicos e a eficacia e eficiencia na xestión, un título específico dedicado á racionalización e redución de custos na contratación do sector público (contratación eficiente e centralizada, contratación electrónica, contratación transparente e que fomente a competencia, contratación accesible ás PEMES, contratación responsable, etc.).

A **Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración**, que ten por obxecto garantir á cidadanía a prestación de servizos públicos de calidade, así como una administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade e obxectividade, en particular a través de mecanismos tales como unha canle de queixas e suxestións ou as cartas de servizos.

A **Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**, que establece como principios xerais de actuación do persoal empregado público os de legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do contorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes. Ademais, o artigo 74 establece un completo código de conduta con diversas obrigas, entre as que destaca a de exercer as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público, absténdose non so de condutas contrarias a el, senón de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos como aqueles nos que teña un interese persoal, así como absterse de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de xerar conflitos de intereses co seu posto público.

A **Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**, que ten un dobre obxecto: por un lado regular a transparencia e publicidade activa da actividade pública; e por outro, establecer o réxime xurídico das obrigas de bo goberno que debe cumprir o sector público autonómico, así como as persoas que ocupen altos cargos, incluíndo o seu réxime de incompatibilidades, de conflito de intereses e de control do seus bens patrimoniais. Esta lei, en palabras do Consello de Contas “prestou unha adecuada atención á xestión dos conflitos de intereses dos altos cargos, co establecemento de políticas e procedementos para o seu control. Ao servizo do control destes conflitos de intereses régúlase na lei o réxime de actividades e incompatibilidades, o deber de abstención, as limitacións de actividades posteriores ao cesamento, as declaracións e rexistro de actividades e bens patrimoniais; publicar, dentro da información institucional, as axendas da actividade institucional pública dos

membros da Xunta de Galicia e das persoas que ocupen altos cargos e, no Código ético, a prohibición de regalos ou dádivas. Existe tamén unha unidade –Oficina de boas prácticas e incompatibilidades– encargada de xestionar o réxime de incompatibilidades e conflitos de intereses dos altos cargos e coñecer das denuncias por posibles incumprimentos”.

A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que lle atribúe á Asesoría Xurídica Xeral competencias sobre a elaboración, o informe e o cumprimento dos plans de prevención de riscos de corrupción.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, encomendoulle a esta institución a competencia para colaborar coas entidades do sector público na elaboración de instrumentos internos de xestión de riscos, no deseño e implantación dos sistemas de prevención da corrupción, e na avaliación sistemática dos plans de prevención de riscos que se adopten.

De cara a ese obxectivo da promoción da integridade, o Consello de Contas asume un papel proactivo de impulso e proposta ás entidades públicas con competencias diferentes da fiscalización, e de carácter eminentemente preventivo, sen facultades de investigación nin represión, que busca como resposta integral e documentada a elaboración de programas e plans de prevención da corrupción nas entidades públicas.

2.2.4.3 Acordos do Consello da Xunta de Galicia relativos á integridade institucional

O **Código ético institucional da Xunta de Galicia**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de xullo de 2014, que contén os principios básicos de conduta aos que deben someterse as persoas que ocupen os altos cargos e o persoal empregado público e introduce a dimensión ética no desempeño da actividade administrativa, con obrigas como a da defensa da dignidade da Administración autonómica, a imparcialidade e obxectividade no exercicio dos cargos, a obriga ter en conta criterios de proporcionalidade nas viaxes realizadas ou da axenda pública ou a prohibición expresa de regalos e dádivas cun réxime específico de declaración dos regalos que se configuran como mostras de cortesía social ou atencións meramente protocolarias, incide no uso responsable dos medios e recursos públicos e regula un réxime de incompatibilidades e conflito de intereses.

O **Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector públicos autonómico de Galicia 2021-2023** aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 4 de

marzo de 2021 introduce o elemento ético na planificación e a obriga de aprobar un programa de ética institucional e avanzar no proceso de aprobación dos plans de riscos de xestión.

O Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021/2024 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 26 de maio de 2021, recolle a través de 6 eixos (Cultura institucional, Ética institucional, Recursos Humanos e compromiso coa competencia profesional, Plans de prevencións de riscos de xestión, Consolidación da administración dixital e Calidade normativa) un total de 24 medidas, das que boa parte se integraran neste plan antifraude.

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de decembro de 2021, que foi o primeiro plan global dunha administración autonómica nesta materia.

2.3 As medidas do “ciclo da fraude”

O plan xeral de prevención debe ter en conta as accións a acometer no denominado como “ciclo antifraude” que se concretan en medidas de prevención, detección, corrección e persecución.

Estas medidas son o requirimento mínimo establecido tanto pola Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como polos estándares definidos na normativa europea e son desenvoltas a nivel de toda a organización e de cada centro directivo e entidade.

Como consecuencia da aprobación do PXMA do 10 de decembro de 2021, varias das medidas xa foron implantadas na organización, pero nesta revisión do plan xeral de prevención mantéñense igualmente ao conservaren a súa vixencia con efectos plenos.

2.3.1 Medidas de prevención

- a) O 10 de decembro de 2021 o Consello da Xunta de Galicia adoptou a declaración institucional de integridade e compromiso ético, como vía para formalizar o compromiso do goberno galego coas políticas de integridade (<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>).
- b) Incorporar nos plans que aprobe a Xunta de Galicia as declaracións sobre a integridade no marco sectorial concreto do plan.
- c) Regular, de conformidade coa normativa básica estatal ou de desenvolvemento autonómico, os grupos de interese que teñan como finalidade

influír profesionalmente nas políticas públicas e crear un rexistro de grupos de intereses.

- d) Divulgar a cultura da integridade na organización. En particular, o plan xeral de prevención está incorporado nos contidos do Manual de acollida para o persoal de novo ingreso.
- e) Formar ao persoal directivo público e ao restante persoal empregado público e concienciar de forma específica aos responsables de transparencia e aos responsables da xestión de fondos.
- f) Modificar o código ético con especial atención ao reforzo do compromiso das persoas que ocupan os altos cargos coa política de integridade e de loita contra a fraude.
- g) Establecer e implantar protocolos relativos ás declaracións de ausencia de conflitos de intereses e aos supostos de denuncia ou detección dun conflito.
- h) Establecer un catálogo de riscos xerais en materia de subvencións e contratación e das medidas (ou controis) redutoras ou atenuantes recomendadas.
- i) Establecer un catálogo de bandeiras vermellas para o seguimento dos plans específicos de prevención de cada centro directivo e entidade.
- j) Habilitar un buzón de integridade, mediante a creación dunha canle electrónica na que o persoal empregado público poderá consultar interpretacións e concrecións sobre o sistema de integridade institucional. Esta canle artículase a través do enderezo electrónico integridade@xunta.gal e non debe confundirse coa *Canle de denuncias*, habilitada para comunicar información sobre os supostos incumprimentos do sistema de integridade institucional.

2.3.2 Medidas de detección

- a) O 29 de xaneiro de 2022 habilitouse a *Canle de denuncias*, para recibir información relativa ao incumprimento da política de integridade institucional. Ademais, o 28 de abril de 2022 quedou constituído o Comité de Ética da Xunta de Galicia formado por persoas expertas no ámbito da integridade, como comisión encargada do asesoramento na xestión das comunicacións recibidas.
- b) Proposta de aprobación por cada centro directivo e entidade, dun plan de riscos específico que avalíe os indicadores que poidan supoñer un risco de eventual fraude. O plan específico de cada centro directivo e entidade incorporará os que están configurados como xerais no presente plan e os propios que poidan afectarlle en particular, e avaliará os riscos que lle sexan de aplicación, atendendo as súas circunstancias e a actividade concreta que leva a cabo.
- c) O 10 de decembro de 2021, xunto coa aprobación inicial do PXMA, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un modelo de plan específico. No proceso actual de revisión que da lugar a este novo plan que substitúe ao anterior (aprobado o 10 de decembro de 2021), inclúese unha previsión para facilitar modelos de plan específico

e doutro tipo de documentación, e incorpórase no Anexo II unha matriz de riscos que facilite a concreción da avaliación para cada centro directivo e entidade.

- d) Exame dos riscos potenciais nas áreas con maior probabilidade de risco de conformidade cos catálogos de riscos e medidas aprobados no documento técnico “Catálogo de riscos por área de actividade” aprobado polo Consello de Contas.
- e) Estender nos modelos de bases de subvencións e de pregos de cláusulas administrativas de contratación, a inclusión de medidas antifraude que permitan prever ou detectar situacións de risco.
- f) Establecemento de ferramentas informáticas de prospección e puntuación de eventuais riscos por parte dos órganos encargados de realizar os controis e as auditorías dos fondos.

2.3.3 Medidas de corrección

- a) Previsión de modificación do plan xeral ou plans específicos de prevención e medidas antifraude en función dos feitos ou dos incidentes detectados polas auditorías.
- b) AO órgano directivo ou a entidade afectada por un eventual incidente de fraude deberá avaliar a incidencia e a cualificación da fraude como sistémico ou puntual.
- c) Instrución e resolución das irregularidades que sexan comunicadas.
- d) Suspende a tramitación de proxectos nos que se teñan detectados supostos de fraude que non consistan en meras irregularidades administrativas.
- e) Facilitar modelos para a comunicación aos superiores da existencia dun conflito de intereses, que debe resolver por escrito a avaliación da concorrencia dun conflito de intereses, que se incorporan no Anexo I.

2.3.4 Medidas de persecución

- a) Establecemento dun protocolo interno a seguir coas informacións recibidas a través da *Canle de denuncias* e, de ser o caso, darlles traslado ao Ministerio Fiscal, á Fiscalía Europea, ao Consello de Contas, ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude; á OLAF, ou aos tribunais de xustiza segundo proceda.
- b) Establecemento dos órganos que trasladen os feitos afectados pola fraude, sospeita de fraude ou das medidas adoptadas ás autoridades decisorias ou á autoridade responsable.
- c) Cando as actuacións detectadas constitúan prácticas colusorias contrarias á competencia, remitir a investigación e eventual sanción á Comisión Galega da Competencia.
- d) Inicio dos procedementos de reintegro cando as actuacións produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.

2.4 Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

2.4.1 O Consello da Xunta de Galicia

O máximo órgano de goberno da comunidade autónoma asume como contido da acción pública un compromiso coa integridade institucional que ten os seus alicerces na aprobación do Código ético institucional no ano 2014, e do Programa de impulso democrático no ano 2015 entre cuxas medidas incluíron a aprobación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que tivo continuidade coa aprobación do Programa marco de integridade institucional e prevención dos riscos de xestión 2021/2024, e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do 10 de decembro de 2021.

Esta política de integridade institucional baséase nun compromiso de cumprimento non só das normas xurídicas, senón tamén das normas e principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, que deben presidir a actuación da Xunta de Galicia como institución e a de todo o persoal que a compón, comezando polas persoas que integran o consello de goberno, que asumen, comparten e lideran este compromiso.

Deste xeito, a Xunta de Galicia promove a asunción e consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da organización, en todos os niveis, mediante a inclusión de formación específica, configurada como unha ferramenta para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización.

Sobre a base das anteriores manifestacións, a Xunta de Galicia asume unha política de tolerancia cero fronte aos actos contrarios á integridade e coas condutas que poidan incorrer en fraude, co conseguinte compromiso de asunción e cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, e de establecemento de mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

2.4.2 As consellerías, os centros directivos e as entidades

As consellerías, os centros directivos e as entidades asumen o compromiso de aplicar as medidas deste plan coa máxima dilixencia e implantar, nos procesos propios de cada centro directivo ou entidade, as medidas e niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que son responsables nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa vixente.

O compromiso de cada centro directivo e entidade coa política de integridade e prevención de riscos establecida no presente plan formalizarase mediante o asinamento da proposta de cada un dos plans específicos por parte do seu órgano de dirección.

O compromiso das vicepresidencias e consellerías asúmese mediante a aprobación, pola persoa titular respectiva, dun plan de prevención de riscos de xestión e medidas

antifraude que agrupará todos os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades adscritas a elas. Tamén corresponde ás vicepresidencias e consellerías divulgar entre o seu persoal empregado público os riscos identificados e os mecanismos de detección para que se involucren nun ecosistema de control e execución das medidas programadas.

2.4.2.1 Órganos ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos nas consellerías e entidades

Os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no PMII para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan xeral de prevención, actuarán como interlocutores cos órganos transversais encargados do cumprimento deste plan e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan. Consonte ao establecido no PMII, no seu perfil buscarase a identificación cos responsables da coordinación da xestión da calidade e da transparencia designados en base ao Plan xeral de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023.

Así mesmo, nos plans específicos de cada centro directivo poderá designarse unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no ámbito concreto do centro directivo.

Corresponden aos órganos e unidades responsables de integridade e prevención de riscos as seguintes funcións:

- A supervisión e avaliación do funcionamento regular e da correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, xunto coa detección de vulnerabilidades e a proposta de accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses e, en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

En cada plan de consellería figurará expresamente a designación dos órganos ou unidades responsables de integridade, por referencia ao posto que desempeñan.

Naquelas consellerías nas que, pola complexidade da súa estrutura organizativa ou polo número das entidades adscritas, se considere preciso poderá crearse un comité de integridade que asumirá as funcións establecidas para os responsables de

integridade e prevención de riscos e adicionalmente actuará como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas dos plans da consellería.

Os comités de integridade estarán compostos por unha persoa proposta pola consellería e unha persoa proposta por cada unha das súas entidades adscritas e, se é o caso, polas persoas designadas para o apoio ao órgano ou unidade responsable da consellería nos diferentes plans específicos dos centros directivos adscritos.

As modificacións ou os novos nomeamentos de órganos e unidades responsables de integridade posteriores á aprobación dos plans de prevención de riscos de cada consellería serán efectuados pola secretaría xeral da Presidencia e as respectivas secretarías xerais técnicas de cada consellería ou polos órganos de goberno ou executivo equivalentes das entidades do sector público autonómico.

No caso daquelas consellerías que opten pola creación dun comité de integridade, as modificacións na súa composición efectuaranse do mesmo xeito pola secretaría xeral da Presidencia e as respectivas secretarías xerais técnicas de cada consellería.

En ambos os dous casos as ditas modificacións deberán ser remitidas á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para o mantemento actualizado dos órganos e unidades responsables de integridade.

2.4.3 Órganos transversais implicados na integridade

2.4.3.1 Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da integridade e de prevención de riscos de xestión

Crearase a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión como órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade.

2.4.3.2 Asesoría Xurídica Xeral

Con carácter xeral, correspóndelle á Asesoría Xurídica Xeral, integrada polo persoal letrado da Xunta de Galicia, prestar asistencia xurídica á Administración xeral autonómica e ao sector público autonómico. Nos supostos nos que a normativa esixa o seu informe con carácter preceptivo, como sucede respecto dos convenios de colaboración así como nos supostos previstos pola normativa aplicable en materia de contratación e subvencións, o persoal da escala de letrados da Xunta de Galicia deberá realizar o control sobre o cumprimento da normativa aplicable en cada caso.

A maiores, a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, atribúe á Asesoría Xurídica Xeral a participación na elaboración dos plans de prevención de riscos da corrupción que elabore o sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código Penal (debe entenderse referido aos plans de

prevención de delitos das sociedades e fundacións públicas) con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia, e coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre eses plans.

No marco das súas funcións de asistencia xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plans de prevencións dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

2.4.3.3 Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Correspóndelle a este órgano efectuar o control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro.

Esta competencia supón exercer a dirección e xestión da contabilidade pública, as actuacións de control financeiro das subvencións e as actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e na restante normativa de aplicación.

En particular, en relación cos fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU, segundo o artigo 54.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma configúrase como o órgano de control dos fondos, sen prexuízo das funcións de auditoría nos controis que establezan a Administración xeral do Estado e as institucións europeas.

Correspóndelle, entre outras, á Oficina Galega de Auditoría e Control as funcións de planificación, programación, coordinación, execución e seguimento das actuacións de control financeiro de subvencións e axudas públicas, así como das actuacións de control de fondos comunitarios.

2.4.3.4 Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Ten a competencia dirixir e coordinar as actuacións relativas á planificación, programación e elaboración de orzamentos do sector público autonómico e as competencias en materia de planificación e programación económica, incluída á avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico.

No seo na mesma, a Subdirección Xeral de Planificación ten como funcións a elaboración das análises e estudos de actividade económica e o informe de programas e plans sectoriais, transversais ou territoriais.

Segundo o artigo 54.1 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia corresponderá ás direccións xerais con competencias en materia de planificación e orzamentos e de fondos europeos a planificación, programación e xestión da execución dos fondos no marco das competencias da Administración xeral da comunidade autónoma, e asumirán a

condición de autoridades responsables diante da Administración xeral do Estado e das institucións europeas.

2.4.3.5 Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos

De conformidade co Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, é competente na coordinación e o seguimento da execución da programación cofinanciada con fondos europeos, executada polo sector público autonómico, así como, no exercicio das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes. Correspóndelle tamén a coordinación das misións de control comunitarias, así como da resposta ás solicitudes de información realizadas polas institucións comunitarias, sobre os programas operativos.

No exercicio desas competencias realizará a función de interlocución da Comunidade Autónoma de Galicia coa Administración xeral do Estado e coas institucións comunitarias e a coordinación da actuación dos organismos xestores da comunidade autónoma participantes nos programas operativos. Adicionalmente, pode exercer as funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen aos organismos intermedios das autoridades de certificación.

Ten atribuídas, entre outras funcións, a realización daquelas actuacións en relación coas verificacións de xestión exixidas nos regulamentos comunitarios; a coordinación das auditorías, misións de control ou outras actuacións de control a nivel comunitario, estatal ou autonómico e a elaboración e coordinación dos plans anuais de comprobacións relativas ao mantemento das operacións cofinanciadas polos programas operativos.

En relación cos fondos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, a coordinación e o seguimento da xestión dentro do ámbito da comunidade autónoma, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.

2.4.3.6 Dirección Xeral de Simplificación Administrativa

Ten atribuídas, entre outras competencias, a de velar polo cumprimento da política de integridade institucional da Administración autonómica, en colaboración co Consello de Contas de Galicia.

Precisamente esta institución recomenda no punto 2.40 do informe sobre o "Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral" cal debe de ser o papel deste centro directivo: "para avanzar no fortalecemento dos mecanismos de control da integridade parece necesario potenciar o seu papel de órgano de control interno (da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa) reforzando a estrutura, potestades e funcións de forma que asuma o papel de órgano impulsor da política preventiva transversal de

xestión de riscos de irregularidades e malas prácticas, e a investigación das denuncias sobre a comisión desas irregularidades (canle de denuncias)“.

No marco desa recomendación, a actual Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (anterior Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa) - DXSA- colaborará e asistirá ás consellerías no proceso de elaboración dos seus plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude. En concreto, facilitaranse modelos de plan específico e doutro tipo de documentación e prestarase unha asistencia continua no proceso de elaboración das súas análises de riscos e dos seus plans de prevención.

Así mesmo, corresponderanlle as seguintes funcións: actuar como responsable das propostas de actualización do plan xeral de prevención; deseñar ou impartir os talleres de autoavaliación de riscos; e promover a execución das medidas previstas no plan xeral de prevención.

En particular e de acordo coas previsións do último decreto de estrutura orgánica, correspóndenlle en materia de integridade institucional as seguintes funcións:

- a) O impulso da política de integridade institucional da Administración autonómica e a colaboración na instrumentación dunha infraestrutura ética sólida, cos mecanismos axeitados para que a conduta dos responsables políticos e do persoal empregado público sexa exemplar, e a consolidación da transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma de decisións.
- b) A xestión e a coordinación funcional da *Canle de denuncias*.
- c) A investigación preliminar das comunicacións que se reciban a través da *Canle de denuncias* e o outorgamento do tratamento que proceda.
- d) A actuación como Oficina de protección das persoas informadoras, nos termos establecidos pola Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión, e na normativa de desenvolvemento desta materia.
- e) A coordinación, impulso e colaboración na elaboración e actualización dos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.
- f) O impulso, en colaboración coa Asesoría Xurídica Xeral, da mellora da calidade normativa, baseada nos principios de boa regulación, no fomento da participación cidadá no proceso de produción normativa e da súa pegada, e na comprensión das normas xurídicas pola cidadanía.

2.4.3.7 Instrucións conxuntas en desenvolvemento do plan xeral

Coa finalidade de adaptar as bases reguladoras de axudas e os pregos de cláusulas de contratación aos requirimentos de nova normativa europea ou estatal, a Asesoría Xurídica Xeral, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e as Direccións Xerais de Política de Cohesión e Fondos Europeos e de Simplificación Administrativa poderán

ditar instrucións conxuntas relativas ás cláusulas ou condicións que deban figurar naquelas en cumprimento das obrigas ou recomendacións derivadas de ditas normas.

3 COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

As medidas e accións que se establecen no presente apartado do plan xeral de prevención son de aplicación a toda a organización e constitúense en alicerces da política antifraude e dos elementos que sustentan a integridade da acción pública, polo que no presente epígrafe se desenvolven os elementos comúns respecto á integridade que son transversais a toda a organización.

3.1 Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética pública e coas medidas antifraude

3.1.1 A adopción dunha declaración institucional de compromiso coa cultura da integridade

O máximo órgano de goberno da administración da comunidade autónoma, a Xunta de Galicia, emitiu o 10 de decembro de 2021 unha declaración institucional que constitúe o compromiso de toda a organización coa cultura da integridade que sustenta o exercicio das funcións públicas (<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>).

Esta declaración integra un compromiso firme de loita contra a fraude baseada nas políticas da Unión Europea e unha firme aposta polos principios de boa xestión na actuación administrativa.

3.1.2 A manifestación expresa dos responsables públicos

As persoas que ocupan os altos cargos da administración autonómica asumen como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

Esta manifestación expresa está implícita na fórmula do xuramento ou promesa que se utiliza na toma de posesión, así como na obriga establecida no artigo 38 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de suxeición ao Código ético e a súa adhesión.

Con independencia do anterior, cando un alto cargo elabore ou propoña a aprobación dun plan de prevención de riscos de xestión realizará unha manifestación de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude en termos semellantes aos contidos na declaración institucional.

As declaracións de compromiso correspondentes ás persoas titulares de vicepresidencias e consellerías enténdese realizada coa aprobación do plans de prevención de riscos respectivos.

3.1.3 As referencias á integridade na planificación estratéxica

Os plans e os restantes documentos de planificación elaborados polas diferentes vicepresidencias e consellerías conterán unha manifestación expresa da súa xestión de conformidade cos mecanismos de integridade que sexan de aplicación e, se é o caso, unha identificación e avaliación dos riscos de xestión que poida implicar a adopción do instrumento de planificación, ben mediante unha avaliación específica relativa ás accións planificadas, ou ben coa remisión aos riscos, valoracións e medidas incluídos no seu plan de prevención de riscos.

3.1.4 A difusión e a formación en materia de integridade institucional

O presente plan e os restantes instrumentos do sistema de integridade institucional serán difundidos a través do Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia e serán obxecto de inclusión no manual de acollida que se divulgue entre o persoal empregado público de novo ingreso.

Periodicamente, as persoas que ocupen os altos cargos recibirán formación en materia de liderado ético e no sistema de integridade institucional da Xunta de Galicia.

3.2 Medidas relativas ao sistema de prevención dos conflitos de intereses

3.2.1 Réxime xeral do conflito de intereses de aplicación ao persoal que teña a condición de alto cargo

De conformidade co previsto no artigo 43 (título II) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Lei 1/2016), o réxime aplicable aos conflitos de intereses será o seguinte:

“1. A persoa que ocupe un alto cargo dos mencionados no ámbito de aplicación deste título deberá evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por lle supoñer un beneficio ou un prexuízo.

2. Para estes efectos, consideraranse intereses persoais:

a) Os intereses propios.

b) Os intereses familiares, incluíndo os do seu ou da súa cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, así como os de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade e do segundo grao de afinidade.

- c) Os das persoas coas cales teña unha cuestión litixiosa pendente.
- d) Os das persoas coas cales teña amizade íntima ou inimidade manifesta.
- e) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas nas cales o alto cargo, o seu cónxuxe ou a persoa unida en análoga relación exercesen funcións de dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.
- f) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás cales os familiares previstos na alínea b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que esta implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.

3. Os altos cargos non poderán ter, en por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un dez por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.

Para os efectos previstos neste artigo, considérase persoa interposta a persoa física ou xurídica que actúa por conta do alto cargo.

No caso en que, de forma sobrevida, se produza a causa descrita neste apartado, o alto cargo deberá notificarllo á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que deberá informar sobre as medidas que cómpre adoptar para garantir a obxectividade na actuación pública.

4. No suposto de que a persoa que sexa nomeada para ocupar un alto cargo posúa a participación a que se refire o punto anterior, terá que allear ou ceder as participacións e os dereitos inherentes a elas durante o tempo en que exerza o seu cargo, no prazo de tres meses contado desde o día seguinte ao do seu nomeamento. Se a participación fose adquirida por sucesión hereditaria ou outro título gratuito durante o exercicio do cargo, terá que desprenderse dela no prazo de tres meses desde a súa adquisición.

A dita participación e posterior transmisión serán, así mesmo, declaradas aos rexistros previstos no artigo 49 na forma que regulamentariamente se determine”.

De acordo co artigo 44. «Deber de abstención» da mesma lei:

”1. As persoas que ocupen os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título deberanse abster de intervir nos procedementos administrativos que afecten os seus intereses persoais, tal e como están definidos no artigo anterior.

2. Para estes efectos, utilizarán a figura da abstención regulada na normativa básica en materia de procedemento administrativo. Así mesmo, poderán ser recusados nos termos previstos na antedita normativa.

3. A abstención realizarase por escrito para a súa adecuada expresión e constancia, e notificarase á persoa superior inmediata ou, no seu defecto, ao órgano que o ou a nomeou, que resolverá o procedente. No caso de se producir no seo dun órgano colexiado, a abstención constará e incorporarase á acta elaborada pola secretaría. En

calquera dos casos, a abstención será comunicada nun prazo máximo dun mes ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos para a súa constancia.

4. A persoa que ocupe o alto cargo poderá formular á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas cantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos”.

De conformidade co artigo 46.1 da norma citada, “durante o exercicio do cargo así como nos dous anos seguintes ao seu cesamento, os altos cargos non poderán ter, por si mesmos ou por persoas ou entidades ou empresas interpostas, fondos, activos financeiros ou valores negociables en países ou territorios con cualificación de paraíso fiscal segundo a regulación estatal aplicable”.

De conformidade co réxime sancionador previsto no artigo 54 desta Lei, considérase infracción moi grave “o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando se produza dano manifesto á Administración autonómica”.

Así mesmo, considérase infracción grave “o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando non se produza dano manifesto á Administración autonómica”.

Sen prexuízo do establecido neste epígrafe, para o caso de eventual conflito de intereses, as persoas que ocupen os altos cargos teñen a obriga de cumprir todas as previsións en materia de réxime de actividades e incompatibilidades establecidas na Lei 1/2016.

Así mesmo, constitúen obrigas das persoas que ocupen os altos cargos a observancia dos principios recollidos no apartado IV do Código ético institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e as previsións existentes no mesmo código respecto aos regalos, dádivas, mostras de cortesía e atencións protocolarias.

En coherencia co anterior, a DACI (modelo I.A do Anexo I) será asinada polas persoas que ocupen altos cargos e exerzan responsabilidades nas áreas de actividade respecto as cales se identificaron e avaliaron os riscos asumidos, con independencia do tipo de financiamento da actuación.

Tendo en conta as principais áreas de actividade respecto as cales se identifican os riscos básicos de xestión no apartado 4 deste plan xeral de prevención, as persoas que ocupen altos cargos deberán realizar unha análise do eventual conflito de intereses á luz do contido das bases reguladoras e convocatorias de subvencións, así como dos pregos de contratación, cuxa concorrencia no procedemento puidese xerar algún tipo de influencia na obxectividade e imparcialidade da súa actuación. Analogamente, no momento da proposta de concesión das axudas ou de adxudicación dos contratos deberán realizar unha análise das persoas propostas para adquirir a condición de beneficiarias ou contratistas respecto das que puidese existir un posible conflito de intereses.

En particular, nas áreas de contratación e subvencións asinarán a DACI en dous momentos distintos:

1. Coa aprobación das bases reguladoras ou do expediente de contratación.
2. Coa concesión das axudas ou a adxudicación do contrato.

3.2.2 Réxime do conflito de intereses para o persoal empregado público

O persoal empregado público que interveña na redacción de bases reguladoras e convocatorias de subvencións ou na elaboración das prescricións técnicas ou das cláusulas administrativas dos contratos, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) segundo o modelo I.B do Anexo I.

A verificación deste extremo realizarase no momento de aprobación das bases reguladoras ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, o persoal que participe nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación deixará constancia dos extremos referidos na declaración anterior, logo de coñecer a identidade das persoas solicitantes da subvención ou dos licitadores. A verificación deste extremo poderase realizar mediante declaración persoal de cada membro, sempre con carácter previo á fase de valoración e a sinatura da resolución de concesión das axudas ou adxudicación do contrato.

Resulta oportuno lembrar aquí que son de aplicación ao persoal funcionario e laboral as causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como os deberes establecidos nos artigos 52, 53 e 54 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Igualmente son deberes do persoal ao servizo da Xunta de Galicia e das súas entidades os establecidos no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

3.2.3 Previsións procedementais relativas ao conflito de intereses

No caso de apreciación dun posible conflito de intereses en calquera fase do procedemento, actuarase do seguinte xeito:

a) Apreciación directa por parte da persoa afectada.

Se a persoa afectada reconece por si mesma a concorrencia dun posible conflito de intereses poderá declarar a existencia do conflito de intereses, DECI (modelo III do Anexo I) e comunicar a súa abstención ao seu superior xerárquico no prazo de dous días hábiles dende que teña constancia das circunstancias que o motivan.

Logo de recibir a comunicación, o superior xerárquico poderá:

- i. Resolver de forma motivada, aceptando ou rexeitando a abstención.

- ii. Solicitar información adicional doutras fontes, concedéndolles un prazo máximo de cinco días hábiles para que lla proporcionen. Con esta información poderá resolver de forma motivada, aceptando ou rexeitando a abstención.
- iii. Solicitar, de oficio ou a instancia da persoa competente para resolver o procedemento, o informe do Comité de Ética, que deberá ser emitido nun prazo de dous días hábiles. Con este informe e, se é o caso, o resto de información dispoñible, resolverá de forma motivada, aceptando ou rexeitando a abstención.

Cando se acepte a abstención, nomearase unha persoa substituta que deberá asinar a DACI de forma inmediata para que continúe o procedemento.

b) Apreciación por parte de terceiras persoas.

Calquera persoa que posúa información relevante ao respecto (solicitante, licitadora, beneficiaria, adxudicataria, traballadora, etc.) porao en coñecemento do superior xerárquico da persoa afectada mediante correo electrónico.

A comunicación poderá identificar a persoa afectada e detallar as circunstancias que concorren, así como as persoas físicas ou xurídicas coas que a persoa afectada teña un vínculo familiar, afectivo, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou calquera outro, directo ou indirecto, de interese persoal que puidese menoscabar á súa obxectividade e imparcialidade.

Evitarase a adopción de decisións administrativas ata o momento en que se resolva sobre a existencia do eventual conflito.

O superior xerárquico da persoa afectada trasladaralle a información recibida e a conveniencia de que evite participar no expediente, e daralle audiencia polo suposto conflito de intereses.

- i. Se a persoa afectada acepta a validez da información achegada e a pertinencia de ser apartada da tramitación, asinará unha declaración de existencia de conflito de intereses, DECI (modelo III do Anexo I) e comunicará a súa abstención ao seu superior xerárquico no prazo de dous días hábiles. Logo de recibir a devandita comunicación, o superior xerárquico procederá segundo o establecido no apartado a).
- ii. No caso de que a persoa non recoñeza a validez da información que sustenta o suposto conflito de intereses, no prazo de dous días hábiles manifestará expresamente esta circunstancia de forma motivada ante o seu superior xerárquico e ratificará a súa ausencia de conflito de intereses mediante o asinamento dunha declaración de confirmación da ausencia de conflito de intereses (modelo II do Anexo I) na que reflectirá a realidade da situación.

Seguidamente, o superior xerárquico poderá resolver de forma motivada, aceptando a participación no procedemento da persoa afectada e, se é o caso, adoptando as medidas que impidan a existencia dun posible conflito; ou separándoa de toda participación nel.

Alternativamente, o superior xerárquico poderá solicitar información complementaria doutras fontes, concedéndolles un prazo máximo de cinco días hábiles para que lla proporcionen.

Ademais, o superior xerárquico tamén poderá acudir ao Comité de Ética para que no prazo de dous días hábiles emita informe sobre a pertinencia da participación da persoa afectada no procedemento.

Con toda a información dispoñible, o superior xerárquico analizará os motivos de concorrencia do eventual conflito e resolverá de forma motivada:

- a) Aceptar a participación no procedemento da persoa afectada e, se é o caso, adoptar as medidas que impidan a existencia dun posible conflito.
- b) A separación da persoa afectada de toda participación no procedemento.

Cando se acorde a separación do procedemento, nomearase unha persoa substituta, que deberá asinar a DACI de forma inmediata para que continúe o procedemento.

De todas as actuacións anteriores conservarase constancia documental que se arquivará no expediente.

A Xunta de Galicia poderá comprobar a información relativa ás declaracións de ausencia de conflitos de intereses por instancia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e a través de bases de datos dos rexistros mercantís, organismos nacionais e da Unión Europea, ou a través da utilización de ferramentas de prospección de datos ("data mining") no marco dos controis e auditorías que se poidan establecer.

A detección da existencia dun conflito de intereses non declarado poderá dar lugar as consecuencias disciplinarias ou penais previstas normativamente.

Para os efectos dos procedementos de contratación e de concesión de subvencións, considerarase superior xerárquico a quen tivese designado aos membros da mesa de contratación ou da comisión de baremación.

3.3 O sistema interno de información e a *Canle de denuncias* da Xunta de Galicia

Para os efectos recollidos na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, de protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción implántase o Sistema interno de información da Xunta de Galicia como a canle preferente para informar sobre as accións ou omisións que se detallan máis adiante, así como para darlles o tratamento que proceda, sempre que a persoa informante considere que non existe risco de represalia.

O sistema interno de información da Xunta de Galicia abranguerá as informacións sobre supostas condutas contrarias ao seu sistema de integridade referidas ao seu ámbito de actuación, tanto das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia,

como das entidades incluídas no ámbito de aplicación deste PXMA con menos de 50 persoas traballadoras.

As entidades incluídas no ámbito de aplicación do PXMA con máis de 50 persoas traballadoras crearán os seus propios sistemas internos de información, independentes e diferenciados deste, en coordinación coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

O sistema permitirá a presentación de comunicacións por escrito ou verbais, a través do correo postal ou da *Canle de denuncias*, e xestionarase de forma segura coa garantía de confidencialidade da identidade da persoa informante, así como de calquera terceira persoa mencionada na súa comunicación, das actuacións que se desenvolvan para o decidir o seu tratamento, así como do seu tratamento efectivo dentro da organización.

Analogamente, garantirase o dereito da persoa afectada a que se lle informe da conduta que se lle imputa e a ser oída en calquera momento, aínda que tal comunicación se realice no tempo e forma que se considere adecuado para garantir o bo curso da investigación. Facilitaráselle unha relación sucinta dos feitos e daráselle audiencia para que achegue a súa versión e os medios de proba que considere oportunos. Respectarase en todo momento o seu honor e a presunción da súa inocencia.

O Sistema interno de información xestionarase baixo a responsabilidade da persoa titular da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

O Sistema interno de información será a vía preferente para que a cidadanía poida informar sobre:

- a) Calquera acción ou omisión que poida constituír infracción do Dereito da Unión Europea sempre que entre dentro do ámbito de aplicación da normativa relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, afecte os intereses financeiros da Unión Europea ou incida no mercado interior, incluídas as infraccións das normas europeas de competencia e axudas, así como os actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.
- b) Accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a facenda pública e a Seguridade Social.
- c) Accións ou condutas contrarias ao sistema de integridade da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia asume as pautas de protección das persoas informantes recollidas na normativa vixente que lle resulten de aplicación, sen prexuízo das funcións atribuídas á Autoridade Independente de Protección do Informante (A.A.I) ou órgano equivalente que se constituía no ámbito territorial autonómico.

Porén, a protección ante posibles represalias derivadas da comunicación de actos supostamente contrarios ao sistema de integridade da Xunta de Galicia so se aplicarán, de conformidade coa directiva, nos seguintes casos:

- a) Ao persoal empregado público ou traballador por conta allea.
- b) Ás persoas traballadoras autónomas.
- c) Ás persoas que teñan a condición de accionistas, partícipes e persoas pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión dunha empresa, incluídos os membros non executivos.
- d) Ás persoas que traballen para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e provedores da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Ás persoas que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarias, bolseiras, traballadoras en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como a aquelas cuxa relación laboral aínda non comezase, nos casos en que a información sobre infraccións fose obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.
- f) Ás persoas representantes legais das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio ao informante.
- g) As persoas físicas que, no marco da organización na que preste servizos a persoa informante, asistan ao mesmo no proceso.
- h) Ás persoas físicas relacionadas co informante e que poidan sufrir represalias, como compañeiros e compañeiras de traballo ou familiares.
- i) Ás persoas xurídicas, para as que traballe ou coas que manteña calquera outro tipo de relación nun contexto laboral ou nas que ostente unha participación significativa. Para estes efectos, enténdese que a participación no capital ou nos dereitos de voto correspondentes a accións ou participacións é significativa cando, pola súa proporción, permite á persoa que a posúa ter capacidade de influencia na persoa xurídica participada.

Dende o 29 de xaneiro de 2022 atópase en funcionamento, a disposición da cidadanía a *Canle de denuncias* que ten a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) e se configura como a canle electrónica implantada pola Xunta de Galicia para a comunicación de información relativa a supostas infraccións do seu sistema de integridade:

https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gL_ES

A comunicación por esta canle estrutúrase en dúas modalidades:

- a) Modalidade anónima, na que non é precisa a identificación da persoa informante, de xeito que os órganos que deban investigar non coñezan a súa identidade.

b) Modalidade nominativa, na que é precisa a identificación da persoa informante, de xeito que os órganos que investigan coñecen a súa identidade e os seus datos de contacto e notificación. Nesta modalidade poderase manter a comunicación coa persoa informante para os efectos de solicitarlle, se é o caso, que aclare ou amplíe a información, e comunicarlle o tratamento dado á súa información, agás que renunciase expresamente a recibir comunicacións do responsable do sistema.

As persoas informantes poderán utilizar o correo postal como vía secundaria para as súas comunicacións. Tanto neste suposto como no caso de que as comunicacións sexan dirixidas a persoas non responsables do seu tratamento ou remitidas a través de canles non establecidas para iso, garantirase a confidencialidade da persoa informante e a súa comunicación será trasladada inmediatamente á persoa titular da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

Ademais, habilítase unha canle que permita a presentación e o tratamento de comunicacións de xeito verbal, garantindo igualmente a confidencialidade da persoa informante, que se detallará no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES).

Previa solicitude da persoa informante, poderá presentarse tamén mediante unha reunión presencial no prazo máximo de sete días.

3.3.1 Investigación das comunicacións

A información recibida será obxecto de análise por parte do persoal da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, que procederá do seguinte modo:

- Cursarase xustificante de recepción á persoa informante dentro dos sete días naturais seguintes, agás que tal acción puidera por en perigo a confidencialidade ou conste a súa renuncia a recibir comunicacións procedentes do responsable do sistema.

- Procederase a investigar os feitos comunicados, podendo a tal efecto solicitar información tanto aos órganos administrativos ou entidades aos que se refira, como aos órganos transversais que poidan verse afectados. No caso de ser necesario, a investigación incluírá unha fase de información reservada.

- Non se dará curso ás comunicacións recibidas nas seguintes circunstancias:

- a) Cando estiveran manifestamente infundadas, os feitos carezan de toda verosimilitude ou non sexan constitutivos de infracción.

- b) Cando a escaseza de información remitida, a descrición excesivamente xenérica ou inconcreta dos feitos ou a falta de elementos de proba subministrados non permitan ao órgano instructor realizar unha verificación razoable da información recibida e unha determinación mínima do tratamento de deba darse aos feitos comunicados.

- c) Cando incorran manifestamente en mala fe, ou proporcionen información falsa. Cando se estime que a información comunicada foi obtida de xeito ilícito, ademais remitirase ao Ministerio Fiscal.

En todos estes casos procederase ao arquivo, facendo constar os motivos que o fundamentan.

Aquelas comunicacións que en realidade sexan queixas pola insatisfacción sobre o funcionamento dos servizos prestados polo sector público autonómico, suxestións para a súa mellora ou denuncias doutros incumprimentos recibirán o tratamento previsto no Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico.

Realizaranse todas as actuacións que resulten precisas para comprobar a veracidade dos feitos comunicados, informarase á persoa afectada da conduta que se lle imputa e facilitarse unha relación sucinta dos feitos que a soportan. Así mesmo, daráselle audiencia para expor a súa propia versión e a achegar os medios de proba que considere oportunos.

3.3.2 Tratamento das comunicacións

Á vista da investigación realizada, procederase, segundo corresponda á vista dos feitos acreditados trala investigación e da normativa aplicable, de algún ou algúns dos seguintes xeitos:

- Dar traslado da comunicación e dos resultados da investigación realizada ao órgano administrativo competente para a tramitación do procedemento que proceda, calquera que sexa este, o que inclúe os procedementos disciplinarios, de reintegro ou a suspensión dalgún procedemento sobre o que recaese unha comunicación fundada de irregularidade, así como, de ser o caso, a actualización do correspondente plan de prevención de riscos e medidas antifraude.
- Dar traslado da comunicación ao Ministerio Fiscal ou á Fiscalía Europea segundo proceda. Así mesmo, cando así o dispoña a súa normativa reguladora, poderá darse traslado igualmente ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, ao Consello de Contas, á OLAF ou aos tribunais de xustiza.
- Acordar o arquivo da comunicación presentada, facendo constar os motivos e notificándollo á persoa informante, salvo que conste a súa renuncia a recibir comunicacións do responsable do sistema, así como á persoa afectada, se é o caso.

Para adoptar a decisión que proceda sobre o destino da comunicación e da investigación realizada, a persoa responsable do sistema interno elevará a súa proposta á consideración do Comité de Ética, á que atenderá a súa decisión final.

As actuacións rematarán coa decisión final emitida no prazo de tres meses contados desde a recepción da comunicación, agás nos casos de especial complexidade, nos que poderá estenderse ata tres meses adicionais.

De conformidade co previsto no artigo 13.5 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, estas decisións non serán recorribles en vía administrativa nin contencioso administrativa.

3.3.3 O Comité de Ética

Co fin de asesorar sobre o cumprimento da política de integridade, e en especial sobre o tratamento das comunicacións por irregularidades, o 28 de abril de 2022 constituíuse o Comité de Ética como unha comisión formada por persoas expertas no ámbito da integridade, de recoñecido prestixio, que actúan de xeito independente prestando asesoramento na xestión das comunicacións presentadas. Composto por unha persoa representante do centro directivo competente en materia de simplificación administrativa, unha representante da Asesoría Xurídica Xeral, unha representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, unha representante do Valedor do Pobo e un/unha profesor/a universitario/a que imparta grao en dereito. Todas eles designadas formalmente polo conselleiro con competencias en materia de facenda pública, entre persoal funcionario público, procurando que na súa composición exista paridade de xénero.

3.4 Formación e compromiso coa competencia profesional dos empregados públicos

A formación en materia de integridade debe de converterse nunha ferramenta de sensibilización, de coñecemento e de propagación dunha cultura administrativa baseada no comportamento ético.

As medidas de formación son as previstas no PMII que se desenvolverán coa colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e se diversificarán segundo as persoas destinatarias, entre os contidos xerais para todo o persoal empregado público e os contidos dirixidos especialmente ás persoas que teñan a condición de alto cargo, ocupen niveis directivos intermedios e para o persoal de áreas específicas de risco.

Co fin de dar a coñecer con suficiente amplitude a política de integridade e os plans específicos de cada centro directivo e entidade poderase realizar unha comunicación corporativa de carácter xeral. A maiores, cada centro directivo e entidade verificará que existe unha difusión suficiente entre o seu persoal mediante o envío do plan específico aos enderezos electrónicos das persoas que conforma as unidades afectadas.

4 IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DOS RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE

4.1 Definicións

Para a identificación e avaliación dos riscos de xestión e medidas antifraude ao abeiro deste plan xeral teranse en conta as seguintes definicións:

- **Risco:** incerteza sobre o efecto ou sobre as consecuencias que unha conduta ou situación poden provocar na reputación ou na consecución dos obxectivos dunha organización. Debe distinguirse entre risco bruto, risco neto e risco residual.
- **Impacto do risco:** repercusión, efecto ou consecuencia, tanto a nivel económico-financieiro, como de xestión ou de reputación, que tería para a organización o feito de que unha conduta ou situación chegara a materializarse.
- **Probabilidade do risco:** posibilidade de que unha conduta ou situación se materialice nun horizonte temporal de 5 anos.
- **Indicador de risco:** dato ou información, cualitativa ou cuantitativa, baseada en feitos ou indicios que constitúe un elemento ou compoñente diferenciado dun risco e que permite apreciar se existe exposición a el.
- **Risco bruto (RB):** valoración do efecto ou das consecuencias que unha conduta ou situación poden provocar na reputación ou na consecución dos obxectivos da organización na ausencia de medidas de control que contrarresten tales efectos.
- **Risco neto (RN):** valoración do efecto ou das consecuencias que unha conduta ou situación poden provocar na reputación ou na consecución dos obxectivos da organización coas medidas redutoras ou atenuantes xa implantadas de xeito real.
- **Risco residual (RR):** nivel de risco máis baixo que se pode permitir unha organización logo de adoptar as medidas oportunas para reducir os niveis iniciais de risco, pois de acordo cos distintos sistemas de avaliación de riscos “o risco cero non existe”.

Para os efectos deste plan xeral de prevención, o risco residual debe acadar o nivel aceptable e calcularase como a valoración dos efectos ou consecuencias que unha conduta ou situación pode provocar na reputación ou na consecución dos obxectivos da organización coas medidas redutoras xa implantadas e coas que se prevé implantar nun período de tempo determinado.

Así pois, o obxectivo da avaliación de riscos é detectar as áreas de actividade máis expostas e introducir medidas que corrixa a situación para reducir o risco a un nivel aceptable.

Por esta razón, no caso de que o risco neto (valor do risco tendo en conta as medidas atenuantes existentes e implantadas) non chegue ao nivel aceptable, deben planificarse novas medidas a incorporar nun futuro próximo e valorar en que grao reducirán o impacto e a probabilidade do risco, ata chegar a un nivel de risco que se denomina “asumible” ou risco residual.

Plan de acción: selección ou planificación das medidas ou controis a implantar para reducir o risco neto a nivel aceptable.


Administración de riscos: proceso sistemático para avaliar os riscos aos que as organizacións están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e a definición das estratexias que permitan controlalos, para asegurar o logro dos obxectivos e metas dun xeito razoable.

4.2 Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización

4.2.1 Diagnóstico xeral da organización

No documento de “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral” elaborado polo Consello de Contas no ano 2019, as actividades susceptibles comúns con máis riscos identificados son a contratación, a xestión de persoal, a área xurídica administrativa, a xestión orzamentaria e a área de subvencións. (páx. 44 do informe)

Gráfico 4: Actividades susceptibles comúns con máis riscos identificados



Adicionalmente, o Consello de Contas considera os factores de risco como as circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos, e ten detectado no seu diagnóstico os seguintes:

- Insuficiencia de persoal ou a súa cualificación é inadecuada.
- Realización por unha mesma unidade dunha ampla variedade de operacións.
- Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a corrupción.
- Inexistencia de manuais de procedementos ou falta de actualización.


- Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión.
- Actividades con alto grao de discrecionalidade.
- Falta de experiencia ou de formación na xestión de riscos.

Polo que respecta a identificación e valoración de riscos, cómpre ter en conta os que na organización poden potencialmente supoñer incumprimentos ou obstaculizar ou retrasar o logro dos obxectivos establecidos para o conxunto da organización.

Seguindo o mesmo diagnóstico do Consello de Contas, a gradación dos riscos que determina a extensión con que estes poden afectar ao cumprimento dos obxectivos, realízase desde a dobre perspectiva da probabilidade de ocorrencia e do impacto dos seus efectos.

Do traballo realizado conclúese que, con respecto á probabilidade e ao impacto, os riscos con maiores elementos de carácter moderado correspóndense coa contratación administrativa e a área de subvencións.

Gráfico 5: Gradación de riscos



Estas conclusións sobre a avaliación dos riscos elaboradas polo Consello de Contas son compartidas pola Xunta de Galicia, que considera que os riscos de maior probabilidade e impacto poderían acontecer especificamente nas áreas de subvencións e contratación.

Por outra banda, eses dous grandes ámbitos da actividade administrativa son aqueles sobre os que a normativa europea ten realizado maiores propostas de políticas antifraude.

As premisas de avaliación que se presentan neste plan xeral de prevención están dirixidas aos procesos clave do conxunto da organización e particularmente a aqueles que se consideran máis vulnerables, sen prexuízo de que se completen ou se individualicen nos plans específicos de prevención de riscos.

4.2.2 Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización

De conformidade coas conclusións do mencionado estudo de diagnóstico e co documento técnico “Catálogo de riscos por áreas de actividade”, aprobado tamén polo Consello de Contas, os riscos que potencialmente poden afectar ás áreas de subvención e contratación do conxunto da organización, son os que figuran no cadro que se presenta a continuación.

A carón dos riscos identificados figuran os indicadores a valorar para realizar a análise dos ditos riscos e un catálogo de medidas xerais da organización, avaliadas pola doutrina e pola práctica, que poden evitar, reducir, atenuar ou minimizar o impacto e a probabilidade dos riscos xerais.

RISCOS EN MATERIA DE SUBVENCIONES

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
S.1	Non suxeición normativa	Concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións	S.1.1	<p>Falta de claridade na definición dos requisitos que han de cumprir os beneficiarios ou destinatarios das axudas.</p> <p><i>Os requisitos non quedan claros nas bases reguladoras e/ou na convocatoria ou están suxeitos a interpretación, o cal pode derivar na selección deliberada dun determinado beneficiario.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Revisión das bases reguladoras e convocatoria por Asesoría Xurídica e Intervención Uso de modelos harmonizados Verificar que os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiario están incluídos de forma clara nas bases reguladoras e convocatorias
			S.1.2	<p>As bases reguladoras ou as convocatorias non recollen a suxeición aos controis dos organismos competentes.</p> <p><i>Os solicitantes non son plenamente conscientes do sometemento da súa actuación ao control de organismos superiores e especializados.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Verificar que as bases reguladoras ou as convocatorias esixen o compromiso do solicitante de someterse aos controis dos organismos competentes e que identifican os devanditos organismos de control
S.2	Conflitos de intereses	Incorrer en parcialidade e subxectividade derivada de situacións nas que os principios de obxectividade e neutralidade que han de rexer no exercicio profesional están comprometidos por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo, directo ou indirecto, de interese persoal	S.2.1	<p>Influencia deliberada na valoración e selección dos beneficiarios.</p> <p><i>As persoas que integran o comité de valoración, as expertas avaliadoras ou as responsables da concesión inflúen deliberadamente na valoración das persoas solicitantes para favorecer a algunha delas.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Declaración da ausencia de conflitos de intereses de todos os membros das comisións de valoración Regulación nas bases reguladoras do procedemento en caso de detección de conflito de intereses Comisións de valoración con presenza non exclusiva de persoas dependentes do órgano concedente Exclusión da participación nas comisións de valoración para as persoas coa condición de alto cargo
S.3	Desviación do obxecto da subvención	Aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos	S.3.1	<p>Os beneficiarios non destinaron os fondos á finalidade establecida na normativa reguladora da subvención</p> <p><i>Os fondos concedidos destináronse a unha finalidade diferente á recollida nas bases reguladoras e/ou na convocatoria, ou non foron executados.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Comprobacións sobre o terreo Constancia no expediente de documentación acreditativa da execución das actividades subvencionadas (fotos, carteis, informes, mails, trípticos, materiais, gravacións, documentación, etc...) Verificar que as bases reguladoras ou as convocatorias esixen o compromiso do beneficiario de conservar a documentación por un tempo determinado
S.4	Fraude	Comisión intencionada de irregularidades que teñan por obxecto a percepción, retención indebida ou desviación de fondos públicos. Resulta esencial a concorrencia de intencionalidade	S.4.1	<p>Subministrar información privilexiada a posibles beneficiarios sobre as convocatorias que se prevén realizar</p> <p><i>Filtrado de información relevante antes de facerse pública</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Publicación das convocatorias de subvencións que cada centro xestor prevé realizar ao longo do exercicio Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
			S.4.2	<p>Dispensar un trato de favor a determinado/s posible/s beneficiario/s</p> <p><i>Favorecer a posición de determinado/s beneficiario/s mediante o establecemento dos criterios de selección.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas Declaración da ausencia de conflitos de intereses do persoal que participa na elaboración das bases reguladoras e convocatorias

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			S.4.3	Manipulación de solicitudes e proxectos recibidos. <i>Capacidade de alterar o contido das solicitudes de participación e, no seu caso, dos proxectos recibidos que deben ser obxecto de valoración.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso xeneralizado de sistemas de administración electrónica que permitan verificar que o documento valorado é o presentado, como Rexel • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
S.5	Falsidade documental	Conceder axudas ou subvencións sobre unha base documental que falsea as condicións esixidas para obter a condición de beneficiario ou oculta aquelas que impedirían a concesión ao seu favor, así como pagar os importes concedidos en base a documentación xustificativa adulterada, ficticia ou simulada	S.5.1	Falseamento na información presentada. <i>Os solicitantes das axudas presentan documentación falseada que se terá en conta no procedemento (declaracións, compromisos, información financeira, etc.).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de que as bases reguladoras e/ou nas convocatorias prevén a verificación a través de interoperabilidade • Declaración responsable conforme non variaron as circunstancias que constan na inscrición do solicitante no rexistro correspondente
			S.5.2	Ocultación da información de remisión obrigatoria á administración. <i>Os solicitantes non presentan información á que estarían obrigados en virtude da normativa vixente.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de información de bases de datos de organismos públicos e rexistros mercantís • Lista de comprobación da documentación do proceso de solicitude
			S.5.3	Presentación de facturas duplicadas, falsas ou infladas. <i>Na fase de xustificación, os beneficiarios presentan facturas que non corresponden a unha adquisición de bens ou a unha prestación de servizos real ou que non se axusta aos termos da facturación, ou inclúen datos ou parámetros de cálculo ficticios, inexactos ou simulados.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación mediante cruces de bases de datos • Inspeccións sobre o terreo • Verificacións de documentos electrónicos • Verificación da realización do pagamento dos gastos xustificados dentro do prazo establecido • Verificación dos requisitos legais das facturas, nóminas, contratos, recibos e outros xustificantes • Verificación dos requisitos e os límites establecidos na normativa aplicable no caso de que o beneficiario subcontrate a execución das actividades subvencionadas
S.6	Sobre financiamento	Incumprimento da prohibición de dobre financiamento ou de superar o custo da actividade subvencionada	S.6.1	Costes laborais falsos. <i>A documentación achegada polos beneficiarios en calquera fase do procedemento inclúe estimacións ou cálculos artificiais ou ficticios dos custos laborais vinculados á execución da actuación subvencionada (custos incorrectos de man de obra, tarifas horarias incorrectas, gastos asociados a persoal inexistente, etc.).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo • Fixación dun límite ao importe dos gastos de persoal subvencionados • Verificación dos rexistros de asistencia ou sistemas de rexistro do tempo de traballo
			S.6.2	Costes laborais prorrateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos. <i>Os gastos en materia laboral vinculados á execución da actuación subvencionada distribúense incorrectamente ou se repiten noutros proxectos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar prorrateos • Cruzar datos de distintos proxectos
			S.6.3	Costes reclamados en traballo de insuficiente calidade. <i>Os traballos vinculados á execución da actuación subvencionada non acadan a calidade buscada nas bases reguladoras ou na convocatoria.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitude de probas adicionais

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			S.6.4	<p>Dobre financiamento.</p> <p><i>O beneficiario recibe distintas axudas para a mesma actuación que xeran un lucro ou un exceso de financiamento.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a compatibilidade das axudas recibidas para unha mesma operación, segundo o establecido nas bases reguladoras e/ou na convocatoria • Verificar que as bases reguladoras advirtan sobre a prohibición de dobre financiamento, coas referencias legais oportunas e trasladen ao beneficiario a obriga de informar sobre calquera outros fondos solicitados e concedidos para financiar os mesmos gastos • Verificar as declaracións responsables doutras fontes de financiamento que inclúan as axudas ou subvencións obtidas ou solicitadas para financiar as actuacións correspondentes, tanto no momento de formalizar a solicitude, como en calquera momento posterior a que se produza esta circunstancia (concesión, xustificación, liquidación final) • Comprobacións cruzadas de bases de datos • Solicitar aos terceiros cofinanciadores certificados ou declaracións que detallen a finalidade da financiación outorgada • Establecer un cofinanciamento de convenios en base a porcentaxes
S.7	Limitación da concorrencia	Non se garante que o procedemento se desenvolva de forma transparente e pública, o que pode dar lugar a favoritismos	S.7.1	<p>Insuficiente difusión das bases reguladoras e/ou da convocatoria.</p> <p><i>A publicación das bases reguladoras e/ou da convocatoria non se realiza coa publicidade e transparencia que garantan a súa máxima difusión segundo os medios obrigatorios establecidos na normativa de subvencións (art. 9.3 LGS: as bases reguladoras de cada tipo de subvención deben publicarse no Boletín Oficial del Estado ou no diario oficial correspondente; art. 18 LGS: debe comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) o texto da convocatoria e a información requirida para o posterior traslado ao diario oficial correspondente do extracto da convocatoria para a súa publicación; art. 14.1 LSG: as bases serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do órgano concedente).</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a publicación das bases reguladoras e da convocatoria de forma que se garanta a máxima difusión • Verificar o cumprimento dos artigos 9.3 e 18 da LGS e 14 da LSG referidos aos deberes de publicación e información
			S.7.2	<p>Falta de claridade na definición dos requisitos que han de cumprir os beneficiarios ou destinatarios das axudas.</p> <p><i>Os requisitos non quedan claros nas bases reguladoras e/ou na convocatoria ou están suxeitos a interpretación que pode inhibir a participación de potenciais beneficiarios.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiario se incluíron de forma clara nas bases reguladoras e convocatorias
			S.7.3	<p>Non se respectaron os prazos establecidos nas bases reguladoras e/ou convocatoria para a presentación de solicitudes.</p> <p><i>Rexéitase algunha solicitude por fóra de prazo, cando realmente foi presentada en tempo, ou ben acéptanse solicitudes presentadas fóra de prazo.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de comprobación dos prazos establecidos para garantir a regularidade da tramitación • Verificar a presentación das solicitudes dentro do prazo establecido

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
S.8	Trato discriminatorio na selección de beneficiarios	No se garante un procedemento obxectivo de selección de beneficiarios, o que limita o seu acceso ás axudas e subvencións en termos de igualdade	S.8.1	<p>Incumprimento dos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación na selección de beneficiarios.</p> <p><i>Non se definen parámetros obxectivos de valoración ou non se aplica uniformidade e homoxeneidade de criterio na selección de beneficiarios.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar o grao de obxectividade dos criterios de selección definidos nas bases reguladoras e convocatorias • Designar unha comisión de valoración para a selección dos beneficiarios que defina as directrices a seguir no proceso • Ditar instrucións claras a seguir para a aplicación dos criterios e designar unha persoa responsable de supervisar o proceso de selección • Comprobar o cumprimento dos requisitos por parte dos candidatos propostos para obter a condición de beneficiarios • En concorrencia non competitiva, comprobar que as situacións ou actuacións subvencionadas se verifican efectivamente nos solicitantes e que cumpren o resto de requisitos esixidos
S.9	Perda da pista de auditoría	No se garante a conservación de toda a documentación e dos rexistros contables para dispor dunha pista de auditoría suficiente	S.9.1	<p>As bases reguladoras e/ou convocatorias non establecen con precisión a forma en que deben documentarse os gastos e os prazos de conservación da documentación.</p> <p><i>Non se establece con precisión a forma en que os beneficiarios deben documentar os gastos nos que incorreron para a execución da actividade subvencionada en función da súa natureza e dos limiares previstos para a presentación de contas xustificativas simplificadas, nin os prazos mínimos de conservación documental.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias delimitan a forma correcta de documentar os gastos ou que se proporcionou un manual no que se detallan estes aspectos • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias especifican os documentos que deben ser conservados, ou se proporcionou un manual no que se detallan estes aspectos • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias definen de forma clara os prazos de conservación documental
			S.9.2	<p>Incumprimento da obriga de conservar os documentos.</p> <p><i>Os beneficiarios non cumpren as obrigas establecidas para a conservación de documentos.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias esixen o compromiso do solicitante de conservar a documentación nos prazos establecidos

RISCOS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
C.1	Non suxeición normativa	Tramitación do procedemento excluindo ou modulando a aplicación da normativa de contratación	C.1.1	<p>Falta de claridade na definición dos requisitos que han de cumprir os posibles licitadores ou adxudicatarios.</p> <p><i>Os requisitos non quedan claros nos pregos que rexen a contratación e/ou no anuncio de licitación ou están suxeitos a interpretación, o cal pode derivar na selección deliberada dun determinado licitador.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Revisión dos pregos por Asesoría Xurídica e Intervención Uso de modelos harmonizados, pregos tipo ou pregos de referencia Verificar que os requisitos esixidos para participar na licitación e para obter a condición de adxudicatario están incluídos de forma clara nos pregos que rexen a contratación e nos anuncios de licitación
			C.1.2	<p>Os pregos que rexen a contratación non recollen a suxeición aos controis dos organismos competentes.</p> <p><i>Os licitadores non son plenamente conscientes do sometemento da súa actuación ao control de organismos superiores e especializados.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Verificar que os pregos que rexen a contratación esixen o compromiso do licitador de someterse aos controis dos organismos competentes e que identifican os devanditos organismos de control.
C.2	Conflitos de intereses	Incorrer en parcialidade e subxectividade derivada de situacións nas que os principios de obxectividade e neutralidade que han de rexer o exercicio profesional están comprometidos por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo, directo ou indirecto, de interese persoal	C.2.1	<p>Influencia deliberada na valoración e selección dos adxudicatarios.</p> <p><i>As persoas que integran a mesa de contratación, as expertas avaliadoras ou as responsables da adxudicación inflúen deliberadamente na valoración das ofertas para favorecer a algunha/s dela/s.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Declaración da ausencia de conflitos de intereses de todos os membros das mesas de contratación Regulación nos pregos do protocolo en caso de detección de conflito de intereses Exclusión das mesas de contratación do persoal que elabora as prescricións técnicas e dos altos cargos Verificar que os criterios de adxudicación están incluídos de forma clara nos pregos e non dan lugar a interpretación Dispor de sistemas que garantan un certo grao de rotación e heteroxeneidade na selección dos membros da mesa de contratación Dispor de sistemas que garantan un certo grao de rotación e heteroxeneidade na selección do persoal que avalía as ofertas técnicas dos licitadores
			C.2.2	<p>Adxudicación directa irregular mediante o uso indebido da contratación menor.</p> <p><i>As persoas que participan na xestión ou na planificación da contratación con facultades decisoras eluden os procedementos ordinarios de maior concorrencia para favorecer a un licitador ou grupo de licitadores.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Sistema de alertas que informen da concentración de contratos en provedores Comprobación polas intervencións delegadas de indicios de fraccionamento Revisión periódica da concentración de contratos en provedores
			C.2.3	<p>Especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores.</p> <p><i>As persoas que participan na elaboración dos pregos, administrativas ou expertas técnicas, ou as responsables da preparación do contrato inflúen deliberadamente no seu contido para favorecer a algún licitador ou grupo de licitadores.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Declaración de ausencia de conflitos de intereses do persoal que participa na elaboración dos pregos Regulación nos pregos do protocolo en caso de detección de conflito de intereses Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			C.2.4	Ampliación de contratos existentes para evitar a licitación. <i>Alegar xustificacións artificiais, forzadas ou ficticias para ampliar a vixencia dos contratos e eludir o proceso de licitación que debería suceder ao orixinario.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Aprobación prevista nos pregos da posibilidade de ampliación ou prórrogas de contratos • Revisión por Asesoría Xurídica e intervención • Aprobación por instancia superior ao proponente
C.3	Desviacións da execución do contrato	O contratista incumpre as especificacións do contrato durante a súa execución	C.3.1	Non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais. <i>O contratista percibe inmunidade derivada dunha execución deficiente, pois as consecuencias do incumprimento das prestacións contratadas se reduce a un ingreso inferior ou a unha penalidade xenérica de escasa entidade que pode asumir sen alterar a rendibilidade económica da súa actuación incorrecta.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Previsión nos pregos de cláusulas que nos casos de incumprimentos permitan a aplicación de penalidades automáticas e específicas para as prestacións contratadas
			C.3.2	Realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato. <i>Comprópanse os parámetros formais das facturas e a súa coherencia coa cronoloxía de pagamentos incluída no contrato, pero non se verifica a correcta execución das prestacións contratadas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Garantir unha axeitada segregación de funcións de forma que as persoas encargadas de pagar as facturas non sexan as mesmas que prestan a conformidade sobre o cumprimento das condicións estipuladas no contrato
			C.3.3	Non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución. <i>Non se verifica a correcta execución das prestacións contratadas antes de tramitar os pagamentos, incluídas as melloras ou variantes propostas polo contratista na súa oferta, ou as condicións especiais que xustificaron a adxudicación en baixa temeraria.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Designar unha persoa responsable do contrato que reúna garantías de independencia respecto do contratista e con cualificación técnica axeitada para exercer a correcta supervisión da execución do contrato. Preferentemente serán empregados públicos da propia administración con coñecementos especializados na materia • Deixar constancia no expediente, a través dun informe técnico ou na propia acta de recepción, dun pronunciamento expreso sobre o cumprimento daquelas características da prestación que se contemplaron na adxudicación do contrato (melloras, condicións especiais de execución,...) • Comprobar a calidade das prestacións executadas en base aos aspectos concretos que fundamentaron a oferta en baixa temeraria do contratista e que se informaron favorablemente para a adxudicación ao seu favor
			C.3.4	Determinación dun prezo non axustado ao mercado. <i>Unha fixación dos orzamentos de licitación allea aos prezos de mercado pode xerar ofertas tan baixas que, cumprindo as regras do procedemento, comprometan unha execución correcta das prestacións contratadas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Especificar nos pregos ou na documentación contractual os parámetros obxectivos e os criterios de determinación do prezo do contrato
C.4	Fraude	Comisión intencionada de irregularidades que teñan por obxecto a percepción, retención indebida ou desviación de fondos	C.4.1	Vulneración do segredo das proposicións con posterioridade á súa presentación. <i>Difusión do contido das proposicións dos licitadores antes da súa apertura formal ou ignorando o seu carácter confidencial</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego da licitación electrónica • Uso xeneralizado de sistemas de encriptación de ofertas, como SILEX

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
		públicos. Resulta esencial a concorrencia de intencionalidade	C.4.2	Subministrar información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar. <i>Filtrado de información relevante antes de facerse pública</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Publicación no perfil do contratante da planificación das contratacións que cada centro xestor prevé realizar ao longo do exercicio • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
			C.4.3	Dispensar un trato de favor a determinado/s licitador/es. <i>Favorecer a posición de determinado/s licitador/es mediante o establecemento das prescricións técnicas, os criterios de solvencia ou os criterios de adxudicación.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas • Declaración da ausencia de conflitos de intereses do persoal que participa na elaboración dos pregos
			C.4.4	Manipulación de ofertas. <i>Capacidade de alterar o contido das ofertas dos licitadores.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso xeneralizado dos sistemas de encriptación de ofertas, como SILEX • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
C.5	Falsidade documental	Adxudicar contratos sobre unha base documental que falsea as condicións esixidas para obter a condición de adxudicatario ou oculta aquelas que impedirían a adxudicación ao seu favor, así como pagar os importes pactados en base a documentación xustificativa adulterada, ficticia ou simulada	C.5.1	Falseamento na información presentada. <i>Os licitadores presentan documentación falseada que se terá en conta no procedemento (declaracións, compromisos, información financeira, etc.).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Declaración responsable conforme non variaron as circunstancias que constan na inscrición do licitador no rexistro correspondente
			C.5.2	Ocultación da información de remisión obrigatoria á administración. <i>Os licitadores non presentan información á que estarían obrigados en virtude da normativa vixente.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de información de bases de datos de organismos públicos e rexistros mercantís • Lista de comprobación da documentación do proceso de licitación
			C.5.3	Presentación de facturas duplicadas, falsas ou infladas. <i>Na fase de xustificación, os contratistas presentan facturas que non corresponden a unha adquisición de bens ou a unha prestación de servizos real ou que non se axusta aos termos da facturación, ou inclúen datos ou parámetros de cálculo ficticios, inexactos ou simulados.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación mediante cruces de bases de datos • Inspeccións sobre o terreo • Verificacións de documentos electrónicos • Verificación dos requisitos legais das facturas, nóminas, contratos, recibos e outros xustificantes • Verificación dos requisitos e os límites establecidos na normativa aplicable no caso de que o adxudicatario subcontrate a execución das prestacións licitadas
C.6	Sobre financiamento	Incumprimento da prohibición de dobre financiamento ou de superar o custo da actividade	C.6.1	Costes laborais falsos. <i>A documentación achegada polos licitadores en calquera fase do procedemento inclúe estimacións ou cálculos artificiais ou ficticios dos custos laborais vinculados á execución das prestacións contratadas (custos incorrectos de man de obra, tarifas horarias incorrectas, gastos asociados a persoal inexistente, etc.).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo facturadas • Verificación dos rexistros de asistencia ou sistemas de rexistro das horas de traballo facturadas • Verificar na documentación contractual que na determinación do prezo do contrato tiveronse en conta os prezos dos convenios colectivos
			C.6.2	Traballos de insuficiente calidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de probas adicionais • Necesidade de conformidade expresa respecto á execución dos traballos contratados

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<i>Os traballos vinculados ás prestacións contratadas non acadan a calidade buscada nos pregos.</i>	
			C.6.3	<p>Dobre financiamento.</p> <p><i>As prestacións contratadas fináncianse con fondos públicos de concorrencia incompatible ou reciben financiamento doutras fontes distintas ao contrato asinado coa Administración, xerando un lucro para o contratista.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a compatibilidade das fontes de financiamento do contrato • Verificar que os pregos que rexen a contratación advirtan sobre a prohibición de dobre financiamento, coas referencias legais oportunas e trasladen ao contratista a obriga de informar sobre calquera outros fondos solicitados, concedidos ou contratados para financiar os mesmos gastos • Comprobacións cruzadas de bases de datos • Solicitar aos terceiros cofinanciadores certificados ou declaracións que detallen a finalidade da financiación outorgada
C.7	Limitación da concorrencia	Non se garante que o procedemento se desenvolva de forma transparente e pública, o que pode dar lugar a favoritismos	C.7.1	<p>A publicidade dos procedementos é incompleta, irregular ou limitada ou verifícase a insuficiencia ou o incumprimento dos prazos para a recepción das ofertas.</p> <p><i>O procedemento non cumpre cos requisitos de información e publicidade mínimos requiridos na normativa aplicable co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información; nos pregos non se determinan con exactitude os prazos para a presentación de proposicións; fíxanse uns prazos excesivamente reducidos que poidan xerar unha limitación da concorrencia ou non se establecen de forma clara os documentos concretos que debe presentar o licitador na súa proposición para que esta sexa admitida ao procedemento. Tamén pode supoñer que se abran ofertas antes de prazo ou que se acepten ofertas presentadas fóra de prazo.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación dos requisitos de información e publicidade dos anuncios de licitación, así como das condicións de prazos e do seu cumprimento • Deixar constancia nunha acta das ofertas presentadas e da data da súa presentación e apertura, así como dos motivos de rexeitamento, se é o caso
			C.7.2	<p>Elección de tramitación abreviada, urxencia ou emerxencia, ou procedementos de contratación menos competitivos de forma usual e sen xustificación adecuada.</p> <p><i>Utilización de modalidades de tramitación que permiten reducir prazos ou publicidade co fin de evitar a concorrencia sen que estean adecuadamente xustificadas, non garantíndose os principios de non discriminación, igualdade de trato e transparencia.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión da xustificación da forma en que se establece o procedemento de adjudicación • Verificación polas intervencións delegadas
C.8	Trato discriminatorio na selección de adjudicatario	No se garante un procedemento obxectivo de selección de adjudicatario, o que limita o seu acceso ás licitacións en termos de igualdade	C.8.1	<p>Especificacións definidas para favorecer a determinados licitadores.</p> <p><i>Os pregos definen un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico, e existe unha similitude constatable entre as características fixadas nos pregos e os servizos e produtos dun licitador concreto; ou establécense especificacións excesivamente restritivas para excluír a outros licitadores cualificados ou para "xustificar" o recurso a unha única fonte de adquisición e evitar así a competencia; ou establécense cláusulas ou requisitos máis restritivos (maiores requisitos de solvencia económica ou financeira, ou</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión da xustificación da forma en que se establece o procedemento de adjudicación, a súa adecuación e correcta aplicación, de tal maneira que se asegure o cumprimento dos principios de liberdade de acceso, non discriminación e igualdade de trato • Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas • Declaración da ausencia de conflitos de intereses do persoal que redacta as prescricións técnicas aplicables ao contrato

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<i>técnica ou profesional, etc...)</i> ou máis xerais (definición vaga das obras, bens ou servizos a contratar) que o establecido en procedementos de similares características, restrinxindo a concorrencia ou buscando favorecer a un licitador.	
			C.8.2	Incumprimento dos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación na selección de adxudicatario. <i>Non se definen parámetros obxectivos de adxudicación ou non se aplica uniformidade e homoxeneidade de criterio na adxudicación.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar o grao de obxectividade dos criterios de adxudicación definidos nos pregos • Utilizar, cando existan, criterios de adxudicación incluídos en catálogos de criterios aprobados pola organización • Comprobar o cumprimento dos requisitos por parte dos licitadores propostos para obter a condición de adxudicatarios
C.9	Perda da pista de auditoría	No se garante a conservación de toda a documentación e dos rexistros contables para dispor dunha pista de auditoría suficiente	C.9.1	Os pregos non establecen con precisión a forma en que deben documentarse os gastos e os prazos de conservación da documentación. <i>Non se establece con precisión a forma en que os adxudicatarios deben documentar os gastos nos que incorreron para a execución do contrato en función da súa natureza, nin os prazos mínimos de conservación documental.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os pregos delimitan a forma correcta de documentar os gastos • Verificar que os pregos especifican os documentos que deben ser conservados • Verificar que os pregos definen de forma clara os prazos de conservación documental
			C.9.2	Os documentos non se conservan. <i>Os contratistas non cumpren as obrigas establecidas para a conservación de documentos</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os pregos esixen o compromiso do licitador de conservar a documentación nos prazos establecidos
C.10	Risco de colusión	Pactos secretos de manipulación entre empresas para limitar ou eliminar a competencia nos procesos de licitación, na maioría das ocasións co obxectivo de aumentar os prezos ou reducir a calidade dos bens e servizos	C.10.1	Simulación de falsos licitadores. <i>Recíbense distintas ofertas de entidades que presentan vinculación empresarial, de licitadores inactivos ou sen experiencia no sector ou ofertas fantasma que no presentan a calidade suficiente e existe dúbida de que pretendan obter o contrato.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Esixencia de traslado do expediente á Comisión Galega da Competencia cando a mesa de contratación estime que existen indicios fundados de colusión • Comprobar a existencia ou non de vinculación empresarial entre as empresas licitadoras, directivos, propietarios, etc., utilizando fontes de datos abertas ou outras bases de datos • Comprobar os antecedentes das empresas implicadas, por exemplo mediante a revisión dos sitios web ou da información de contacto das empresas • Control das ofertas para verificar que non inclúen subcontratación a operadores que tamén compiten na licitación polo contrato principal • Verificar que non se subcontrata a licitadores que non resultaron adxudicatarios no procedemento de licitación • Establecer mecanismos de análise das propostas enviadas polos licitadores para verificar que non houbo acordos entre eles ou se presentaron ofertas ficticias: os documentos conteñen datos idénticos (dirección, número de teléfono, persoal, etc.), os mesmos erros, redacción, similitudes formais, ou declaracións similares
			C.10.2	Acordos entre os licitadores. <i>Os licitadores pactan a súa participación no procedemento co obxecto de predeterminar o licitador que resultará contratista: ofertas inusuais o similares, as ofertas presentan porcentaxes exactas de baixa, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc..., os licitadores retiran</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Especial análise das ofertas aparentemente altas ou atípicas ou das relacións atípicas entre terceiros • Exame da presenza de circunstancias improbables nas ofertas ou de relacións inusuais entre terceiros: ofertas que parecen coñecer perfectamente o mercado, as empresas da zona non presentan ofertas, etc. • Confirmar a ausencia de influencia duns licitadores sobre outros

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<i>as súas propostas, o licitador proposto como adxudicatario non acepta ou renuncia á adxudicación, etc.</i>	

4.3 Análise de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade

Con independencia dos riscos xerais identificados para o conxunto da organización, cada centro directivo e entidade deberá elaborar o seu plan específico de prevención de riscos e medidas antifraude de acordo coas previsións que se indican a continuación.

4.3.1 Identificación, análise e avaliación de riscos

Cada centro directivo e entidade, xa sexa no momento de aprobación ou, no seu caso, no de revisión do seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, debe proceder a unha identificación, análise e avaliación dos seus propios riscos.

Identificación e análise dos riscos

Para os centros directivos e as entidades que realicen as actividades de xestión de contratación e subvencións, enténdese que lles resultan de aplicación os riscos de contratación e subvencións indicados neste plan xeral de prevención, polo que realizarán a súa propia avaliación destes dos riscos e identificarán e avaliarán igualmente aqueles outros relacionados con estas materias que aprecien de xeito específico na súa organización.

Ademais, os centros directivos e as entidades deberán realizar a identificación, análise e valoración dos riscos das demais áreas de actividade principais de actuación, en atención ás súas funcións, como por exemplo en relación coa tramitación de convenios, encargos a medios propios, réximes autorizatorios, etc.

Tal identificación e posterior análise e avaliación de riscos debe centrarse nas liñas de actuación principais ou máis relevantes de cada centro directivo ou entidade.

Teoricamente é posible pensar nun gran número de posibles riscos. Con todo, este plan acoutará a análise aos riscos máis relevantes ou que pola súa natureza puidesen ter maior impacto na organización, para evitar a dispersión de esforzos, xa que para a maioría destes riscos a súa probabilidade e o seu impacto serán baixos.

A soa identificación de moitos "riscos" menores podería paralizar á dirección e impactar negativamente no seu compromiso coas accións propostas. Parece, polo tanto, máis adecuado concentrarse nun número limitado de riscos, os máis relevantes e urxentes.

Metodoloxía para a avaliación do risco


Co obxectivo de facilitar a análise e avaliación de riscos prevista neste plan xeral de prevención, no Anexo II ofrécese unha matriz de riscos acompañada coa súa

metodoloxía específica, como instrumento para valorar a probabilidade (P) e o impacto (I) dos riscos, tanto dos recollidos no plan xeral de prevención como doutros adicionais que poidan detectar os órganos xestores, así como o efecto das medidas redutoras sobre eles, sen prexuízo de que poidan utilizarse outras ferramentas máis adaptadas ás características de cada centro directivo ou entidade e aos procedementos implantados como consecuencia dos seus propios sistemas de control interno de xestión.

Con independencia da ferramenta utilizada, no plan específico dos centros directivos e entidades deberá constar tanto a identificación e avaliación dos riscos, como a descrición das medidas tidas en conta para reducilos e minimizar os riscos residuais.

O proceso de avaliación dos riscos artículase en tres fases diferenciadas:

1. Valoración do risco bruto (RB)
2. Valoración do risco neto (RN)
3. Valoración do risco residual (RR)



Nas tres fases, o grao do risco cualifícase en función das seguintes puntuacións:

Cor	Risco	Puntuación
	Aceptable	De 1,00 a 3,99
	Significativo	De 4,00 a 7,99
	Grave	De 8,00 a 16,00

Para facilitar as valoracións do proceso, cada risco identificado descomponse á súa vez nun conxunto de elementos máis pequenos e sinxelos de avaliar denominados "indicadores". Excepcionalmente poderase non avaliar algún risco ou indicador, previa xustificación da súa inexistencia ou das circunstancias polas que se non se constata a súa exposición a eles.

FASE 1: avaliación do risco bruto

O primeiro paso a realizar é calcular o risco bruto (RB), que se valora na ausencia de todo tipo de medidas redutoras ou atenuantes.

Cada indicador valorarase tendo en conta o seu impacto e a probabilidade de que suceda, nos seguintes termos:

1. Impacto (I): debe de valorarse de 1 a 4 seguindo os seguintes criterios:

Impacto (I)		
Valor	Grao	Descrición
1	limitado	O custo para a organización de que o risco se materializase sería limitado ou baixo, dende un punto de vista económico, de xestión ou de reputación (por exemplo, suporía un traballo adicional que retrasa outros procesos).
2	medio	O custo para a organización de que o risco se materializase sería medio, debido a que o carácter do risco non é especialmente significativo dende un punto de vista económico, de xestión ou de reputación (por exemplo, retrasaría a consecución dun obxectivo operativo).
3	significativo	O custo para a organización de que o risco se materializase sería significativo, debido a que o carácter do risco é especialmente relevante ou porque hai varios beneficiarios involucrados, dende un punto de vista económico, de xestión ou de reputación (por exemplo, poría en perigo a consecución dun obxectivo operativo, ou retrasaría a consecución dun obxectivo estratéxico).
4	grave	O custo para a organización de que o risco se materializase sería grave, tanto dende un punto de vista económico, como de reputación (por exemplo, percepción negativa nos medios de comunicación ou derivar nunha investigación oficial das partes interesadas) ou de xestión (por exemplo, poría en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico).

2. Probabilidade (P): debe valorarse de 1 a 4 seguindo os seguintes criterios:

Probabilidade (P)	
Valor	Descrición
1	Pode acontecer ocasionalmente ou nalgún caso puntual
2	Pode acontecer en moi poucos casos
3	É probable que ocorra
4	Sucedará con frecuencia

O risco bruto (RB) de cada indicador será o resultado do produto do seu impacto (IB) pola súa probabilidade (PB): $RB = IB \times PB$

O nivel de risco bruto total (RBt) obterase pola media aritmética do risco bruto de todos os seus indicadores, agás aqueles indicadores para os que non se realizou ningunha valoración.

Deste xeito obtense unha cualificación do nivel bruto de cada risco a partir dos seus indicadores, que acadará un nivel aceptable, significativo ou grave, e reflectirá a situación antes da aplicación das medidas correctoras, incluso das que xa están implantadas pola organización.

FASE 2: avaliación do risco neto

A continuación, seleccionaranse as medidas redutoras ou atenuantes do catálogo deste plan xeral de prevención que estean efectivamente implantadas no centro directivo ou entidade e, adicionalmente, poderanse incorporar outras medidas distintas que tamén estean implantadas na organización.

Seguidamente, realizarse unha valoración global entre 1 e 4 do efecto redutor que as medidas implantadas provocan no impacto e na probabilidade, de acordo cos seguintes criterios:

Efecto redutor das medidas atenuantes	
Valor	Descrición
1	A medida non resulta eficaz
2	A medida é pouco eficaz
3	A medida está aumentando a súa eficacia desde que está implantada
4	A medida é totalmente eficaz

Da diferenza entre o valor do impacto do indicador, IB (ou probabilidade do risco bruto, PB) e o efecto redutor das medidas sobre el (ou sobre a probabilidade) obteranse os valores netos do impacto (IN) e da probabilidade (PN) e poderase calcular o risco neto (RN) do indicador correspondente mediante o produto de ambas variables:

$$RN = IN \times PN$$

O nivel de risco neto total (RNT) obterase pola media aritmética dos riscos netos dos indicadores definidos, agás aqueles indicadores para os que non se realizou ningunha valoración.

Deste xeito obtense unha cualificación do nivel neto de cada risco, a partir das dos seus indicadores, que acadará un nivel aceptable, significativo ou grave, e reflectirá a situación real na actualidade, coas medidas efectivamente implantadas na organización.

No suposto de que o risco neto acade o nivel de aceptable, non é preciso continuar coa seguinte fase, xa que estaría conseguido o obxectivo de acadar un risco residual asumible.

Fase 3: avaliación do risco residual

Co obxectivo de acadar en todos os riscos analizados un nivel de risco aceptable, no caso de que o resultado do risco neto sexa significativo ou grave, este deberá reducirse.

Para lograr esta redución ata un nivel de risco aceptable, cada centro directivo e entidade deberá deseñar un Plan de acción no que indicará as novas medidas redutoras previstas e o seu prazo de aplicación.

No caso de risco neto significativo o prazo será o que se determine de xeito razoado, considerándose razoable un máximo dun ano, pero no caso de risco neto grave, as medidas do plan de acción deben ser de aplicación inmediata.

Realizarase unha valoración final do efecto redutor das novas medidas previstas no plan de acción, tanto sobre o impacto como a probabilidade de cada indicador, nos seguintes termos:

Redución do impacto ou da probabilidade do risco	
Valor	Descrición
1	Redución discreta
2	Redución moderada
3	Redución considerable
4	Redución significativa

Da diferenza entre o valor do impacto neto do indicador, IN, (ou probabilidade do risco neto, PN) e o efecto redutor das medidas sobre el (ou sobre a probabilidade) obteranse os valores residuais do impacto (IR) e da probabilidade (PR) e poderase calcular o risco residual (RR) correspondente mediante o produto de ambas variables:

$$RR = IR \times PR$$

O nivel de risco residual total (RRt) obterase pola media aritmética dos riscos residuais dos indicadores definidos, agás aqueles indicadores para os que non se realizou ningunha valoración.

Revisión da avaliación do risco

Finalmente, deberá realizarse unha revisión periódica da valoración seguindo as seguintes regras:

- Se o risco neto total obtivo unha puntuación de nivel aceptable, realizarase unha valoración periódica en base ao establecido polo centro directivo ou a entidade. Aínda que por regra xeral será anualmente, podería realizarse cada dous anos se o nivel dos riscos identificados é moi baixo e durante o ano anterior non se informou de casos de fraude, corrupción, conflitos de intereses ou dobre financiamento.
- Se o risco neto total obtivo unha puntuación de nivel significativo, realizarase unha revisión da valoración unha vez transcorrido o prazo límite establecido para a implantación das medidas redutoras adicionais.
No caso de risco neto grave debe ser de forma inmediata, no prazo máis breve posible.

4.3.2 Aprobación do plan de prevención de riscos e medidas antifraude de cada centro directivo e entidade

Os plans de cada consellería estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades adscritas a ela, e serán aprobados pola persoa titular da consellería. A incorporación de máis centros directivos ou entidades suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos da consellería.

Así, cada centro directivo e entidade elevará a súa proposta de plan específico de prevención para ser aprobado, mediante addenda asinada pola persoa titular da consellería á que estea adscrito, como parte integrante do plan de prevención da consellería de adscrición.

Para estes efectos, os centros directivos e as entidades poderán acollerse aos modelos que se faciliten.

Unha vez aprobados os plans das vicepresidencias e consellerías serán remitidos á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto e remisión ao Consello de Contas.

4.3.3 Mecanismos de detección a través de “bandeiras vermellas”

As bandeiras vermellas son sinais de alarma, pistas ou indicios da posible existencia dunha fraude que non implican necesariamente a súa comisión efectiva, senón que inducen a revisar se a situación está xustificada ou non e se na dita revisión se verifica realmente algunha irregularidade ou conduta fraudulenta.

A súa verificación polo órgano xestor ou por órganos transversais, como os letrados no exercicio da súa función de verificación, ou no seu caso polos equipos de auditoría, dará lugar á modificación do plan específico do centro directivo ou entidade e a implantación ou modificación das medidas oportunas.

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
Pregos reitores do procedemento amañados a favor dun licitador	Presentación dunha única oferta ou número anormalmente baixo de proposicións optando á licitación en varios procedementos	Anual	Órgano xestor
	Extraordinaria similitude entre os pregos reitores do procedemento e os produtos ou servizos do contratista gañador	Anual	Órgano xestor
	Queixas doutros licitadores	Anual	Órgano xestor
	Pregos con prescricións máis restritivas ou máis xerais que as aprobadas en procedementos previos similares	Anual	Órgano xestor
	Pregos con cláusulas non comúns ou pouco razoables	Anual	Órgano xestor
	O poder adxudicador define un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico	Anual	Órgano xestor
Licitacións colusorias	A oferta gañadora é demasiado alta en comparación coas listas de prezos públicas, coas obras ou servizos similares ou promedios da industria, ou cos prezos de referencia do mercado	Anual	Órgano xestor
	Todos os licitadores ofertan prezos altos de forma continuada	Anual	Órgano xestor
	Os prezos das ofertas baixan bruscamente cando novos licitadores participan no procedemento	Anual	Auditoría
	Os adxudicatarios se reparten ou alternan por áreas xeográficas, tipo de traballo, tipo de obra	Anual	Órgano xestor
	O adxudicatario subcontrata aos licitadores perdedores	Anual	Órgano xestor
	Existen patróns de ofertas pouco usuais (por exemplo, as ofertas teñen porcentaxes exactas de rebaixa, a oferta gañadora está xusto debaixo do limiar de prezos aceptables, ofértase exactamente ao valor do orzamento do contrato, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc.)	Anual	Auditoría
Conflicto de intereses	Favoritismo inexplicable ou inusual dun contratista ou vendedor en particular en varios procedementos	Anual	Órgano xestor

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
	Aceptación continua de altos prezos e traballo de baixa calidade	Anual	Órgano xestor
	Un empregado encargado da contratación non presenta declaración de conflito de intereses	Anual	Órgano xestor
	O empregado encargado da contratación declina o ascenso a unha posición na que deixa de ter participación nos procedementos de contratación	Anual	Órgano xestor
	Empregado encargado de contratación parece facer negocios propios pola súa conta	Anual	Órgano xestor
	Excesiva socialización entre un empregado encargado da contratación e un provedor que resulta adxudicatario en moitas ocasións	Anual	Órgano xestor
Manipulación de ofertas	Queixas dos licitadores e falta de control adecuado nos procedementos de licitación	Anual	Órgano xestor
	Licitador excluído por causas dúbidasas ou exceso de declaración de procedementos desertos	Anual	Órgano xestor
Riscos de fraccionamento	Aprécianse dúas ou máis adquisicións con similar obxecto efectuadas a idéntico adxudicatario por debaixo dos límites admitidos para a utilización dos procedementos de adxudicación directa ou dos limiares de publicidade ou que exixirían procedementos con maiores garantías de concorrencia	Anual	Auditoría
	Separación inxustificada das compras, por exemplo, contratos separados para man de obra e materiais, estando ambos por debaixo dos limiares de licitación aberta	Anual	Auditoría
	Compras secuenciais xusto por debaixo dos limiares de publicidade das licitacións	Anual	Auditoría
Risco de limitación da concorrencia en subvencións	Falta de difusión nos medios obrigatorios establecidos Requisitos dos beneficiarios/destinatarios ambiguos Ausencia de publicación de baremos	Anual	Órgano xestor
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	Non se segue un criterio homoxéneo para a selección de beneficiarios nas distintas convocatorias dun mesmo órgano ou con respecto á mesma convocatoria ao longo do tempo	Anual	Órgano xestor
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos	Fondos que non atenden á finalidade ou obxectivo das bases	Anual	Órgano xestor

Ámbitos	Indicios	Revisión	Órgano revisor
(desviación de obxecto)			
Risco de dobre financiamento (incumprimento adicionalidade)	<p>Recepción de importes fixos no lugar de porcentaxes do gasto</p> <p>Varios cofinanciadores que financian a mesma operación</p> <p>Non existe documentación soporte das achegas realizadas por terceiros</p> <p>Financiamento non finalista e sen criterios de reparto</p>	Anual	Órgano xestor
Risco de falsidade documental	<p>Repetida incorrección da información presentada polos solicitantes de axudas ou dos licitadores</p> <p>Continua manipulación na xustificación de gastos (Custos laborais rateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos)</p>	Anual	Órgano xestor
Risco de perda da pista de auditoría	<p>Repetida falta de corrección da documentación das operacións subvencionadas</p> <p>Repetida falta de precisión na convocatoria da forma de documentar os gastos</p> <p>Repetida imprecisión na definición de gastos elixibles</p> <p>Repetida imprecisión no método do cálculo dos custos</p>	Anual	Órgano xestor

5 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

5.1 Seguimento, supervisión e avaliación

Todos os centros directivos e entidades deben realizar un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Con carácter xeral, o devandito control será anual e poderá ser efectuado polo órgano ou unidade responsable da integridade e prevención de riscos.

No marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Con carácter xeral, realizarase unha revisión anual da avaliación de riscos, que podería realizarse cada dous anos se o nivel dos riscos identificados é moi baixo e durante o ano anterior e non se informou de ningún caso de fraude, corrupción, conflitos de intereses ou dobre financiamento.

Nos casos en que se deseñara un plan de acción, revisarase a avaliación dos riscos netos que acadaron un nivel significativo logo de rematar o prazo establecido no plan de acción para a implantación das medidas redutoras. No caso de riscos netos graves, a revisión realizarase no máis breve prazo posible.

Con independencia do anterior, revisarase tamén a avaliación de riscos cando se teña comunicado a existencia dunha fraude ou cando se produzan cambios significativos no centro directivo ou entidade (modificacións normativas ou organizativas con impacto na análise de riscos).

5.2 Actualización e revisión

No caso de que se materialice un acto contrario ao sistema de integridade, a organización debe analizar os feitos ocorridos e determinar as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

Do exame das modificacións ou avaliacións realizados polos centros directivos e entidades poderase analizar a necesidade de introducir novas medidas ou modificar o plan xeral de prevención.

Cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas perante o órgano xestor das que se poidan derivar indicios de irregularidades ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización dos plans de prevención.

Con ocasión do seguimento do plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

5.3 Comunicación e difusión

O plan xeral de prevención difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións e contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

6 ANEXO I_MODELOS DE DECLARACIÓN DA AUSENCIA OU EXISTENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

6.1 Modelo I.A. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos

DECLARACIÓN DA AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Datos de identificación:.....

Núm. expediente:

Contrato/subvención/outra tipoloxía (indicar tipo de procedemento). (*Denominación do expediente*).....

Intervención no procedemento:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaro:

Primeiro.

Estar informado/a do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.

2. Que en relación aos expedientes de contratación, o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como *«calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación»*.

3. Que o Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia prevé que as persoas que ocupen altos cargos deberán realizar unha análise do eventual conflito de intereses á luz do contido das bases reguladoras e convocatorias de subvencións, así como dos pregos de contratación, cuxa concorrencia no procedemento puidese xerar algún tipo de influencia na obxectividade e imparcialidade da súa actuación. Analogamente, no momento da proposta de concesión das axudas ou de adxudicación dos contratos deberán realizar unha análise das persoas propostas para adquirir a condición de beneficiarias ou contratistas respecto das que puidese existir un posible conflito de intereses.

4. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) *Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*

b) *Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*

c) *Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*

d) *Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*

e) *Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».*

5. Que o artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que:

“1. A persoa que ocupe un alto cargo dos mencionados no ámbito de aplicación deste título deberá evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por supoñerlle un beneficio ou un prexuízo.

2. Para estes efectos, consideraranse intereses persoais:

a) *Os intereses propios.*

b) *Os intereses familiares, incluíndo os do seu ou do seu cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, así como os de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade e do segundo grao de afinidade .*

c) *Os das persoas coas cales teña unha cuestión litixiosa pendente.*

d) *Os das persoas coas cales teña amizade íntima ou inimidade manifesta.*

e) *Os de persoas xurídicas ou entidades privadas nas cales o alto cargo, o seu cónxuxe ou a persoa unida en análoga relación exercesen funcións de dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.*

f) *Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás cales os familiares previstos na alínea b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que esta implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.*

3. Os altos cargos non poderán ter, en por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un dez por cento en empresas mentres teñan

concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.”

Segundo.

Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no meu poder, non me atopo incurso/a en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses, nos termos previstos no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e que non concorre en min ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións/outra tipoloxía (indicar tipo de procedemento).

Terceiro.

Que me comprometo a poñer en coñecemento do superior xerárquico, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto.

Que coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

Sinatura

.....

6.2 Modelo I.B. Declaración da ausencia de conflito de intereses para o persoal empregado público

DECLARACIÓN DA AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Datos de identificación:.....

Expediente:.....

Contrato/subvención/outra tipoloxía (indicar tipo de procedemento). (*Denominación do expediente*).....

Intervención no procedemento:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaro:

Primeiro.

Estar informado/a do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.
2. Que en relación aos expedientes de contratación, o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como *«calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación»*.
3. Que o Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia prevé que o persoal empregado público que interveña na redacción das bases reguladoras e convocatorias de subvencións ou na das prescricións técnicas ou cláusulas administrativas dos contratos deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración de ausencia de conflito de intereses. Do mesmo xeito, o persoal que participe nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación deixarán constancia dos extremos referidos nesta declaración, despois de coñecer a identidade das persoas solicitantes da subvención ou dos licitadores.
4. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as

autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) *Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*

b) *Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*

c) *Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*

d) *Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*

e) *Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».*

Segundo.

Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no meu poder, non me atopo incurso/a en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses, nos termos previstos no plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e que non concorre en min ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións/outra tipoloxía (indicar tipo de procedemento).

Terceiro.

Que me comprometo a poñer en coñecemento do órgano de contratación/órgano que designase á comisión de avaliación/ou superior xerárquico, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto.

Que coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

Sinatura

.....

6.3 Modelo II. Declaración da confirmación da ausencia de conflito de intereses

DECLARACIÓN DE CONFIRMACIÓN DA AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Datos de identificación:.....

Núm. expediente:.....

Contrato/subvención/outra tipoloxía (indicar tipo de procedemento).

Intervención no procedemento:

Situación advertida:.....

Unha vez realizada a análise de risco de existencia de conflito de intereses de conformidade co previsto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, reitero que non existe ningunha situación que poida supoñer un conflito de intereses que comprometa a miña actuación obxectiva no procedemento, segundo os motivos que expoño a continuación:

.....

Sinatura

.....

6.4 Modelo III. Declaración da existencia de conflito de intereses

DECLARACIÓN DA EXISTENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Datos de identificación:.....

Núm. expediente:.....

Contrato/subvención/outra tipoloxía (indicar tipo de procedemento). (*Denominación do expediente*).....

Intervención no procedemento:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaro:

Primeiro.

Estar informado/a do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.

2. Que en relación aos expedientes de contratación, o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como *«calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación»*.

3. Que o Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia prevé que o persoal empregado público que interveña na redacción das bases reguladoras e convocatorias de subvencións ou na das prescricións técnicas ou cláusulas administrativas dos contratos deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración de ausencia de conflito de intereses. Do mesmo xeito, o persoal que participe nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación deixarán constancia dos extremos referidos nesta declaración, despois de coñecer a identidade das persoas solicitantes da subvención ou dos licitadores.

4. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento *«as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte»*, sendo estas:

a) *Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*

b) *Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*

c) *Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*

d) *Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*

e) *Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».*

Segundo.

Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no meu poder, atópome incurso/a en:

- a seguinte situación que pode cualificarse de conflito de intereses, nos termos previstos no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia:

.....
.....
.....

- e/ou que concorre en min a causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que se indica a continuación:

.....
.....
.....

Sinatura

.....

7 ANEXO II_METODOLOXÍA

7.1 Presentación

Co obxectivo de facilitar a avaliación de riscos prevista no plan xeral de prevención ofrécese un instrumento de valoración, ou matriz, en forma de folla de cálculo para valorar o impacto (I) e a probabilidade (P) dos riscos, tanto dos recollidos no plan xeral de prevención como doutros adicionais que poidan detectar os órganos xestores, así como o efecto das medidas redutoras sobre eles.

A matriz de riscos está estruturada da seguinte forma:

1. Por áreas de actividade: 1. Subvencións (S) e 2. Contratación (C)
2. Dentro de cada área de actividade ofrécense de forma predefinida distintos riscos e, dentro de cada un deles, posibles indicadores de risco e un catálogo de medidas redutoras ou atenuantes.

Para cada área de actividade preséntase:

- a) Unha lista de riscos, na que se poden consultar dunha vez os riscos incluídos no plan xeral de prevención, xunto cos seus indicadores e o catálogo de medidas redutoras ou atenuantes propostas para eles.
- b) Unha portada [1. Subvencións (S), 2. Contratación (C)] na que se recollen a modo de resumo os distintos riscos, a súa descrición e o resultado da súa avaliación.
- c) Unha folla individualizada para cada risco (S.1, S.2, C.1, C.2, C.X, etc.), na que se relacionan os posibles indicadores e as medidas redutoras propostas para cada un deles.

Tanto as áreas de actividade como os riscos, os seus indicadores e as medidas redutoras que se inclúen na matriz serán obxecto de análise en cada centro directivo e entidade, e sobre eles poderanse realizar as seguintes accións:

- a) De xeito excepcional, eliminar riscos, previa xustificación da súa inexistencia ou das circunstancias polas que se non se constata a súa exposición a eles.

b) Engadir:

- i) Outras áreas de actividade, mediante a adición de novas follas no libro. Achéganse a modo de exemplo a folla denominada 3.Modelo para a área de actividade e as follas M.1, M.2 e M.X para os seus riscos.

- ii) Outros riscos e indicadores mediante a adición de novas follas e a inserción de novas filas, respectivamente.

- iii) Outras medidas redutoras ou atenuantes. Inclúese un campo en branco para engadir medidas que non están recollidas no despregable da columna correspondente. Se se precisasen máis, inseríranse as filas necesarias e axustarase o deseño da folla.

Unha vez realizados os cambios oportunos deben respectarse as ordes secuenciais e a estrutura anteriormente indicadas.

No cadro seguinte identifícanse as denominacións e as descrições dos campos que aparecen na portada de cada **área de actividade**, na que se pretende amosar unha imaxe resumida do grao de exposición aos riscos que presenta o centro directivo ou a entidade avaliadora en cada área de actividade.

Columna	Descrición
Ref. do risco	Cada risco ten unha única referencia alfanumérica. As letras fan alusión á área de actividade na que se identificou o dito risco (S, risco en subvencións e C, risco en contratación) e os números identifican unha referencia secuencial (S.1, S.2, S.3... C.1, C.2, C.3...). Poderán engadirse novas áreas de actividade (S.X, C.X, etc.), creándose simultaneamente follas adicionais para o resumo e os riscos asociados. Inclúese unha nova área de actividade como exemplo (3. Modelo).
Denominación do risco	Indicación concisa do risco a avaliar.
Descrición do risco	Explicación detallada de en que consiste o risco a avaliar.
Risco bruto total (RBT)	Este valor calcúlase automaticamente, como media aritmética dos riscos brutos (Rbt) avaliados.
Risco neto total (RNT)	Este valor calcúlase automaticamente, como media aritmética dos riscos netos (Rnt) avaliados.
Risco residual total (RRT)	Este valor calcúlase automaticamente, como media aritmética dos riscos residuais (Rrt) avaliados.

Para cada área de actividade inclúense follas individualizadas por risco desa área que se vai avaliar: S.1, S.2, C.1, C.2, M.1, etc.

Nestas follas individualizadas existe unha única referencia para cada indicador de risco (Ref. Indicador Risco), asignándosele números secuenciais dentro de cada risco (os indicadores do risco S.1 comezan por S.1.1, os do risco C.2 por C.2.1, etc.)

O funcionamento destas follas individualizadas e a información que conteñen explicarase a continuación.

7.2 Instrucións para cubrir a matriz

O equipo de valoración debe encher unicamente as celas con fondo en cor gris.

Os textos das celas en gris correspondentes ás denominacións e descricións de novos riscos, indicadores de risco ou medidas poden modificarse para recoller outros máis específicos e adaptados á realidade da xestión.

No caso de que se engadan novas áreas de actividade e riscos (follas) ou novos indicadores de risco (filas) deberá revisarse que as fórmulas correspondentes ás columnas de risco bruto, risco neto e risco residual estean correctamente definidas, tomando como referencia as fórmulas iniciais da cada folla do documento.

As celas de "Resultado da valoración" que aparecen nas portadas de cada área de actividade cóbrense automaticamente ao estar vinculadas aos resultados das follas nas que se desenvolve cada risco individualmente, polo que a súa formulación tamén deberá revisarse no caso de que se modifiquen as distintas follas do documento.

VALORACIÓN DO RISCO BRUTO

Cada centro directivo e entidade deberá cubrir o valor do **impacto bruto (IB)**, é dicir, do efecto ou das consecuencias que a conduta ou a situación descrita polo indicador podería provocar no caso de que chegara a materializarse sen ter en conta o efecto de ningunha medida redutora ou atenuante, aínda que xa estean implantadas.

Para esta valoración deberá seleccionar no menú despregable unha puntuación entre 1 e 4 de acordo cos seguintes criterios:

Impacto bruto (IB)		
Valor	Grao	Descrición
1	limitado	O custo para a organización de que o risco se materializase sería limitado ou baixo, dende un punto de vista económico, de xestión ou de reputación (por exemplo, suporía un traballo adicional que retrasa outros procesos).
2	medio	O custo para a organización de que o risco se materializase sería medio, debido a que o carácter do risco non é especialmente significativo dende un punto de vista económico, de xestión ou de reputación (por exemplo, retrasaría a consecución dun obxectivo operativo).
3	significativo	O custo para a organización de que o risco se materializase sería significativo, debido a que o carácter do risco é especialmente relevante ou porque hai varios beneficiarios involucrados, dende un punto de vista económico, de xestión ou de reputación (por exemplo, poría en perigo a consecución dun obxectivo operativo, ou retrasaría a consecución dun obxectivo estratéxico).

Impacto bruto (IB)		
Valor	Grao	Descrición
4	grave	O custo para a organización de que o risco se materializase sería grave, tanto dende un punto de vista económico, como de reputación (por exemplo, percepción negativa nos medios de comunicación ou derivar nunha investigación oficial das partes interesadas) ou de xestión (por exemplo, poría en perigo a consecución dun obxectivo estratéxico).

Cada centro directivo e entidade deberá cubrir o valor da **probabilidade bruta (PB)**, é dicir, da posibilidade de que a conduta ou situación definida no indicador se materialice sen ter en conta o efecto de ningunha medida redutora ou atenuante, aínda que xa estean implantadas.

Para esta valoración, deberá seleccionar no menú despregable unha puntuación entre 1 e 4 de acordo cos seguintes criterios:

Probabilidade (P)	
Valor	Descrición
1	Pode acontecer ocasionalmente ou nalgún caso puntual
2	Pode acontecer en moi poucos casos
3	É probable que ocorra
4	Sucedará con frecuencia

A partir das valoracións do impacto bruto (IB) e da probabilidade bruta (PB), a ferramenta calculará automaticamente:

a) A puntuación do **Risco bruto (RB)** de cada indicador, como o produto do impacto bruto pola probabilidade bruta: $RB = IB \times PB$

b) O valor do **Risco bruto total (RBt)** de cada risco, como a media aritmética do risco bruto de todos os seus indicadores (para o cálculo desta media non se teñen en conta os indicadores para os que non se realizou ningunha valoración).

De forma automática, as celas correspondentes á puntuación do Risco bruto (RB) e ao Risco bruto total (RBt), que inicialmente tiñan fondo en cor verde, cambiarán a súa cor en función dos resultados obtidos, segundo a clasificación das puntuacións que se indica a continuación:

Cor	Risco bruto (RB) ou Risco bruto total (RBT)	Puntuacións
	Aceptable	Puntuación de 1,00 a 3,99
	Significativo	Puntuación de 4,00 a 7,99
	Grave	Puntuación de 8,00 a 16,00

En canto ao cambio da cor, a folia funcionará do mesmo xeito para o Risco total bruto (RBT) nas portadas resumo de cada área de actividade.

VALORACIÓN DO RISCO NETO

Posteriormente, cada centro directivo e entidade deberá cubrir o campo de **Medidas redutoras** seleccionando un dos posibles valores do despregable da columna **Descrición das medidas** ou, no caso de medidas que non se atopan na lista do campo despregable, introducindo directamente a descrición da súa propia medida na cela reservada para iso. Se precisase engadir máis de 1 medida, deberá inserir tantas filas como sexa preciso e axustar o deseño da folia.

A continuación, deberá cubrir as filas correspondentes aos campos **Redución do impacto bruto coas medidas implantadas** e **Redución da probabilidade bruta coas medidas implantadas**.

Deberá realizarse unha valoración global da redución do impacto bruto e da probabilidade bruta, para o cal seleccionárase no menú despregable un valor comprendido entre 1 e 4 de acordo cos seguintes criterios:

Redución do impacto e da probabilidade do risco bruto	
Valor	Descrición
1	A medida non resulta eficaz
2	A medida é pouco eficaz
3	A medida está aumentando a súa eficacia desde que está implantada
4	A medida é totalmente eficaz

Se non existen medidas xa implantadas que poidan minorar o risco bruto, non se cubrirá nada en ningunha cela.

Deste xeito, obterase en que grao o conxunto das medidas implantadas reduce a probabilidade de ocorrencia e o impacto das condutas ou situacións descritas nos indicadores.

A partir da redución estimada do impacto e da probabilidade xerada polas **medidas redutoras implantadas**, a ferramenta calculará automaticamente os valores do impacto neto (IN) e da probabilidade neta (PN), como a diferenza entre o valor do impacto bruto (ou probabilidade bruta) e o valor da redución dese impacto bruto (ou desa probabilidade bruta) provocada polas medidas implantadas:

$IN = IB - \text{Redución IB coas medidas redutoras implantadas}$

$PN = PB - \text{Redución PB coas medidas redutoras implantadas}$

Como resultado:

a) Se a diferenza é maior que 1; a cela correspondente amosará o valor concreto que resulta da operación.

b) Se a diferenza é menor ou igual que 1, a cela correspondente amosará o valor 1.

Unha vez calculados os valores do impacto neto (IN) e da probabilidade neta (PN), a ferramenta calculará automaticamente:

a) A puntuación do **Risco neto (RN)** de cada indicador, como o produto do impacto neto pola probabilidade neta: $RN = IN \times PN$

b) O valor do **Risco neto total (RNT)** de cada risco, como a media aritmética dos riscos netos de todos os seus indicadores (para o cálculo desta media non se teñen en conta os indicadores para os que non se realizou valoración).

De forma automática, as celas correspondentes a Puntuación do Risco neto (RN) e ao Risco neto total (RNT), que inicialmente tiñan fondo en cor verde, cambiarán a súa cor en función dos valores obtidos, segundo a clasificación das puntuacións que se indica a continuación:

Cor	Risco neto (RN) ou Risco neto total (RNT)	Puntuacións
	Aceptable	Puntuación de 1,00 a 3,99
	Significativo	Puntuación de 4,00 a 7,99
	Grave	Puntuación de 8,00 a 16,00

VALORACIÓN DO RISCO RESIDUAL

No caso de que o risco neto (RN) acade un valor aceptable (cor verde) non será preciso continuar á seguinte fase do proceso de avaliación, xa que nese caso estaría conseguido o obxectivo de acadar un risco residual asumible ($RN = RR = \text{aceptable}$).

No caso de que o risco neto (RN) acade un valor significativo ou grave, cada centro directivo e entidade deberá deseñar un Plan de acción para reducir o risco neto ata un nivel aceptable, no que indicará as novas medidas redutoras que prevé aplicar e o seu prazo de implantación.

No caso de risco neto significativo, o plan de acción deberá estar executado antes de un ano, mentres que se o risco é grave, deberanse implantar novas medidas de forma inmediata.

Tendo en conta as medidas previstas no plan de acción, cada centro directivo e entidade deberá cubrir as filas correspondentes aos campos **Redución do impacto neto polas medidas a implantar** e **Redución da probabilidade neta polas medidas a implantar**.

Deberá realizarse unha valoración global da redución do impacto neto e da probabilidade neta, para o cal seleccionárase no menú despregable un valor comprendido entre 1 e 4 de acordo cos seguintes criterios:

Redución do impacto ou da probabilidade do risco	
Valor	Descrición
1	Redución discreta
2	Redución moderada
3	Redución considerable
4	Redución significativa

A partir da redución estimada do impacto e probabilidade netos derivada das novas medidas a implantar, a ferramenta calculará automaticamente os valores do impacto residual (IR) e da probabilidade residual (PR), como a diferenza entre o valor do impacto neto (ou probabilidade neta) e o valor da redución dese impacto neto (ou desa probabilidade neta) que se estima será provocada polas novas medidas a implantar:

$IR = IN - \text{Redución IN polas medidas a implantar}$

$PR = PN - \text{Redución PN polas medidas a implantar}$

Como resultado:

- Se a diferenza é maior que 1; a cela correspondente amosará o valor concreto resultante da operación.
- Se a diferenza é menor ou igual que 1, a cela correspondente amosará o valor 1.

Unha vez calculados os valores do impacto residual (IR) e da probabilidade residual (PR), a ferramenta calculará automaticamente:

a) A puntuación do **Risco residual (RR)** de cada indicador, como o produto do impacto residual (IR) pola probabilidade residual (PR):

$RR = IR \times PR$

b) O valor do **Risco residual total (RRt)** de cada risco, como a media aritmética dos riscos residuais de todos os seus indicadores (para o cálculo desta media non se teñen en conta os indicadores para os que non se realizou ningunha valoración).

De forma automática, as celas correspondentes ao Risco residual (RR) e ao Risco residual total (RRt), que inicialmente tiñan fondo en cor verde, cambiarán a súa cor en función dos valores obtidos, segundo a clasificación das puntuacións que se indica a continuación:

Cor	Risco residual (RR) ou Risco residual total (RRt)	Puntuacións
	Aceptable	Puntuación de 1,00 a 3,99
	Significativo	Puntuación de 4,00 a 7,99
	Grave	Puntuación de 8,00 a 16,00

Tal e como se indicou, a matriz permite obter os resultados do Risco bruto (RB), Risco neto (RN) e Risco residual (RR) para cada indicador asociado a cada risco, e para cada risco definido nas diferentes áreas de actividade, que será o resultado de multiplicar o impacto (bruto, neto ou residual) pola probabilidade (bruta, neta ou residual). As posibles combinacións dos valores do impacto e da probabilidade, coa súa correspondente cor, quedan reflectidas na táboa seguinte:

IMPACTO	grave	4	4	8	12	16
	significativo	3	3	6	9	12
	medio	2	2	4	6	8
	limitado	1	1	2	3	4
			1	2	3	4
			Pode acontecer ocasionalmente ou nalgún caso puntual	Pode acontecer en moi poucos casos	É probable que ocorra	Sucedará con frecuencia
			PROBABILIDADE			

Conclusións

O obxectivo da matriz é servir como instrumento de medición do grao de exposición aos riscos de xestión desde dúas perspectivas: antes e despois de implantar as medidas que poden atenuar os seus efectos, co propósito de que sexa útil como referencia para detectar a posible fraude ou a comisión de irregularidades en cada risco identificado e, en tal caso, establecer un plan de acción para incrementar o número de controis ou a súa intensidade, de acordo coas seguintes regras:

- Se o risco neto total (R_{Nt}) é baixo (aceptable), en principio, non será necesario incluír controis ou medidas redutoras adicionais ás xa existentes, salvo que o centro directivo ou a entidade o considere conveniente. Non obstante, sería recomendable adoptar medidas ou redeseñar as medidas redutoras no caso daqueles indicadores concretos que presentaran un risco significativo ou grave.
- Se o risco neto total (R_{Nt}) é medio (significativo), deben incluírse e valorarse as medidas redutoras adicionais que se prevé aplicar coa indicación do prazo para a súa implantación. Considérase adecuado un período a medio ou curto prazo, en función da natureza das medidas. En todo caso, o prazo deberá ser inferior a un ano.
En todo caso, aos efectos da prevención e control do dobre financiamento deberá atenderse a necesidade de establecer nos informes de xestión (compoñente, medida, proxecto, subproxecto ou subproxecto instrumental) que cada entidade cumprimentará unha referencia expresa sobre a ausencia de dobre financiamento nos termos previstos na Orden HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

II. A nivel dos perceptores finais

Os custos incorridos para lograr os resultados de calquera medida financiada polo MRR non deben ser cubertos por outros programas da Unión (é dicir, o perceptor final non debe recibir axuda para cubrir os mesmos custos tanto do MRR - a través do Estado membro - como doutros fondos da Unión). Así mesmo, a limitación tamén resulta de aplicación ao orzamento nacional.

A responsabilidade de previr, detectar e corrixir este "dobre financiamento" recae principalmente no Estado membro. Se se detecta o dobre financiamento pero o Estado membro non a corrixe mediante a recuperación de fondos do perceptor final, a Comisión pode, á súa vez, recuperar os fondos do MRR do Estado membro.

Para a prevención e control deste risco será eficaz a realización de consultas sistemáticas de bases de datos como a BDNS.

A Comisión Europea insiste en dous aspectos, por unha banda na adopción de mecanismos de prevención do dobre financiamento e, doutra banda, na corrección desta situación se é detectada polo Estado membro.

En todo caso, haberá que estar ao previsto no documento Orientacións en relación á prevención do dobre financiamento no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Hacienda y Función Pública de 6 de marzo de 2023.

8.3 Medidas do ciclo da fraude

Con carácter xeral, todas as medidas incluídas no plan xeral de prevención son de aplicación á xestión dos fondos procedentes do MRR.

Non obstante, neste eido, cómpre ampliar algunhas desas medidas nos seguintes termos:

a) Medidas de corrección

A detección de posible fraude, ou a súa sospeita fundada, conlevará a inmediata suspensión do procedemento, a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e a revisión de todos aqueles proxectos que puidesen estar expostos ao mesmo.

En particular, a entidade afectada por un eventual incidente de fraude deberá avaliar a incidencia e a cualificación da fraude como sistémico ou puntual e, de ser o caso,

retirar os proxectos ou a parte dos proxectos afectados pola fraude e financiados ou a financiar polo PRTR

b) Medidas de persecución

O máis axiña posible denunciarase, se fose o caso, os feitos punibles ás Autoridades Públicas competentes (Servizo Nacional de Coordinación Antifraude –SNCA-) e para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

Ademais das medidas previstas no plan xeral de prevención, iniciarase unha información reservada para depurar responsabilidades ou incoar un expediente disciplinario e denunciaranse os feitos ante a fiscalía e os tribunais competentes, nos casos oportunos.

8.4 Declaración de cumprimento dos órganos responsables

Para facer constar o cumprimento dos principios aplicables á xestión dos fondos do MRR, a garantía do sistema de control da xestión, a utilización dos fondos para os fins previstos e a incorporación de información completa, exacta e fiable ao informe de xestión, os órganos responsables formalizarán a seguinte declaración:

<<En fecha XXXXXX, este Centro manifiesta que los fondos se han utilizado para los fines previstos y se han gestionado de conformidad con todas las normas que resultan de aplicación, en particular las normas relativas a la prevención de conflictos de intereses, del fraude, de la corrupción y de la doble financiación procedente del Mecanismo y de otros programas de la Unión y de conformidad con el principio de buena gestión financiera. Asimismo, manifiesta la veracidad de la información contenida en el informe en relación con el cumplimiento de hitos y objetivos, y confirma que no se han revocado medidas relacionadas con hitos y objetivos anteriormente cumplidos satisfactoriamente, atendiendo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 24 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.>>

8.5 Medidas relativas ao diagnóstico e análise dos riscos xerais da organización

Tendo en conta que os fondos do PRTR serán principalmente xestionados mediante o recurso a actividade de fomento a través de axudas e subvencións e a través da realización de investimentos mediante a contratación de obras e servizos, os riscos sobre os que cómpre facer maior fincapé son precisamente os que poidan acontecer nestas dúas áreas.

A avaliación do risco de dobre financiamento nos expedientes de subvencións ou contratación que estean financiados con fondos europeos realizarase nas memorias xustificativas de gasto de cada expediente e por medio dos informes da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, ou no momento da fiscalización polas intervencións delegadas.

Sempre que no plan específico do centro directivo ou da entidade se teñan valorado os riscos recollidos no plan xeral de prevención, a obriga de avaliar o risco recollida no artigo 6.4 da Orde HFP 1030/2023 poderase dar por cumprida mediante unha remisión expresa ao devandito plan específico no expediente correspondente.

8.6 Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización

O catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes recollido no plan xeral de prevención continúa a ser de aplicación, mais ha de ser ampliado para recoller os riscos e as medidas que afectan especificamente á xestión de fondos MRR.

En consecuencia, o catálogo recollido no plan xeral de prevención complétase nos termos que se indican a continuación (adicións en cor azul):

RISCOS EN MATERIA DE SUBVENCIONS

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
S.1	Non suxeición normativa	Concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións	S.1.1	<p>Falta de claridade na definición dos requisitos que han de cumprir os beneficiarios ou destinatarios das axudas.</p> <p><i>Os requisitos non quedan claros nas bases reguladoras e/ou na convocatoria ou están suxeitos a interpretación, o cal pode derivar na selección deliberada dun determinado beneficiario.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Revisión das bases reguladoras e convocatoria por Asesoría Xurídica e Intervención Uso de modelos harmonizados Verificar que os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiario están incluídos de forma clara nas bases reguladoras e convocatorias
			S.1.2	<p>As bases reguladoras ou as convocatorias non recollen a suxeición aos controis dos organismos competentes.</p> <p><i>Os solicitantes non son plenamente conscientes do sometemento da súa actuación ao control de organismos superiores e especializados.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Verificar que as bases reguladoras ou as convocatorias esixen o compromiso do solicitante de someterse aos controis dos organismos competentes e que identifican os devanditos organismos de control.
S.2	Conflitos de intereses	Incorrer en parcialidade e subxectividade derivada de situacións nas que os principios de obxectividade e neutralidade que han de rexer no exercicio profesional están comprometidos por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo, directo ou indirecto, de interese persoal	S.2.1	<p>Influencia deliberada na valoración e selección dos beneficiarios.</p> <p><i>As persoas que integran o comité de valoración, as expertas avaliadoras ou as responsables da concesión inflúen deliberadamente na valoración das persoas solicitantes para favorecer a algunha delas.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Declaración da ausencia de conflitos de intereses de todos os membros das comisións de valoración Verificar a existencia dunha política en materia de conflito de intereses: código de conduta, firma de Declaracións de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), verificación do contido das DACI coa información procedente doutras fontes (ARACHNE, bases de datos, información interna, fontes de datos abertas ou medios de comunicación), cando cumpra, e descrición detallada de procedementos para abordar posibles casos de conflitos de intereses Regulación nas bases reguladoras do procedemento en caso de detección de conflito de intereses Comisións de valoración con presenza non exclusiva de persoas dependentes do órgano concedente Exclusión da participación nas comisións de valoración para as persoas coa condición de alto cargo
S.3	Desviación do obxecto da subvención	Aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos	S.3.1	<p>Os beneficiarios non destinaron os fondos á finalidade establecida na normativa reguladora da subvención.</p> <p><i>Os fondos concedidos destináronse a unha finalidade diferente á recollida nas bases reguladoras e/ou na convocatoria, ou non foron executados.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Comprobacións sobre o terreo Constancia no expediente de documentación acreditativa da execución das actividades subvencionadas (fotos, carteis, informes, mails, trípticos, materiais, gravacións, documentación, etc...) Verificar que as bases reguladoras ou as convocatorias esixen o compromiso do beneficiario de conservar a documentación por un tempo determinado Control da correcta realización da actuacións obxecto da axuda e a veracidade dos valores dos indicadores, fitos e obxectivos efectivamente alcanzados
			S.3.2	<p>As bases reguladoras ou convocatoria non mencionan o compoñente e a reforma e investimento nin os fitos e obxectivos a cumprir.</p> <p><i>As bases reguladoras e/o convocatoria non conteñen unha referencia á incorporación da actuación no PRTR, con</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Verificar que as bases reguladoras ou a convocatoria conteñen unha referencia á incorporación da actuación no PRTR, con indicación do compoñente e da reforma ou investimento na que se incardinarán as subvencións que se concedan

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<i>indicación do compoñente e da reforma ou investimento na que se incardinarán as subvencións que se concedan nin explicitan a coherencia cos obxectivos perseguidos en cada reforma ou investimento, identificando os fitos ou obxectivos a cuxo cumprimento contribuirán, nin identifican os indicadores suxeitos a seguimento.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras ou a convocatoria recollen a coherencia cos obxectivos perseguidos en cada reforma ou investimento, identifican os fitos e obxectivos a cuxo cumprimento contribúen e identifican os indicadores suxeitos a seguimento.
			S.3.3	<p>As bases reguladoras ou convocatoria non recollen o cumprimento do principio de "non causar un dano significativo".</p> <p><i>As bases reguladoras non recollen expresamente a obrigaón dos beneficiarios de que ningunha das medidas incluídas no PRTR poden causar un prexuízo significativo aos obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras ou a convocatoria recollen expresamente a obrigaón dos beneficiarios do cumprimento do principio de "non causar un dano significativo"
			S.3.4	<p>As bases reguladoras ou convocatoria non recollen o cumprimento do coeficiente da etiquetaxe verde e dixital que se asignou no PRTR.</p> <p><i>As bases reguladoras non inclúen unha análise de como as subvencións reguladas nas mesmas permiten garantir o cumprimento do coeficiente de etiquetaxe verde e dixital que se asignou no PRTR.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras ou a convocatoria inclúen unha referencia ao cumprimento da etiquetaxe verde e dixital que se asignou no PRTR
S.4	Fraude	Comisión intencionada de irregularidades que teñan por obxecto a percepción, retención indebida ou desviación de fondos públicos. Resulta esencial a concorrencia de intencionalidade	S.4.1	<p>Subministrar información privilexiada a posibles beneficiarios sobre as convocatorias que se prevén realizar.</p> <p><i>Filtrado de información relevante antes de facerse pública</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Publicación das convocatorias de subvencións que cada centro xestor prevé realizar ao longo do exercicio • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
			S.4.2	<p>Dispensar un trato de favor a determinado/s posible/s beneficiario/s.</p> <p><i>Favorecer a posición de determinado/s beneficiario/s mediante o establecemento dos criterios de selección.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas • Declaración da ausencia de conflitos de intereses do persoal que participa na elaboración das bases reguladoras e convocatorias
			S.4.3	<p>Manipulación de solicitudes e proxectos recibidos.</p> <p><i>Capacidade de alterar o contido das solicitudes de participación e, no seu caso, dos proxectos recibidos que deben ser obxecto de valoración.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso xeneralizado de sistemas de administración electrónica que permitan verificar que o documento valorado é o presentado, como Rexel • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
S.5	Falsidade documental	Conceder axudas ou subvencións sobre unha base documental que falsea as condicións esixidas para obter a condición de beneficiario ou oculta aquelas que impedirían a concesión ao seu favor, así como pagar os importes	S.5.1	<p>Falseamento na información presentada.</p> <p><i>Os solicitantes das axudas presentan documentación falseada que se terá en conta no procedemento (declaracións, compromisos, información financeira, etc.).</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de que as bases reguladoras e/ou nas convocatorias prevén a verificación a través de interoperabilidade • Declaración responsable conforme non variaron as circunstancias que constan na inscrición do solicitante no rexistro correspondente

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
		concedidos en base a documentación xustificativa adulterada, ficticia ou simulada	S.5.2	Ocultación da información de remisión obrigatoria á administración <i>Os solicitantes non presentan información á que estarían obrigados en virtude da normativa vixente.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de información de bases de datos de organismos públicos e rexistros mercantís • Lista de comprobación da documentación do proceso de solicitude
			S.5.3	Presentación de facturas duplicadas, falsas ou infladas. <i>Na fase de xustificación, os beneficiarios presentan facturas que non corresponden a unha adquisición de bens ou a unha prestación de servizos real ou que non se axusta aos termos da facturación, ou inclúen datos ou parámetros de cálculo ficticios, inexactos ou simulados.</i> <i>Tal e como establecen as medidas de axilización das subvencións financiadas con fondos europeos previstas no capítulo V da Real Decreto- Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, dentro do contido da conta xustificativa as bases reguladoras poderán eximir da obriga de presentar aquelas facturas que teñan un importe inferior a 3.000 euros (art. 63.b).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación mediante cruces de bases de datos • Inspeccións sobre o terreo • Verificacións de documentos electrónicos • Verificación da realización do pagamento dos gastos xustificadas dentro do prazo establecido • Verificación dos requisitos legais das facturas, nóminas, contratos, recibos e outros xustificantes • Verificación dos requisitos e os límites establecidos na normativa aplicable no caso de que o beneficiario subcontrate a execución das actividades subvencionadas • Lista de comprobación e controis da documentación xustificativa dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto • Control de facturas para detectar falsificacións ou duplicidades • Verificar que os documentos xustificativos corresponden ao período no que deben de realizarse as actividades obxecto da subvención • Verificación das probas achegadas polo beneficiario da execución das actividades do proxecto como, por exemplo, prezo final de bens e servizos, rexistros de asistencia ou sistemas de rexistro do tempo de traballo, a condición de que sexa posible e cando este risco avalíese como significativo ou probable • Verificación dos prezos dos bens e servizos cos indicados no orzamento (tendo en conta a singularidade establecida no artigo 63.d do RD-L 36/2020 respecto ao que, nos supostos en que as solicitudes deban ir acompañadas de memorias económicas, flexibilizaranse os compromisos plasmados nelas, no sentido de que se permitan compensacións entre os conceptos orzados sempre que se dirixan a alcanzar o fin da subvención) e cos prezos normais de mercado, no seu caso • Verificar o mantemento dun sistema de contabilización claro ou separado, ben con códigos de contas separadas ou ben cunha clara identificación dos gastos xustificadas • Verificar a coherencia entre a data de xustificación da subvención e a xustificación de cara ao MRR
S.6	Sobre financiamento	Incumprimento da prohibición de dobre financiamento ou de superar o custo da actividade subvencionada	S.6.1	Costes laborais falsos. <i>A documentación achegada polos beneficiarios en calquera fase do procedemento inclúe estimacións ou cálculos artificiais ou ficticios dos custos laborais vinculados á execución da actuación subvencionada (custos incorrectos de man de obra, tarifas horarias incorrectas, gastos asociados a persoal inexistente, etc..)</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo • Fixación dun límite ao importe dos gastos de persoal subvencionados • Verificación dos rexistros de asistencia ou sistemas de rexistro do tempo de traballo

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			S.6.2	Costes laborais prorrateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos. <i>Os gastos en materia laboral vinculados á execución da actuación subvencionada distribúense incorrectamente ou se repiten noutros proxectos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar prorrateos • Cruzar datos de distintos proxectos
			S.6.3	Costes reclamados en traballo de insuficiente calidade. <i>Os traballos vinculados á execución da actuación subvencionada non acadan a calidade buscada nas bases reguladoras ou na convocatoria.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de probas adicionais
			S.6.4	Dobre financiamento. <i>O beneficiario recibe distintas axudas para a mesma actuación que xeran un lucro ou un exceso de financiamento.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a compatibilidade das axudas recibidas para unha mesma operación, segundo o establecido nas bases reguladoras e/ou na convocatoria • Verificar que as bases reguladoras advirten sobre a prohibición de dobre financiamento, coas referencias legais oportunas e trasladen ao beneficiario a obriga de informar sobre calquera outros fondos solicitados e concedidos para financiar os mesmos gastos • Verificar as declaracións responsables doutras fontes de financiamento que inclúan as axudas ou subvencións obtidas ou solicitadas para financiar as actuacións correspondentes, tanto no momento de formalizar a solicitude, como en calquera momento posterior a que se produza esta circunstancia (concesión, xustificación, liquidación final) • Comprobacións cruzadas de bases de datos • Solicitar aos terceiros cofinanciadores certificados ou declaracións que detallen a finalidade da financiación outorgada • Establecer un cofinanciamento de convenios en base a porcentaxes
			S.6.5	Exceso no cofinanciamento dos proxectos/subproxectos/liñas de acción. <i>O beneficiario recibe distintas axudas e estase producindo un lucro ou un exceso de cofinanciamento, incumpríndose a prohibición prevista no artigo 191 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento Xeral da Unión e recollido no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, segundo o cal as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de comprobación sobre dobre financiamento (pode servir de referencia a prevista no Anexo III.D da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia) • Verificar que as bases reguladoras advirten sobre a prohibición de dobre financiamento, con referencia aos artigos 191 do Regulamento 2018/1046 Financeiro da Unión e 9 do Regulamento 2021/241 polo que se establece o MRR, trasladando ao beneficiario a obriga de información sobre calquera outros fondos (non só europeos) que contribúen ao financiamento dos mesmos custos • Verificación das declaracións responsables doutras fontes de financiamento que inclúan as axudas ou subvencións que se obtiveron ou solicitaron para financiar as actuacións correspondentes, tanto no momento de formalizar a solicitude, como en calquera momento posterior en que se produza esta circunstancia • Comprobacións cruzadas con bases de datos nacionais (por exemplo, BDNS) e doutros fondos europeos (por exemplo, Financial Transparency System) cando isto sexa posible e cando este risco se avalíe como significativo e probable • Verificar a realización de cadros de financiamento ao nivel de proxecto/subproxecto/liña de acción que proceda

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
					<ul style="list-style-type: none"> • Verificar o mantemento dunha contabilidade analítica de ingresos e gastos, nas entidades que resulte de aplicación • Establecer medidas que impidan que se produza un exceso de financiamento das actividades (por exemplo, establecer o cofinanciamento de convenios en base a porcentaxes complementarias)
			S.6.6	<p>Existen varios cofinanciadores que financian o mesmo proxecto/subproxecto/liña de acción.</p> <p><i>As convocatorias das axudas deben definir a compatibilidade ou incompatibilidade das axudas con outro tipo de financiamento que proveña doutros fondos europeos ou de fontes nacionais. No caso concreto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, prevé que o financiamento procedente do MRR é compatible co doutros programas e instrumentos da UE, sempre que a axuda non cubra o mesmo custo, é dicir, sempre que non exista dobre financiamento (Considerando 62 e artigo 9).</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a compatibilidade das axudas recibidas para unha mesma operación, segundo o establecido nas bases da convocatoria • Verificar a realización de cadros de financiamento ao nivel de proxecto/subproxecto/liña de acción que proceda
			S.6.7	<p>Non existe documentación soporte das achegas realizadas por terceiros (convenios, doazóns, achegas dinerarias doutra natureza etc.)/ etc.).</p> <p><i>Non existe documentación soporte das achegas realizadas por terceiros.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a realización de cadros de financiamento ao nivel de proxecto/subproxecto/liña de acción que proceda • Lista de comprobación dos elementos que reflectan o soporte das achegas de terceiros • Verificar o mantemento dunha contabilidade analítica de ingresos e gastos, nas entidades que resulte de aplicación
			S.6.8	<p>O financiamento achegado por terceiros non é finalista e non existe un criterio de repartición da mesma.</p> <p><i>No convenio ou acordo de financiamento de terceiros non se sinalan especificamente as actuacións ás que se destinan as contías financiadas.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar aos terceiros cofinanciadores certificados ou declaracións que detallen a finalidade do financiamento outorgado • Establecer medidas que impidan que se produza un exceso de financiamento das actividades (por exemplo, establecer o cofinanciamento de convenios en base a porcentaxes complementarias) • Verificar o mantemento dunha contabilidade analítica de ingresos e gastos, nas entidades que resulte de aplicación
S.7	Limitación da concorrencia	Non se garante que o procedemento se desenvolva de forma transparente e pública, o que pode dar lugar a favoritismos	S.7.1	<p>Insuficiente difusión das bases reguladoras e/ou da convocatoria.</p> <p><i>A publicación das bases reguladoras e/ou da convocatoria non se realiza coa publicidade e transparencia que garantan a súa máxima difusión segundo os medios obrigatorios establecidos na normativa de subvencións (art. 9.3 LGS: as bases reguladoras de cada tipo de subvención deben publicarse no Boletín Oficial del Estado ou no diario oficial correspondente; art. 18 LGS: debe comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) o texto da convocatoria e a información requirida para o posterior traslado ao diario oficial correspondente do extracto da convocatoria para a súa publicación; art.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a publicación das bases reguladoras e da convocatoria de forma que se garanta a máxima difusión • Verificar o cumprimento dos artigos 9.3 e 18 da LGS e 14 da LSG referidos aos deberes de publicación e información

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<p>14.1 LSG: as bases serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do órgano concedente) <i>Tal e como establecen as medidas de axilización das subvencións financiadas con fondos europeos previstas no capítulo V da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, as bases reguladoras poderán incorporar a convocatoria das mesmas (art. 61).</i></p>	
			S.7.2	<p>Falta de claridade na definición dos requisitos que han de cumprir os beneficiarios ou destinatarios das axudas.</p> <p><i>Os requisitos non quedan claros nas bases reguladoras e/ou na convocatoria ou están suxeitos a interpretación que pode inhibir a participación de potenciais beneficiarios.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiario se incluíron de forma clara nas bases reguladoras e convocatorias
			S.7.3	<p>Non se respectaron os prazos establecidos nas bases reguladoras e/ou convocatorias para a presentación de solicitudes.</p> <p><i>Rexéitase algunha solicitude por fóra de prazo, cando realmente foi presentada en tempo, ou ben acéptanse solicitudes presentadas fóra de prazo.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de comprobación dos prazos establecidos para garantir a regularidade da tramitación • Verificar a presentación das solicitudes dentro do prazo establecido
S.8	Trato discriminatorio na selección de beneficiarios	No se garante un procedemento obxectivo de selección de beneficiarios, o que limita o seu acceso ás axudas e subvencións en termos de igualdade	S.8.1	<p>Incumprimento dos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación na selección de beneficiarios.</p> <p><i>Non se definen parámetros obxectivos de valoración ou non se aplica uniformidade e homoxeneidade de criterio na selección de beneficiarios.</i></p> <p><i>Tal e como establece o artigo 62 da Real Decreto-lei 36/2020 ao referirse ás singularidades das subvencións no marco do PRTR, no caso de subvencións de concorrencia non competitiva financiadas con estes fondos poderanse ditar resolucións de concesión por orde de presentación de solicitudes unha vez realizadas as comprobacións de concorrencia da situación ou actuación subvencionable e o cumprimento do resto de requisitos esixidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario asignado na convocatoria, debendo de estar aprobadas as bases reguladoras destas subvencións.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar o grao de obxectividade dos criterios de selección definidos nas bases reguladoras e convocatorias • Designar unha comisión de valoración para a selección dos beneficiarios que defina as directrices a seguir no proceso • Ditar instrucións claras a seguir para a aplicación dos criterios e designar unha persoa responsable de supervisar o proceso de selección • Comprobar o cumprimento dos requisitos por parte dos candidatos propostos para obter a condición de beneficiarios • En concorrencia non competitiva, comprobar que as situacións ou actuacións subvencionadas se verifican efectivamente nos solicitantes e que cumpren o resto de requisitos esixidos

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
S.9	Perda da pista de auditoría	No se garante a conservación de toda a documentación e dos rexistros contables para dispor dunha pista de auditoría suficiente	S.9.1	<p>As bases reguladoras e/ou convocatorias non establecen con precisión a forma en que deben documentarse os gastos e os prazos de conservación da documentación.</p> <p><i>Non se establece con precisión a forma en que os beneficiarios deben documentar os gastos nos que incorreron para a execución da actividade subvencionada en función da súa natureza e dos limiares previstos para a presentación de contas xustificativas simplificadas, nin os prazos mínimos de conservación documental.</i></p> <p><i>O limiar económico para a presentación dunha conta xustificativa simplificada por parte do beneficiario da subvención amplíase ata os 100.000 euros, tal e como establece o artigo 63.a do Real Decreto-lei 36/2020 PRTR.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias delimitan a forma correcta de documentar os gastos ou que se proporcionou un manual no que se detallan estes aspectos • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias especifican os documentos que deben ser conservados, ou se proporcionou un manual no que se detallan estes aspectos • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias definen de forma clara os prazos de conservación documental
			S.9.2	<p>Incumprimento da obriga de conservar os documentos.</p> <p><i>Os beneficiarios non cumpren as obrigas establecidas para a conservación de documentos.</i></p> <p><i>A convocatoria non establece de forma clara a obriga de conservación de documentos prevista no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, e recollida no artigo 22.2 f) do Regulamento (UE) nº 241/2021, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, ben mediante a recompilación no órgano concedente da documentación achegada polo beneficiario, ben establecendo a obriga aos beneficiarios de conservar os documentos nos prazos e formatos sinalados no artigo 132 do Regulamento financeiro (5 anos a partir da operación, 3 anos se o financiamento non supera os 60.000 euros).</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras e/ou as convocatorias esixen o compromiso do solicitante de conservar a documentación nos prazos establecidos • Verificar que as bases reguladoras ou a convocatoria prevexan o mecanismo que permita cumprir coa obriga de conservación de documentos prevista no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e o artigo 22.2 f) do Regulamento (UE) nº 241/2021, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR • Verificar que se puxeron en marcha procedementos que garanten que se conservan todos os documentos requiridos para garantir unha pista de auditoría adecuada
			S.9.3	<p>A convocatoria non define de forma clara e precisa os gastos elixibles.</p> <p><i>A convocatoria non define de forma clara e precisa que gastos son subvencionables.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras ou convocatorias delimitan os gastos subvencionables ou se emitiu un manual de xustificación no que se detallan estes aspectos
			S.9.4	<p>Non se realizou unha correcta documentación das actuacións que permita garantir a pista de auditoría.</p> <p><i>No expediente non quedan documentados os procesos que permiten garantir a pista de auditoría nas diferentes fases: licitación, adxudicación, execución, publicidade, gastos, pagos, contabilización etc.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de comprobación da documentación requirida para garantir a pista de auditoría

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			S.9.5	<p>A convocatoria non recolle a suxeición aos controis dos organismos europeos.</p> <p><i>Dentro das referencias ás obrigacións que asume o beneficiario como consecuencia do financiamento polo MRR, as bases reguladoras da convocatoria non prevén expresamente o condicionamento da concesión da axuda ao compromiso escrito da concesión dos dereitos e accesos á Comisión Europea, á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de Contas Europeo e á Fiscalía Europea.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que as bases reguladoras ou convocatorias recollen o compromiso á suxeición aos controis dos organismos europeos (Comisión Europea, Oficina Europea de Loita contra a Fraude, Tribunal de Contas Europeo e Fiscalía Europea)
S.10	Incumprimento do réxime de axudas do Estado	As subvencións concedidas poden constituír axudas de Estado, pero non se realizou unha análise previa da súa categoría e/ou non se cumpriron as disposicións de aplicación a este tipo de axudas	S.10.1	<p>As bases reguladoras da convocatoria non indican que se trata dunha axuda de Estado, no seu caso.</p> <p><i>As bases reguladoras da convocatoria non indican que se trata dunha axuda de Estado, nin identifican cal é o réxime ao que está suxeita, a normativa europea aplicable, nin se xustifica no expediente en que medida a regulación das bases asegura o cumprimento dos requisitos esixidos para evitar que sexa unha axuda ilegal.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que nas bases reguladoras da convocatoria se indica se a subvención constitúe ou non unha axuda de Estado: <ul style="list-style-type: none"> - No caso de que nas bases se considere que non é unha axuda de Estado, nas propias bases ou no expediente que as acompaña deben quedar evidenciados os elementos que xustifican que non se trata dunha axuda de estado - No caso de que constitúa axuda de Estado, as bases reguladoras ou convocatorias deben identificar con precisión cal é o réxime ao que están suxeitas e indicar a normativa europea aplicable: axudas de mínimos, Regulamento de exención por categorías, axudas notificadas á Comisión, etc. • Verificar no expediente que a regulación das bases asegura o cumprimento dos requisitos esixidos para que non sexa unha axuda ilegal • No caso concreto de axudas autorizadas, verificar que se fai mención expresa ao número de identificación da axuda de Estado outorgado pola Comisión Europa (SA number) e que se deixa constancia expresa no expediente de que, ao regular dita medida, se cumpriron todas as condicións impostas pola Comisión na súa decisión de autorización
			S.10.2	<p>As operacións financiadas constitúen axudas de Estado e non se seguiu o procedemento de información e notificación establecido para o efecto pola normativa europea.</p> <p><i>Non se comprobou que a axuda poida constituír axuda de Estado segundo a normativa da UE aplicable, e/ou non seguiu o procedemento de comunicación e notificación á Comisión Europea.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar se se trata de axudas de Estado e, no seu caso, documentar o cumprimento dos requisitos e a existencia no expediente das notificacións e autorizacións que procedan en cada caso • Lista de comprobación para asegurar o cumprimento da normativa europea en materia de axudas de Estado e para facilitar a elaboración dos informes e declaracións de xestión regulados no MRR (pode servir de referencia a checklist sobre axudas de Estado no marco do PRTR prevista no Anexo III.D da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia)
S.11	Incumprimento das obrigas en materia de información, comunicación e publicidade	Non se cumpre o estipulado na normativa nacional ou europea respecto das obrigas de información e publicidade	S.11.1	<p>Incumprimento dos deberes de información e comunicación do apoio do MRR ás medidas financiadas.</p> <p><i>Incumprimento dos deberes de información e comunicación contidos nos diferentes textos normativos, tanto nacionais como europeos, en particular das obrigacións neste ámbito contidas no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar e distribuír entre todo o persoal involucrado na xestión de actividades financiadas polo MRR dun breve manual relativo ás obrigacións de publicidade do procedemento • Lista de comprobación dos requisitos de información e publicidade, que inclúa, entre outras cuestións: <ul style="list-style-type: none"> - Verificar que as bases reguladoras e/ou convocatorias conteñan unha referencia á incorporación da actuación no PRTR, con indicación do compoñente e da reforma ou investimento na que se incardinarán as subvencións que se concedan -Verificar que as convocatorias que se desenvolvan neste ámbito conteñan, tanto no seu cabezal como no seu corpo de desenvolvemento, a seguinte referencia: «Plan de

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<i>configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.</i>	<p>Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU»</p> <p>-Verificar que se incluíu na convocatoria que nos proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuado que diga "financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU", xunto ao logo do PRTR, dispoñible no link https://planderecuperacion.gob.es/identidade-visual, así como supervisar que os perceptores de fondos farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público</p>
			S.11.2	<p>Incumprimento do deber de identificación do perceptor final dos fondos nunha base de datos única.</p> <p><i>Incumprimento do deber de identificación de beneficiarios e subcontratistas previsto no artigo 22.2. d) do Regulamento UE nº 241/2021 e no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que se realiza a identificación dos beneficiarios das axudas, sexan persoas físicas ou xurídicas, nos termos previstos no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e que dita documentación se remitiu de acordo co procedemento recollido no artigo 8.3 da citada orde

RISCOS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
C.1	Non suxeición normativa	Tramitación do procedemento excluindo ou modulando a aplicación da normativa de contratación	C.1.1	<p>Falta de claridade na definición dos requisitos que han de cumprir os posibles licitadores ou adxudicatarios.</p> <p><i>Os requisitos non quedan claros nos pregos que rexen a contratación e/ou no anuncio de licitación ou están suxeitos a interpretación, o cal pode derivar na selección deliberada dun determinado licitador.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión dos pregos por Asesoría Xurídica e Intervención • Uso de modelos harmonizados, pregos tipo ou pregos de referencia • Verificar que os requisitos esixidos para participar na licitación e para obter a condición de adxudicatario están incluídos de forma clara nos pregos que rexen a contratación e nos anuncios de licitación
			C.1.2	<p>Os pregos que rexen a contratación non recollen a suxeición aos controis dos organismos competentes.</p> <p><i>Os licitadores non son plenamente conscientes do sometemento da súa actuación ao control de organismos superiores e especializados.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os pregos que rexen a contratación esixen o compromiso do licitador de someterse aos controis dos organismos competentes e que identifican os devanditos organismos de control
C.2	Conflitos de intereses	Incorrer en parcialidade e subxectividade derivada de situacións nas que os principios de obxectividade e neutralidade que han de rexer o exercicio profesional están comprometidos por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo, directo ou indirecto, de interese persoal	C.2.1	<p>Influencia deliberada na valoración e selección dos adxudicatarios.</p> <p><i>As persoas que integran a mesa de contratación, as expertas avaliadoras ou as responsables da adxudicación inflúen deliberadamente na valoración das ofertas para favorecer a algunha/s dela/s.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración da ausencia de conflitos de intereses de todos os membros das mesas de contratación • Regulación nos pregos do protocolo en caso de detección de conflito de intereses • Exclusión das mesas de contratación do persoal que elabora as prescricións técnicas e dos altos cargos • Verificar que os criterios de adxudicación están incluídos de forma clara nos pregos e non dan lugar a interpretación • Dispor de sistemas que garantan un certo grao de rotación e heteroxeneidade na selección dos membros da mesa de contratación • Dispor de sistemas que garantan un certo grao de rotación e heteroxeneidade na selección do persoal que avalía as ofertas técnicas dos licitadores
			C.2.2	<p>Adxudicación directa irregular mediante o uso indebido da contratación menor.</p> <p><i>As persoas que participan na xestión ou na planificación da contratación con facultades decisoras eluden os procedementos ordinarios de maior concorrencia para favorecer a un licitador ou grupo de licitadores.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sistema de alertas que informen da concentración de contratos en provedores • Comprobación de indicios de fraccionamento por parte das Intervencións delegadas • Revisión periódica da concentración de contratos en provedores
			C.2.3	<p>Especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores.</p> <p><i>As persoas que participan na elaboración dos pregos, administrativas ou expertas técnicas, ou as responsables da preparación do contrato inflúen deliberadamente no seu contido para favorecer a algún licitador ou grupo de licitadores.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración da ausencia de conflitos de intereses do persoal que participa na elaboración dos pregos • Regulación nos pregos do protocolo en caso de detección de conflito de intereses • Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			C.2.4	<p>Ampliación de contratos existentes para evitar a licitación.</p> <p><i>Alegar xustificacións artificiais, forzadas ou ficticias para ampliar a vixencia dos contratos e eludir o proceso de licitación que debería suceder ao orixinario.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aprobación prevista nos pregos da posibilidade de ampliación ou prórrogas dos contratos • Revisión por Asesoría Xurídica e Intervención • Aprobación por instancia superior ao proponente
C.3	Desviacións da execución do contrato	O contratista incumpre as especificacións do contrato durante a súa execución	C.3.1	<p>Non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais.</p> <p><i>O contratista percibe inmunidade derivada dunha execución deficiente, pois as consecuencias do incumprimento das prestacións contratadas se reduce a un ingreso inferior ou a unha penalidade xenérica de escasa entidade que pode asumir sen alterar a rendibilidade económica da súa actuación incorrecta.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Previsión nos pregos de cláusulas por incumprimentos que permitan aplicar penalidades automáticas e específicas para as prestacións contratadas
			C.3.2	<p>Realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato.</p> <p><i>Comprópanse os parámetros formais das facturas e a súa coherencia coa cronoloxía de pagamentos incluída no contrato, pero non se verifica a correcta execución das prestacións contratadas.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Garantir unha axeitada segregación de funcións de forma que as persoas encargadas de pagar as facturas non sexas as mesmas que prestan a conformidade sobre o cumprimento das condicións estipuladas no contrato
			C.3.3	<p>Non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución.</p> <p><i>Non se verifica a correcta execución das prestacións contratadas antes de tramitar os pagamentos, incluídas as melloras ou variantes propostas polo contratista na súa oferta, ou as condicións especiais que xustificaron a adxudicación en baixa temeraria.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Designar unha persoa responsable do contrato que reúna garantías de independencia respecto do contratista e con cualificación técnica axeitada para exercer unha correcta supervisión da execución do contrato. Preferentemente serán empregados públicos da propia administración con coñecementos especializados na materia • Deixar constancia no expediente, a través dun informe técnico ou na propia acta de recepción, dun pronunciamento expreso sobre o cumprimento daquelas características da prestación que se contemplaron na adxudicación do contrato (melloras, condicións especiais de execución, etc.) • Comprobar a calidade das prestacións executadas en base aos aspectos concretos que fundamentaron a oferta en baixa temeraria do contratista e que se informaron favorablemente para a adxudicación ao seu favor
			C.3.4	<p>Determinación dun prezo non axustado ao mercado.</p> <p><i>Unha fixación dos orzamentos de licitación allea aos prezos de mercado pode xerar ofertas tan baixas que, cumprindo as regras do procedemento, comprometan unha execución correcta das prestacións contratadas.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Especificar nos pregos ou na documentación contractual os parámetros obxectivos e os criterios de determinación do prezo do contrato

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
C.4	Fraude	Comisión intencionada de irregularidades que teñan por obxecto a percepción, retención indebida ou desviación de fondos públicos. Resulta esencial a concorrencia de intencionalidade	C.4.1	Vulneración do segredo das proposicións con posterioridade á súa presentación. <i>Difusión do contido das proposicións dos licitadores antes da súa apertura formal ou ignorando o seu carácter confidencial.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego da licitación electrónica • Uso xeneralizado de sistemas de encriptación de ofertas, como SILEX
			C.4.2	Subministrar información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar. <i>Filtrado de información relevante antes de facerse pública.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Publicación no perfil do contratante da planificación das contratacións que cada centro xestor prevé realizar ao longo do exercicio • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
			C.4.3	Dispensar un trato de favor a determinado/s licitador/es. <i>Favorecer a posición de determinado/s licitador/es mediante o establecemento das prescricións técnicas, os criterios de solvencia ou os criterios de adxudicación.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas • Declaración de ausencia de conflitos de intereses do persoal que participa na elaboración dos pregos
			C.4.4	Manipulación de ofertas. <i>Capacidade de alterar o contido das ofertas dos licitadores.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso xeneralizado dos sistemas de encriptación de ofertas, como SILEX • Esixencia dun alto grao de discreción ao persoal que participa no deseño do procedemento para evitar filtracións a persoas alleas que se interesan por conseguir información moi específica
			C.4.5	O obxecto do contrato e as prescricións técnicas definidos nos pregos non responden ao compoñente e á reforma ou investimento nin aos fitos e obxectivos a cumprir. <i>Non existe unha coherencia das prestacións que se pretenden contratar cos obxectivos perseguidos na correspondente reforma ou investimento, nin cos fitos ou obxectivos a cuzo cumprimento contribuirán, nin se fai mención respecto diso nos documentos de licitación.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os documentos do expediente de contratación conteñen unha referencia á incorporación da actuación no PRTR, con indicación do compoñente e da reforma ou investimento, proxecto ou subproxecto nos que se incardinarán as actuacións que constitúen o obxecto do contrato • Verificar que existe coherencia entre o obxecto do contrato e os obxectivos perseguidos na correspondente reforma ou investimento, e os fitos e obxectivos a cuzo cumprimento contribuirán as prestacións que se van a contratar
			C.4.6	Os criterios de adxudicación incumpren ou son contrarios ao principio de "non causar un dano significativo" e á etiquetaxe verde e dixital. <i>Os criterios de adxudicación incumpren obrigacións transversais do PRTR como son o principio de "non causar dano significativo" ou cumprir coa etiquetaxe verde ou dixital, sen que se faga referencia a estas obrigacións nos documentos do contrato</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que se recolle expresamente nos pregos a obrigaçión do cumprimento do principio de "non causar un dano significativo" e as consecuencias do seu incumprimento • Verificar que se inclúe unha referencia nos pregos ao preceptivo cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetaxe verde e dixital e os mecanismos asignados para o seu control
C.5	Falsidade documental	Adxudicar contratos sobre unha base documental que falsea as condicións esixidas para obter a condición de	C.5.1	Falseamento na información presentada. <i>Os licitadores presentan documentación falseada que se terá en conta no procedemento (declaracións, compromisos, información financeira, etc.).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Declaración responsable conforme non variaron as circunstancias que constan na inscrición do licitador no rexistro correspondente

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
		adxudicatario ou oculta aquelas que impedirían a adxudicación ao seu favor, así como pagar os importes pactados en base a documentación xustificativa adulterada, ficticia ou simulada	C.5.2	Ocultación da información de remisión obrigatoria á administración. <i>Os licitadores non presentan información á que estarían obrigados en virtude da normativa vixente.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes • Comprobación de información de bases de datos de organismos públicos e rexistros mercantís • Lista de comprobación da documentación do proceso de licitación
			C.5.3	Presentación de facturas duplicadas, falsas ou infladas. <i>Na fase de xustificación, os contratistas presentan facturas que non corresponden a unha adquisición de bens ou a unha prestación de servizos real ou que non se axusta aos termos da facturación, ou inclúen datos ou parámetros de cálculo ficticios, inexactos ou simulados.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación mediante cruces de bases de datos • Inspeccións sobre o terreo • Verificacións de documentos electrónicos • Verificación dos requisitos legais das facturas, nóminas, contratos, recibos e outros xustificantes • Verificación dos requisitos e os límites establecidos na normativa aplicable no caso de que o adxudicatario subcontrate a execución das prestacións licitadas
C.6	Sobre financiamento	Incumprimento da prohibición de dobre financiamento ou de superar o custo da actividade	C.6.1	Costes laborais falsos. <i>A documentación achegada polos licitadores en calquera fase do procedemento inclúe estimacións ou cálculos artificiais ou ficticios dos custos laborais vinculados á execución das prestacións contratadas (custos incorrectos de man de obra, tarifas horarias incorrectas, gastos asociados a persoal inexistente, etc.).</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo • Verificación dos rexistros de asistencia ou sistemas de rexistro das horas de traballo facturadas • Verificar na documentación contractual que na determinación do prezo do contrato se tiveron en conta os prezos dos convenios colectivos
			C.6.2	Traballos de insuficiente calidade. <i>Os traballos vinculados ás prestacións contratadas non acadan a calidade buscada nos pregos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de probas adicionais • Necesidade de conformidade expresa respecto á execución dos traballos contratados
			C.6.3	Dobre financiamento. <i>As prestacións contratadas fináncianse con fondos públicos de concorrencia incompatible ou reciben financiamento doutras fontes distintas ao contrato asinado coa Administración, xerando un lucro para o contratista.</i> <i>Incumprimento da prohibición de dobre financiamento recollida de forma particular no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, segundo o cal as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar a compatibilidade das fontes de financiamento do contrato • Verificar que os pregos que rexen a contratación advirtan sobre a prohibición de dobre financiamento, coas referencias legais oportunas e trasladen ao contratista a obriga de informar sobre calquera outros fondos solicitados, concedidos ou contratados para financiar os mesmos gastos • Comprobacións cruzadas de bases de datos • Solicitar aos terceiros cofinanciadores certificados ou declaracións que detallen a finalidade da financiación outorgada • Verificar a realización de cadros de financiamento ao nivel de proxecto, subproxecto ou liña de acción que proceda • Listas de comprobación sobre dobre financiamento
C.7	Limitación da concorrencia	Non se garante que o procedemento se desenvolva de forma transparente e pública, o que pode dar lugar a favoritismos.	C.7.1	A publicidade dos procedementos é incompleta, irregular ou limitada ou verifícase a insuficiencia ou o incumprimento dos prazos para a recepción das ofertas. <i>O procedemento non cumpre cos requisitos de información e publicidade mínimos requiridos na normativa aplicable co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información;</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación dos requisitos de información e publicidade dos anuncios de licitación, así como das condicións de prazos e do seu cumprimento • Deixar constancia nunha acta das ofertas presentadas e da data da súa presentación e apertura, así como dos motivos de rexeitamento, se é o caso

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
				<p><i>nos pregos non se determinan con exactitude os prazos para a presentación de proposicións; fíxanse uns prazos excesivamente reducidos que poidan xerar unha limitación da concorrencia ou non se establecen de forma clara os documentos concretos que debe presentar o licitador na súa proposición para que esta sexa admitida ao procedemento. Tamén pode supoñer que se abran ofertas antes de prazo ou que se acepten ofertas presentadas fóra de prazo.</i></p> <p><i>Deben terse en conta as especialidades establecidas na Real Decreto-lei 36/2020 sobre aplicación de procedementos de adjudicación simplificados, tramitación de urxencia e redución de prazos para os contratos financiados con fondos procedentes de PRTR.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Dispoñer dun procedemento claro, difundido entre o persoal, sobre os requisitos de publicidade que deben cumprirse nos diferentes procedementos de contratación, que conteña as especialidades aplicables aos contratos financiados polo MRR e que garanta a correcta publicidade das licitacións
			C.7.2	<p>Elección de tramitación abreviada, urxencia ou emerxencia, ou procedementos de contratación menos competitivos de forma usual e sen xustificación adecuada.</p> <p><i>Utilización de modalidades de tramitación que permiten reducir prazos ou publicidade co fin de evitar a concorrencia sen que estean adecuadamente xustificadas, non garantíndose os principios de non discriminación, igualdade de trato e transparencia.</i></p> <p><i>Deben terse en conta as especialidades establecidas na Real Decreto-lei 36/2020 sobre aplicación de procedementos de adjudicación simplificados, tramitación de urxencia e redución de prazos para os contratos financiados con fondos procedentes de PRTR.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Revisión da xustificación da forma en que se establece o procedemento de adjudicación, con adaptación á especialidades introducidas para os contratos financiados con fondos procedentes do PRTR, a súa adecuación e correcta aplicación, de tal maneira que se asegure o cumprimento dos principios de liberdade de acceso, non discriminación e igualdade de trato Verificación por parte das intervencións delegadas
C.8	Trato discriminatorio na selección de adjudicatario	No se garante un procedemento obxectivo de selección de adjudicatario, o que limita o seu acceso ás licitacións en termos de igualdade	C.8.1	<p>Especificacións definidas para favorecer a determinados licitadores.</p> <p><i>Os pregos definen un produto dunha marca concreta en lugar dun produto xenérico, e existe unha similitude constatable entre as características fixadas nos pregos e os servizos e produtos dun licitador concreto; ou establécense especificacións excesivamente restritivas para excluír a outros licitadores cualificados ou para "xustificar" o recurso a unha única fonte de adquisición e evitar así a competencia; ou establécense cláusulas ou requisitos máis restritivos (maiores requisitos de solvencia económica ou financeira, ou técnica ou profesional, etc...) ou máis xerais (definición vaga das obras, bens ou servizos a contratar) que o establecido en procedementos de similares características, restrinxindo a concorrencia ou buscando favorecer a un licitador.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> Revisión da xustificación da forma en que se establece o procedemento de adjudicación, a súa adecuación e correcta aplicación, de tal maneira que se asegure o cumprimento dos principios de liberdade de acceso, non discriminación e igualdade de trato Verificación das especificacións por parte das oficinas de supervisión, intervencións delegadas ou entidades especializadas Declaración de ausencia de conflitos de intereses do persoal que redacta as prescricións técnicas aplicables ao contrato

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			C.8.2	<p>Incumprimento dos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación na selección de adxudicatario.</p> <p><i>Non se definen parámetros obxectivos de adxudicación ou non se aplica uniformidade e homoxeneidade de criterio na adxudicación.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar o grao de obxectividade dos criterios de adxudicación definidos nos pregos • Utilizar, cando existan, criterios de adxudicación incluídos en catálogos de criterios aprobados pola organización • Comprobar o cumprimento dos requisitos por parte dos licitadores propostos para obter a condición de adxudicatarios
C.9	Perda da pista de auditoría	No se garante a conservación de toda a documentación e dos rexistros contables para dispor dunha pista de auditoría suficiente	C.9.1	<p>Os pregos non establecen con precisión a forma en que deben documentarse os gastos e os prazos de conservación da documentación.</p> <p><i>Non se establece con precisión a forma en que os adxudicatarios deben documentar os gastos nos que incorreron para a execución do contrato en función da súa natureza, nin os prazos mínimos de conservación documental.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os pregos delimitan a forma correcta de documentar os gastos • Verificar que os pregos especifican os documentos que deben ser conservados • Verificar que os pregos definen de forma clara os prazos de conservación documental
			C.9.2	<p>Os documentos non se conservan.</p> <p><i>Os contratistas non cumpren as obrigas establecidas para a conservación de documentos.</i></p> <p><i>Non se cumpre a obriga de conservación de documentos prevista no artigo 132 Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e recollida no artigo 22.2 f) do Regulamento (UE) nº 241/2021, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que os pregos esixen o compromiso do licitador de conservar a documentación nos prazos establecidos • Verificar o establecemento dun mecanismo que permita cumprir coa obriga de conservar os documentos nos prazos e formatos sinalados no artigo 132 do Regulamento Financeiro (5 anos a partir da operación, 3 anos se o financiamento non supera os 60.000 euros) prevista no artigo 22.2 f) do Regulamento (UE) nº 241/2021
			C.9.3	<p>Non se realizou unha correcta documentación das actuacións que permita garantir a pista de auditoría.</p> <p><i>No expediente do contrato non quedan documentados os procesos que permiten garantir a pista de auditoría nas diferentes fases: licitación, adxudicación, execución, publicidade, gastos, pagos, contabilización etc...</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de comprobación da documentación requirida para garantir a pista de auditoría
			C.9.4	<p>Non se garante o compromiso de suxeición aos controis dos organismos europeos polos perceptores finais.</p> <p><i>Non consta a autorización expresa por parte do contratista ou o subcontratista dos dereitos e accesos necesarios á Comisión Europea, á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de Contas Europeo e á Fiscalía Europea, para que exerzan plenamente as súas competencias.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar o compromiso expreso dos contratistas e subcontratistas á suxeición aos controis dos organismos europeos (Comisión Europea, Oficina Europea de Loita contra a Fraude, Tribunal de Contas Europeo e Fiscalía Europea)

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
C.10	Risco de colusión	Pactos secretos de manipulación entre empresas para limitar ou eliminar a competencia nos procesos de licitación, na maioría das ocasións co obxectivo de aumentar os prezos ou reducir a calidade dos bens e servizos	C.10.1	<p>Simulación de falsos licitadores.</p> <p><i>Recíbense distintas ofertas de entidades que presentan vinculación empresarial, de licitadores inactivos ou sen experiencia no sector ou ofertas fantasma que no presentan a calidade suficiente e existe dúbida de que pretendan obter o contrato.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Esixencia de traslado do expediente á Comisión Galega da Competencia cando a mesa de contratación estime que existen indicios fundados de colusión • Comprobar a existencia ou non de vinculación empresarial entre as empresas licitadoras, directivos, propietarios, etc., utilizando fontes de datos abertas ou outras bases de datos • Comprobar os antecedentes das empresas implicadas, por exemplo mediante a revisión dos sitios web ou da información de contacto das empresas • Control das ofertas para verificar que non inclúen subcontratación a operadores que tamén compiten na licitación polo contrato principal • Verificar que non se subcontrata a licitadores que non resultaron adxudicatarios no procedemento de licitación • Establecer mecanismos de análise das propostas enviadas polos licitadores para verificar que non houbo acordos entre eles ou se presentaron ofertas ficticias: os documentos conteñen datos idénticos (dirección, número de teléfono, persoal, etc.), os mesmos erros, redacción, similitudes formais, ou declaracións similares
			C.10.2	<p>Acordos entre os licitadores.</p> <p><i>Os licitadores pactan a súa participación no procedemento co obxecto de predeterminar o licitador que resultará contratista: ofertas inusuais o similares, as ofertas presentan porcentaxes exactas de baixa, os prezos das ofertas son demasiado altos, demasiado próximos, moi distintos, números redondos, incompletos, etc..., os licitadores retiran as súas propostas, o licitador proposto como adxudicatario non acepta ou renuncia á adxudicación, etc.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Especial análise das ofertas aparentemente altas ou atípicas ou das relacións atípicas entre terceiros • Exame da presenza de circunstancias improbables nas ofertas ou de relacións inusuais entre terceiros: ofertas que parecen coñecer perfectamente o mercado, as empresas da zona non presentan ofertas, etc. • Confirmar a ausencia de influencia duns licitadores sobre outros
C.11	Incumprimento das obrigas en materia de información, comunicación e publicidade	Non se cumpre o estipulado na normativa nacional ou europea respecto das obrigas de información e publicidade	C.11.1	<p>Incumprimento dos deberes de información e comunicación do apoio do MRR ás medidas financiadas.</p> <p><i>Incumprimento dos deberes de información e comunicación contidos nos diferentes textos normativos, tanto nacionais como europeos, en particular das obrigacións neste ámbito contidas no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar e distribuír entre todo o persoal involucrado na xestión das actividades financiadas polo MRR dun breve manual relativo ás obrigacións de publicidade do procedemento • Lista de comprobación de requisitos de información e publicidade, que inclúa, entre outras cuestións: <ul style="list-style-type: none"> - Verificar que os pregos conteñan unha referencia á incorporación da actuación no PRTR, con indicación do compoñente e da reforma ou investimento na que se incardinarán os contratos -Verificar que os pregos que se desenvolvan neste ámbito conteñan, tanto no seu cabezal como no seu corpo de desenvolvemento, a seguinte referencia: «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU» -Verificar que se incluíu nos pregos que nos proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuado que diga "financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU", xunto ao logo do PRTR, dispoñible no link https://planderecuperacion.gob.es/identidade-visual, así como supervisar que os perceptores dos fondos farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público

Ref. Do risco	Denominación do risco	Descrición do risco	Ref. Do indicador	Indicadores para valorar o risco	Posibles medidas de atenuación ou minimización do risco
			C.11.2	<p>Incumprimento do deber de identificación do perceptor final dos fondos nunha base de datos única.</p> <p><i>Incumprimento do deber de identificación de contratistas e subcontratistas previsto no artigo 22.2. d) do Regulamento UE nº 241/2021 e no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Verificar que se realiza a identificación dos perceptores dos fondos, sexan persoas físicas ou xurídicas, nos termos previstos no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e que a dita documentación se remitiu de acordo co procedemento recollido no artigo 8.3 da citada orde

8.7 Medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de intereses

As premisas recollidas no plan xeral de prevención son de aplicación á xestión de fondos do MRR coas adaptacións que se indican a continuación.

a) Réxime do conflito de intereses de aplicación ao persoal que teña a condición de alto cargo

1. Nos procedementos de contratación e concesión de subvencións:
 - i. Fase de preparación: a DACI que deberá ser asinada polas persoas que ocupen altos cargos e exerzan responsabilidades no procedemento, suxeitarase ao modelo I.A.1 deste anexo III.
 - ii. Fase de valoración: a DACI que deberá ser asinada polas persoas que ocupen altos cargos e exerzan responsabilidades no procedemento, suxeitarase ao modelo I.A.2 deste anexo III.
2. Nos encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución, a DACI que deberá ser asinada polas persoas que ocupen altos cargos e exerzan responsabilidades suxeitarase ao modelo I.A.3 deste anexo III.

b) Réxime do conflito de intereses para o persoal empregado público

1. Nos procedementos de contratación e concesión de subvencións:

A análise do conflito de intereses realizarase sobre o persoal que participe nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, forme parte ou non dunha entidade executora ou dunha entidade instrumental.

 - i. Fase de preparación: a DACI que deberá ser asinada polo persoal que participe no procedemento, suxeitarase ao modelo I.B.1 deste anexo.
 - ii. Fase de valoración: a DACI do persoal que se especifica a continuación suxeitarase ao modelo I.B.2 deste anexo:
 - Contratos: órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.
 - Subvencións: órgano competente para a concesión e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

O persoal anterior asinará electronicamente as DACIs respecto dos participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de

subvencións. Esta formulación realizarase unha vez coñecidos os devanditos participantes.

A través da ferramenta informática referida no artigo 4 da Orde HFP 55/2023, analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que poida haber un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de intereses, entre as persoas antes mencionadas e os participantes en cada procedemento. Para estes efectos, considérase vinculación societaria susceptible de xerar un conflito de intereses cando esta supoña titularidade real, ou relación de vinculación de tipo administrador, directivo, ou pertenza ao consello de administración da empresa en cuestión.

Así mesmo, prevese un sistema específico de obtención de información sobre titularidades reais para os casos nos que para o licitador ou o solicitante de axuda non existan datos de titularidade real nas bases de datos da AEAT, entre outros supostos, no caso de determinadas entidades non residentes.

2. Nos encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución, a DACI que deberá será asinada polo persoal empregado público suxeitarase ao modelo I.B.3 deste Anexo III.

c) Previsións procedementais relativas ao conflito de intereses

1. Nos procedementos de contratación e concesión de subvencións:

No caso de subvencións de concorrencia masiva (máis de 100 solicitudes) a análise do risco de conflito de intereses realizarase segundo o establecido no Anexo III da Orde HFP 55/2023, mentres que nas subvencións non masivas (menos de 100 solicitudes) a análise de risco realizarase sobre o 100% das solicitudes recibidas.

- i. Fase de preparación: os procedementos estarán suxeitos ás previsións procedementais relativas ao conflito de intereses previstas no apartado 3.2.3 do plan xeral de prevención, empregando os modelos II.B e III.A deste Anexo III, en substitución dos modelos II e III do Anexo I, respectivamente.
- ii. Fase de valoración: os procedementos estarán suxeitos á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023.

A apreciación dun posible conflito de intereses na fase de valoración do procedemento articularase a través da ferramenta informática, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, ou calquera outra que a substitúa no futuro.

MINERVA ofrecerá o resultado da análise de risco de conflito de intereses ao responsable da operación, ao día seguinte, con tres posibles resultados:

a) «Non se detectaron bandeiras vermellas»; non se detectou ningunha circunstancia que poña de manifesto a existencia de risco de conflito de intereses, polo que o procedemento pode seguir o seu curso.

b) «Detectouse unhas/varias bandeiras vermellas»; detectáronse circunstancias que poñen de manifesto a existencia de risco de conflito de intereses.

O resultado reflectirá o NIF do decisor afectado e o NIF da súa parella de risco de conflito de intereses (licitador ou solicitante).

O responsable da operación deberá poñer a bandeira vermella en coñecemento do decisor afectado e do superior xerárquico do decisor afectado.

c) «Detectouse unha/varias bandeira/s negra/s: non existe información sobre risco de conflito de interese para o/os seguinte/seguíntes participantes, por tratarse dunha entidade/entidades sobre a cal/as cales non se dispón de datos»: non se atopou a titularidade real da persoa xurídica solicitante, circunstancia que impide a análise do conflito de intereses.

Este suposto pódese dar de forma simultánea con calquera dos dous anteriores resultados.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o **órgano competente para resolver o procedemento** poderá solicitar aos **licitadores** ou ás persoas solicitantes a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao **órgano competente para resolver o procedemento** no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control *ex ante* do risco de conflito de intereses, indicando, en lugar do licitador/solicitante, os titulares reais recuperados polo **órganos competentes para resolver o procedemento**.

O órgano responsable de operación recibirá o resultado da análise do conflito de intereses. Á súa vez, farao chegar aos órganos xestores dos proxectos e subproxectos (ou do seu equivalente en caso de instrumentais) nos que se integre a operación no sistema de información de xestión do PRTR.

Así mesmo, o resultado da análise será trasladado polo órgano responsable da operación ás persoas suxeitas á análise do risco do conflito de intereses.

Se o resultado da análise do risco de conflito de intereses de MINERVA arroxa unha bandeira vermella, actuarase do seguinte xeito:

a) Se a persoa afectada reconece a validez da información proporcionada por MINERVA e a pertinencia de ser apartada da tramitación, poderá declarar a existencia do conflito de intereses, DECI (modelo III.B deste Anexo III) e comunicar a súa abstención ao superior xerárquico no prazo de dous días hábiles.

Logo de recibir a comunicación, o superior xerárquico poderá:

- i. Resolver de forma motivada, aceptando ou rexeitando a abstención.
- ii. Instar ao responsable da operación para que solicite o informe do Comité de Ética, que deberá ser emitido nun prazo de dous días hábiles. Con este informe e, se é o caso, o resto de información dispoñible, resolverá de forma motivada, aceptando ou rexeitando a abstención.

Cando se acepte a abstención, nomearase unha persoa substituta sobre a que se realizará a mesma análise de risco de conflito de intereses e deberá asinar a DACI de forma inmediata para que continúe o procedemento.

b) Se a persoa afectada non reconece a validez da información proporcionada por MINERVA manifestará expresamente esta circunstancia de forma motivada ante o seu superior xerárquico e ratificará a súa ausencia de conflito de intereses mediante o asinamento dunha declaración de confirmación da ausencia de conflito de intereses (modelo II.A deste Anexo III) na que reflectirá a realidade da situación.

O responsable da operación solicitará información adicional a MINERVA por mor da falta de comunicación da abstención e remitiralla ao superior xerárquico.

O superior xerárquico da persoa afectada ordenaralle de forma cautelar que non realice ningún trámite no expediente.

Suspenderase a adopción de decisións administrativas ata o momento en que se resolva sobre a existencia do eventual conflito.

Alternativamente, de oficio ou a instancia do superior xerárquico poderá acudir ao Comité de Ética para que no prazo de dous días hábiles emita informe sobre a pertinencia da participación da persoa afectada no procedemento.

Con toda a información dispoñible, o superior xerárquico analizará os motivos de concorrencia do eventual conflito e resolverá de forma motivada:

- i. Aceptar a participación no procedemento da persoa afectada e, se é o caso, adoptar as medidas que impidan a existencia dun posible conflito.
- ii. A separación da persoa afectada de toda participación no procedemento.

Cando se acorde a separación do procedemento, nomearase unha persoa substituta, sobre a que se realizará a mesma análise de risco de conflito de intereses e deberá asinar a DACI de forma inmediata para que continúe o procedemento.

De todas as actuacións anteriores conservarase constancia documental que se arquivará no expediente.

A Xunta de Galicia poderá comprobar a información relativa ás declaracións de ausencia de conflitos de intereses por instancia da Intervención Xeral e a través de bases de datos dos rexistros mercantís, organismos nacionais e da UE, ou a través da utilización de ferramentas de prospección de datos ("data mining") no marco dos controis e auditorías que se poidan establecer.

Para os efectos dos procedementos de contratación e de concesión de subvencións, considerarase superior xerárquico a quen tivese designado aos membros da mesa de contratación ou da comisión de baremación.

2. Nos encargos a medios propios, convenios e outros instrumentos de execución, os procedementos estarán suxeitos ás previsións procedementais relativas ao conflito de intereses previstas no apartado 3.2.3 do plan xeral de prevención, empregando os modelos II.B e III.C deste Anexo III, en substitución dos modelos II e III do Anexo I, respectivamente.

8.8 Formación específica nos centros directivos que xestionen fondos PRTR

As secretarías xerais, direccións xerais e entes instrumentais, en particular as axencias públicas, poderán solicitar da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa que elabore unha formación específica, particularmente destinada ao seu persoal que xestione fondos do PRTR, en materia de integridade para os procesos e actividades xestionados polas mesmas.

8.9 Test de autoavaliación do risco nos procedementos de xestión

Co obxecto de avaliar se os procedementos incorporan e están a aplicar os principios de obrigado cumprimento, cómpre realizar o “Test de autoavaliación e risco” previsto no Anexo II da Orde HFP 1030/2021, que se estrutura en dous bloques:

1. Test de aspectos esenciais da xestión
2. Test de aspectos críticos:
 - a. Control da xestión
 - b. Fitos e obxectivos
 - c. Danos ambientais
 - d. Conflito de intereses, prevención da fraude e corrupción
 - e. Compatibilidade do réxime de axudas do Estado e evitar dobre financiamento.

Como resultado final, a partir das respostas dos cuestionarios, o procedemento de autoavaliación conclúe coa “cuantificación do risco”, na que é preciso acadar un nivel baixo. En caso contrario, adoptaranse medidas orientadas á mellora da xestión.

Este exercicio de autoavaliación realizarase de xeito recorrente, polo menos unha vez ao ano.

8.10 Modelos de declaración da ausencia ou existencia de conflito de intereses

8.10.1 Modelo I.A.1. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos. Fase de preparación nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.

DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES

Datos de identificación:.....

Núm. expediente:

Contrato/subvención (indicar tipo de procedemento). (*Denominación do expediente*).....

Intervención no procedemento:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaro:

Primeiro.

Estar informado/a do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.

2. Que en relación aos expedientes de contratación, o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como *«calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación»*.

3. Que o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia prevé que as persoas que ocupen altos cargos deberán realizar unha análise do eventual conflito de intereses á luz do contido das bases reguladoras e convocatorias de subvencións, así como dos pregos de contratación, cuxa concorrencia no procedemento puidese xerar algún tipo de influencia na obxectividade e imparcialidade da súa actuación. Analogamente, no momento da

proposta de concesión das axudas ou de adxudicación dos contratos deberán realizar unha análise das persoas propostas para adquirir a condición de beneficiarias ou contratistas respecto das que puidese existir un posible conflito de intereses.

4. Que o artigo 6 e o Anexo III.C da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) establecen como obrigatoria a subscripción dunha declaración de ausencia de conflito de intereses para as persoas que participen ou interveñan nos procedementos de execución do PRTR.

5. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) *Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*

b) *Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*

c) *Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*

d) *Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*

e) *Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».*

6. Que o artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que:

“1. A persoa que ocupe un alto cargo dos mencionados no ámbito de aplicación deste título deberá evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por supoñerlle un beneficio ou un prexuízo.

2. Para estes efectos, consideraranse intereses persoais:

a) *Os intereses propios.*

b) *Os intereses familiares, incluíndo os do seu ou do seu cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, así como os de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade e do segundo grao de afinidade .*

c) *Os das persoas coas cales teña unha cuestión litixiosa pendente.*

d) *Os das persoas coas cales teña amizade íntima ou inimidade manifesta.*

e) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas nas cales o alto cargo, o seu cónxuxe ou a persoa unida en análoga relación exercesen funcións de dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.

f) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás cales os familiares previstos na alínea b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que esta implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.

3. Os altos cargos non poderán ter, en por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un dez por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.”

Segundo.

Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no meu poder, non me atopo incurso/a en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses, nos termos previstos no Anexo III do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, e no artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e que non concorre en min ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións (indicar tipo de procedemento).

Terceiro.

Que me comprometo a poñer en coñecemento do superior xerárquico, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto.

Que coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

Sinatura

.....

8.10.2 Modelo I.A.2. Declaración da ausencia de conflito de intereses para altos cargos. Fase de valoración nos procedementos de contratación e concesión de subvencións.

DECLARACIÓN DA AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Datos de identificación:.....

Núm. expediente:

Contrato/subvención (indicar tipo de procedemento). (*Denominación do expediente*).....

Intervención no procedemento:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaro:

Primeiro.

Estar informado/a do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.

2. Que en relación aos expedientes de contratación, o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como *«calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación»*.

3. Que o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia prevé que as persoas que ocupen altos cargos deberán realizar unha análise do eventual conflito de intereses á luz do contido das bases reguladoras e convocatorias de subvencións, así como dos pregos de contratación, cuxa concorrencia no procedemento puidese xerar algún tipo de influencia na obxectividade e imparcialidade da súa actuación. Analogamente, no momento da proposta de concesión das axudas ou de adxudicación dos contratos deberán realizar unha análise das persoas propostas para adquirir a condición de beneficiarias ou contratistas respecto das que puidese existir un posible conflito de intereses.

4. Que o apartado 3 da Disposición Adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que *«A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses resulta*

de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

5. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

